Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 15/07/2021 11:20:22
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Número 171
15 de xullo de 2021

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.4. Acordos, resolucións ou propostas de comisións especiais ou de investigación

Aprobación polo Pleno do Parlamento, con modificacións, do Ditame da Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19 63603

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1. Procedementos parlamentarios
1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.4. Acordos, resolucións ou propostas de comisións especiais ou de investigación

Aprobación polo Pleno do Parlamento, con modificacións, do Ditame da Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19

O Pleno do Parlamento, na sesión do 13 de xullo de 2021, aprobou, con modificacións, por 38 votos a favor e 33 votos en contra, o Ditame da Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

DITAME

I. ANTECEDENTES PARLAMENTARIOS

1. Creación da Comisión

A Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19, foi creada pola Mesa do Parlamento, logo de audiencia da Xunta de Portavoces, na súa reunión de 15 de setembro de 2020.

A devandita Comisión constituíuse o día 8 de outubro de 2020 e quedou integrada polos seguintes deputados e deputadas:

G. P. Popular de Galicia (P):

Don Pedro Puy Fraga,
Dona María Encarnación Amigo Díaz
Don Diego Calvo Pouso
Don Alberto Pazos Couñago
Dona Paula Prado del Río
Don Ovidio Rodeiro Tato
Don Miguel Tellado Filgueira

G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Dona Ana Pontón Mondelo,
Dona Olalla Rodil Fernández
Dona Noa Presas Bergantiños

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

G. P. dos Socialistas de Galicia (S):

Don Gonzalo Caballero Miguez
Dona Paloma Castro Rey

Nesta sesión procedeuse á elección da Mesa, que quedou constituída polos seguintes membros:

Presidente: D. Diego Calvo Pouso

Vicepresidenta: Dª María Encarnación Amigo Díaz.

Secretaria: Dª Noa Presas Bergantiños

Na súa sesión do día 19 de outubro de 2020 aprobáronse as súas normas de funcionamento, en cuxo artigo 1 se establece que «*a Comisión créase co obxecto de estudar, analizar e realizar propostas de actuación política con base na experiencia da xestión dos últimos meses e dirixidas á reactivación económica, social e cultural de Galicia ante a crise orixinada pola pandemia da covid-19, coa finalidade de protexer a cidadanía fronte á crise e promover o progreso da comunidade*».

2. Aprobación do plan de traballo

Para a consecución do obxectivo fixado, a Comisión aprobou un plan de traballo na súa sesión do día 27 de outubro de 2020, no que se estruturaron as comparecencias e as solicitudes de información documental nas seguintes áreas temáticas:

- Economía
- Política social
- Sanidade
- Educación
- Cultura
- Institucional
- Igualdade

3. Comparecencias

A Comisión realizou vinte e catro sesións de traballo nas que compareceron as seguintes persoas:

<u>3 de novembro de 2020, ás 12.30 horas</u>

- Don Francisco Conde López (vicepresidente 2º e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación)

<u>3 de novembro de 2020, ás 16.00 horas</u>

- Don Edelmiro López Iglesias (profesor titular na USC - Departamento de Economía Aplicada)

<u>4 de novembro de 2020, ás 10.30 horas</u>

- Don Miguel Corgos López-Prado (director xeral de Planificación e Orzamentos)

<u>5 de novembro de 2020, ás 10.30 horas</u>

- Don Santiago Lago Peñas (director do Foro Económico de Galicia)

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Don Fernando González Laxe (expresidente da Xunta de Galicia e catedrático de Economía Aplicada na UDC)

5 de novembro de 2020, ás 16.00 horas

- Don Emilio Bruquetas Serantes (director xeral de Reganosa e membro do Comité de expertos económicos)
- Don Cesáreo González Pardal (presidente do Clúster de Turismo en Galicia)

6 de novembro de 2020, ás 10.30 horas

- Dona Elena Lendoiro Belio (representante da Rede Galega pola Investigación, Investigal)
- Don Manuel José Vázquez Lima (coordinador do Servizo de Urxencias do Hospital do Salnés e presidente da Sociedade de Urxencias e Emerxencias de Galicia-SEMES Galicia)

6 de novembro de 2020, ás 16.00 horas

- Dona Catuxa Lagarón Mallo (representante de Enfermeiras en Loita)

9 de novembro de 2020, ás 16.00 horas

- Don Gustavo Gómez Martín (socio director de Bahía Software)
- Don Manuel Martín García (portavoz da Plataforma SOS Sanidade Pública)

12 de novembro de 2020, ás 10.55 horas

- Dona Estrella López-Pardo Pardo (directora de Procesos e Soporte na Área Sanitaria do Salnés)
- Dona Susana Aldecoa Landesa (presidenta da Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria – AGAMFEC)

12 de novembro de 2020, ás 16.00 horas

- Don Miguel López del Pueyo (voceiro de Médicas Precarias)
- Don Antonio Fernández-Campa García-Bernardo (xerente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, ACIS)

13 de novembro de 2020, ás 10.00 horas

- Dona Paula Gundín González (directora das escolas infantís "Os Pequerrechos")
- Dona Josefina Fernández Miguélez (Conselleira Delegada de Domus VI)

16 de novembro de 2020, ás 16.00 horas

- Don Fernándo Lamelo Alfonsín (coordinador do equipo covid-19 nas residencias CHUAC)
- Don José Luis Gavela Varela (presidente da Fundación San Rosendo)

17 de novembro de 2020, ás 16.05 horas

- Dona Eloína Injerto López (presidenta de EAPN Galicia- Rede Galega Contra a Pobreza)
- Don Iker Sertucha Lista (presidente de CERMI Galicia)

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

18 de novembro de 2020, ás 10.30 horas

- Don Jose Luis Mira Lema (secretario xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa)
- Dona Carmen Fernández Morante (decana da Facultade de Ciencias da Educación)

18 de novembro de 2020, ás 16.00 horas

- Dona María Fernández González (membro do Comité Educativo - vicedirectora da Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra)
- Don Xesús Bermello García (secretario nacional da CIG-Ensino)

19 de novembro de 2020, ás 10.00 horas

- Don Julio E. Abalde Alonso (reitor da Universidade da Coruña)
- Don Antonio López Díaz (reitor da Universidade de Santiago de Compostela)
- Don Manuel Joaquín Reigosa Roger (reitor da Universidade de Vigo)
- Don José Manuel Leis Blanco (director do CIFP Politécnico de Santiago)
- Don Fernando Lacaci Batres (presidente da Confederación ANPAS galegas)

19 de novembro de 2020, ás 16.00 horas

- Dona María del Carmen Quintas Cruceira (xerente de Ficción Producciones)
- Don Xosé Carlos Ares Pérez (guionista e produtor de televisión)

20 de novembro de 2020, ás 10.00 horas

- Don Abel Caballero Álvarez (presidente da FEMP e alcalde de Vigo)
- Don Agustín Hernández Fernández de Rojas (presidente do CES)
- Don Paulo Simón Carril Vázquez (secretario xeral da CIG)

20 de novembro de 2020, ás 16.00 horas

- Dona María Bastida Domínguez (profesora e doutora da Área de Organización de Empresas na USC)
- Dona Carmen Castro García (doutora en Economía na USC - investigadora especializada en políticas europeas de xénero)

23 de novembro de 2020, ás 16.00 horas

- Don Jose María Gómez y Díaz-Castroverde (presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia)
- Don Alberto Varela Paz (presidente da FEGAMP e alcalde de Vilagarcía de Arousa)

26 de novembro de 2020, ás 10.00 horas

- Don Miguel Anxo Fernández Lores (alcalde de Pontevedra)
- Don José Crespo Iglesias (alcalde de Lalín)
- Don José Antonio Gómez Gómez (secretario xeral de UXT)
- Don Ramón Sarmiento Solla (secretario xeral do Sindicato Nacional de CC.OO.)

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

27 de novembro de 2020, ás 10.00 horas

- Dona Sonia Jalda Cores (represente do Colectivo TREGA Traballadores de Residencias de Galicia)
- Don Paulino Campos Fernández (presidente da Federación Galega de Asociacións de Familiares e Usuarias de Residencias e da Dependencia, REDE)
- Don Antón Acevedo Prado (director xeral de Atención Integral Sociosanitaria)

27 de novembro de 2020, ás 16:00 horas

- Don Francisco Núñez Alonso (director do Centro Dramático Galego)
- Don Marcos Lorenzo Gallego (coordinador do posgrao en Xestión Cultural da USC e técnico de Cultura no Concello de Ferrol)

15 de decembro de 2020, ás 10:05 horas

- Don Francisco José Conde López (vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación)

21 de abril de 2021, ás 10:00 horas

- Don Francisco José Conde López (vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación)

4. Información documental

Ademais, recibiuse a seguinte documentación prevista no plan de traballo:

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias da Xunta de Galicia

- Estratexia Sergas 2020.
- Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19.
- Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde.
- Informe do SERGAS sobre os contratos de subministración por trámite de urxencia realizados durante a crise sanitaria.
- Informe do SERGAS sobre perspectivas de mellora na prestación farmacéutica.
- Documento de revisión: Plan de prioridades sanitarias 2014-2016
- Informe sobre as necesidades de axilización administrativa.
- Plan de Reactivación e Dinamización.
- Informe financeiro do Plan de Reactivación e Dinamización.
- Informe sobre o corredor atlántico noroeste.
- Informe sobre o Plan de Acción para mellora da competitividade da cadea de valor da loxística ante o reto da economía baixa en carbono (Galicia Green Logistics)
- Informe de avaliación intermedia da RIS3 Galicia 2014-2020.
- Estudo custo-beneficio que acredita a rendibilidade social e económica da saída sur de Vigo.
- Documentación remitida á Unión Europea para acceder aos fondos de reconstrución Next-Generation UE, e ao novo programa operativo FEDER 2021-2027, nomeadamente a estratexia de crecemento verde de Augas de Galicia.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Estratexia de Transformación Dixital e de Infraestruturas para o Fomento da Intermodalidade no Sistema de Transporte Público de Galicia.
- Proposta sobre as rebaixas das peaxes da AP-9 remitida ao Ministerio de Fomento.
- Estratexia do Turismo de Galicia 2020.
- Reactivación da Cooperación de Proximidade na fronteira do norte de Portugal con Galicia.
- Estratexia Galega de Acción Exterior.
- Informe sobre Plan de Recuperación para Europa.
- Informe sobre Plan de Reactivación da xustiza de Galicia.
- Plan de Recuperación Social de Galicia.
- Documentación a disposición da Consellería de Política Social relacionada coas intervencións públicas realizadas nas residencias de maiores privadas desde a declaración de emerxencia sanitaria ate a actualidade.
- Dossier Next-Generation Galicia.
- Informe sobre a xestión de residuos sanitarios xerados pola covid-19.
- Informe sobre a Estratexia Galega de Economía Circular.
- Informe sobre a Estratexia Galega de Cambio Climático.
- Informe do Instituto da Xuventude Galicia.
- Informe sobre o número de inspeccións ás residencias de maiores por parte da Inspección dependente da Consellería de Política Social nos últimos catro anos. Resolución destas e tipo de sanción, de ser o caso.
- Documentos finais do recente Plan de Atención Primaria (que contén tanto o Plan de Atención Primaria como os documentos de avaliación do cumprimento das medidas a curto e medio prazo)
- Informe do Observatorio ou do Consello Galego de Acción Voluntaria.
- Informe do SERGAS sobre posible secuelas a longo prazo na poboación que padeceu a covid-19.
- Informe do SERGAS sobre os efectos da crise sanitaria na saúde mental.
- Informe do que supón a I+D+i nesta crise económica e sanitaria provocada pola covid-19 en Galicia e os proxectos en I+D+i que se están levando a cabo para loitar contra ela.
- Informe sobre cales foron as distintas medidas para reducir ao máximo posible ese impacto da covid-19 no sector do pequeno e mediano comercio.
- Informe sobre as axudas directas para paliar os estragos económicos que a covid-19 está a ter no sector da hostalaría e ocio nocturno en Galicia.
- Pacto Social pola Vivenda 2021-2025.
- Informe sobre o solo empresarial.
- Informe sobre a rehabilitación de vivendas.
- Informe sobre a inserción laboral de titulados de FP de Galicia e de titulados da SUG.
- Estratexia Galega para a Educación Dixital 2020 – Educadixital.
- Protocolos da covid-19 sanitario-culturais da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e enlace aos diferentes protocolos covid-19 no ámbito educativo.
- Informe sobre os Festivais de Galicia.
- Avaliación do Plan de Reactivación Cultural e Turística polos efectos derivados da covid-19.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Informe do Consello de Bioética para avaliar a atención prestada durante a emerxencia sanitaria ás patoloxías non covid-19.
- Informes técnicos elaborados ou remitidos ao Comité Clínico sobre a evolución da covid-19 desde a declaración de emerxencia sanitaria até a actualidade.
- Informe prediagnóstico, estudo de tecnoloxías emerxentes para a transformación da formación para o emprego.
- Informe sobre a xestión da pandemia da covid-19 nas residencias.
- Análise dos retos de esta época a nivel demográfico tralo impacto da covid-19.
- Informe sobre as liñas xerais do novo modelo de residencias.
- Informe sobre o impacto da covid-19 no mercado laboral galego.
- Informe do Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA).
- Informe da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).
- Informe sobre o comportamento, necesidades e potencialidades do sector primario.
- Copia do Plan de Reactivación e Dinamización do Medio Rural Galego.
- Plan AVANTEMAR de Recuperación do Sector Marítimo-Pesqueiro e da Cadea Mar-Industria elaborado pola Consellería do Mar.
- Informe do Instituto para o Control de Medio Mariño de Galicia.
- Informe do Consello Galego de Pesca sobre o impacto da crise da covid-19 no sector que representa e propostas de futuro para superala.
- Informe sobre as previsións e melloras de infraestruturas sanitarias.
- Informe sobre a adaptación ás medidas de seguridade sanitaria para persoas e empresas do sector turístico.
- Propostas de actuación do Grupo de Traballo para o Xacobeo 2021.
- Plan de Reactivación do Sector Turístico e medidas complementarias 2020.
- Plan de Continxencia da covid-19 dos hospitais galegos.
- Informe de derivacións a centro concertado 2011-2019 (Sanidade)
- Catálogo de perfís profesionais de futuro e novas titulacións e especialidades universitarias.
- Informe sobre festivais de Galicia.
- Informe sobre impacto de xénero da covid-19 e medidas a adoptar para paliar e corrixir as desigualdade entre mulleres e homes.
- Informe sobre acción e avaliación da Secretaría Xeral de Igualdade durante a covid-19.
- Informe sobre os Centros de Información ás Mulleres da Secretaría Xeral de Igualdade.
- Informe sobre os protocolos asistenciais e de rastrexo elaborados durante a crise sanitaria polo SERGAS.
- Informe sobre a actividade formativa do SERGAS.
- Informe sobre a situación real do cadro de persoal do SERGAS.
- Informe sobre a contratación extraordinaria de persoal realizada polo SERGAS durante a crise sanitaria.
- Informe covid-19 do Consello de Bioética de Galicia.
- Informe covid-19 do Consello Asesor de Pacientes.
- Informe da Comisión do Mexillón.
- Informe do Observatorio Demográfico.
- Informe do SERGAS sobre a previsión de necesidades futuras de recursos humanos.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Informe sobre contratación de persoal no sistema sanitario público.
- Copia dos expedientes das análises de augas residuais realizadas como sistema de detección precoz da covid-19 remitida pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.
- Actas da reunión do comité clínico e educativo sobre o inicio do curso escolar 2020-2021 e as medidas adoptadas fronte á pandemia así como o seu impacto na comunidade educativa pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade

Servizo de Asistencia Parlamentaria da Administración do Parlamento de Galicia

- Impacto del coronavirus sobre el empleo en España. Servicio de Estudios de la Confederación de UGT. Marzo 2020.
- Comparecencia do Gobernador do Banco de España, acordada pola Comisión para a Reconstrución Social e Económica, para informar en relación co obxecto da mesma.
- Informes de Proxección económicas 2020-2022 do Banco de España.
- "Por un pacto político y social en torno a una estrategia de reactivación y crecimiento inclusivos." Informe do Grupo de Traballo covid-19. FEDEA Policy paper no. 2020-18/19.
- "El impacto de la crisis del covid sobre el PIB de las CCAA en 2020: una primera aproximación". FEDEA, Apuntes 2020-14.
- Foro económico de Galicia. Informe de Conxuntura socioeconómica. Especial impacto da covid-19 na economía galega (2ªentrega)
- "Impacto del covid-19 sobre el déficit y la deuda en 2020: más dañino de lo inicialmente previsto". FUNCAS. Cadernos de Información Económica, nº 278 (setembro-outubro)
- "Situación del emprendimiento en España ante la crisis del COVID-19 Análisis y recomendaciones" Observatorio do Emprendemento de España (Red GEM España).
- "El Impacto Macroeconómico del Coronavirus y de las Políticas de Estabilización en España".
- "Observatorio Regional España. 4º trimestre 2020". BBVA Research.
- Declaración para a reactivación económica e social de Galicia, asinada polos sindicatos e CEG do 23 de setembro.
- Informe final da Comisión de Expertos Económicos para afrontar a crise provocada pola covid-19.
- Plan Estratéxico de Galicia e toda a documentación relativa a el.
- Copia da Estratexia Loxística de Galicia, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Estratexia Integral de optimización loxística de Galicia da Consellería de Economía, Emprego e Industria
- Informe ATA sobre a situación dos traballadores autónomos en Galicia tras a crise da covid e propostas de actuación. Federación Nacional de Trabajadores Autónomos-ATA. Informe pérdida empleo autónomo. Agosto 2020.
- Informe do IGVS sobre a rehabilitación de vivendas. Informe sobre os programas de rehabilitación dirixidos aos concellos. 2019.
- Informe do IGVS sobre o solo empresarial. Informe sobre medidas adoptadas en materia de solo empresarial como consecuencia da covid-19. Comunicado de prensa do Consello da Xunta do 20 de maio de 2020.
- Copia dos pregos da Estratexia Loxística de Galicia 2020-2028, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Servizo de asistencia técnica para elaboración da análise e

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

planificación das infraestruturas para a estratexia loxística de Galicia 2020-2028, así coma o asesoramento para a súa posta en funcionamento (Expediente 3/2020 M).

- Copia dos pregos da Estratexia Loxística de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Contratación suxeita a regulación harmonizada, documentalmente simplificada, polo procedemento aberto multicriterio, tramitación ordinaria do contrato de servizo para a realización de: redacción da Estratexia Galega de Mobilidade e do Plan Director de Estradas de Galicia
- Plan de reactivación do sector turístico de Galicia (Axencia Turismo de Galicia) Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19.
- Informe sobre o plan de reactivación económica, da Consellería de Facenda e Administración Pública. Acordo do Consello da Xunta do 5 de xuño de 2020 polo que se aproba o Plan de reactivación e dinamización económica 2020.
- Informe de AGEINCO (Clúster da Enxeñería e Servizos Tecnolóxicos) sobre o impacto da crise da covid-19 no sector que representa e propostas de futuro para superala. Encuesta sobre el impacto covid-19 en las empresas de ingeniería de España: Informe mayo 2020.
- Informe ao Grupo de Economía Pesqueira da USC "Impacto do Brexit no sector pesqueiro e repercusión da pandemia"
- Copia do informe El material de construcción sostenible del S XXI, Consello de Administración Forestal (FSC).
- Copia do informe Evaluación Intermedia de la Estrategia de Especialización Inteligente 14-20 (RIS), GAIN
- Copia do informe sobre Estratexias Galega de Economía Circular e de Estratexia Cambio Climático e Enerxía 2050 xa aprobadas, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- Informe IGVS sobre o Pacto Social pola Vivenda en curso
- Informe ao Goberno de España da documentación relativa ao impacto da covid-19 nas residencias nas distintas comunidade autónomas.
- Copia do documento Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde (Consellería de Sanidade).
- Copia do Plan de saúde mental (Consellería de Sanidade) PLAN DE SAÚDE MENTAL DE GALICIA POSCOVID-19. PERÍODO 2020-2024.
- Copia do Informe PISA (Consellería de Cultura, Educación e Universidade)
- Protocolos de covid-19 educativos-sanitarios. Protocolo de Adaptación ao Contexto da covid-19 nos Centros de Ensino Non Universitario de Galicia para o Curso 2020-202
- Copia do Plan de Reactivación Cultural de Galicia. Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19
- Memoria anual de actividades culturais de Galicia (tres últimos anos), (Consellería de Cultura, Educación e Universidade).
- Informe do Consello da Cultura Galega. Conxuntura estatística do ámbito cultural. Outubro de 2020
- Copia do informe do Ministerio de Igualdade e do Instituto da Muller: "A perspectiva de xénero, esencial na resposta á covid-19"
- Informe sobre o Plan de reforzo para as mulleres vítimas de violencia de xénero da Secretaría Xeral de Igualdade.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Informe sobre os residuos xerados pola COVID-19 e a súa xestión.
- Xestión de residuos nas industrias - COVID-19
- Copia da Estratexia Galega para a Infancia e Adolescencia.
- Copia do Plan de Inspección de Servizos Sociais de Galicia para o ano 2020.
- Copia do Plan de atención ás persoas sen fogar en Galicia 2019-2023.
- Copia da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020.
- Informe do Plan de transporte público de Galicia.
- Copia do Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020.
- Copia do Plan de Dotación de Infraestruturas Educativas en Galicia 2016- 2021. informe de execución e actualización do Plan de Dotación de Infraestructuras Educativas en Galicia 2016-2021.
- Estratexia Galega de Acción Exterior.
- Estratexia 2020 do Turismo de Galicia.
- Memoria Anual da Cidade da Cultura de Galicia (tres últimos anos)
- Igualmente, recibiuse diversa documentación achegada polas persoas comparecentes.

Federación Galega de Confrarías de Pescadores

- Informe sobre o impacto da covid-19 no sector pesqueiro e marisqueiro no ámbito da Federación Galega de Confrarías de Pescadores

D. José Julio Fernánde Rodriguez (USC)

- Visión constitucional sobre alternativas xurídicas para afrontar emerxencias sanitarias no contexto actual.

Confederación de Empresarios de Galicia

- Informe sobre o impacto da crise da covid-19 no sector que representa e propostas de futuro para superala

Conxemar

- Informe sobre o impacto da crise da covid-19 no sector que representa e propostas de futuro para superala

Asociación Diversidades Acolle

- Informe sobre o impacto da crise da covid-19 na pobreza e exclusión social en Galicia 2020

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

- Informe sobre o impacto da crise da covid-19 no sector que representa e propostas de futuro para superala

Asociación de Familias de Menores Trans –Arelas

- A situación das crianzas e xuventude trans en tempo de pandemia: esquecemento e invisibilización.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Foresgal Foro pola Economía Social Galega

- Propostas de futuro do sector da economía social para superar a crise derivada da covid-19

Federación Gallega de la Construcción

- Informe sobre o impacto da crise da covid-19 no sector que representa e propostas de futuro para superala

Sindicato Labrego Galego

- Informe sobre o impacto da crise da covid-19 no sector que representa e propostas de futuro para superala

Consello Social Universidade de Vigo

- Informe sobre o impacto da crise da covid-19 no sector que representa e propostas de futuro para superala

Consello Social da USC

- Informe sobre o impacto da crise da covid-19 no sector que representa e propostas de futuro para superala

Universidade de Vigo

- Informe sobre o impacto da crise da covid-19 e as repostas dadas nos cursos 2019-2020 e 2020-2021

UNICEF

- Informe sobre o impacto da covid-19 na infancia en Galicia.

Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e de Ourense

- Informe sobre a reactivación económica, social e cultura de Galicia pola crise da covid-19

Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

- Informe sobre o impacto da covid-19 na atención xudicial

Consello Social da Universidade da Coruña

- Informe sobre o impacto da crise da covid-19 no sector que representa e propostas de futuro para superala

Anfaco-Cecopesca

- covid-19 impactos en las empresas del sector transformador y conservero de produtos de la pesca y la acuicultura en España

Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia (caixa de suxestións)

- Achegas á Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Instituto Resiliencia (caixa de suxestións)

- Resiliencia, reagrarización e poscrecemento na Galicia poscovid-19

Mobiliza Ourense (caixa de suxestións)

- Participación cidadá na Comisión de reactivación pola covid-19

ACDgal Asociación de centros de día de Galicia (caixa de suxestións)

- Informes sobre o impacto da covid-19 nos centros de día de Galicia

Coordinadora Galega de ONG para o desenvolvemento (caixa de suxestións)

- A solidariedade e a cooperación como resposta: da crise sáese cooperando.

Asociación galega de inmobiliarias

- Informe sobre solucións técnico-xurídicas para os alugueiros de locais e vivendas de actividades e persoas afectadas por peches polo decreto do estado de alarma

5. Designación da Ponencia e elaboración do proxecto de ditame

A Comisión, na sesión do día 25 de febreiro de 2020, designou as e os seguintes ponentes:

G. P. Popular de Galicia (P):

Don Pedro Puy Fraga (titular).

Don Jose Alberto Pazos Couñago (suplente).

G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Dona Olalla Rodil Fernández (titular).

Dona Noa Presas Bergantiños (suplente).

G. P. dos Socialistas de Galicia (S):

Dona Paloma Castro Rey (titular).

Don Pablo Arangüena Fernández (suplente).

A Ponencia reuniuse os días 11 e 15 de xuño de 2021 para elaborar, por maioría, o proxecto de ditame.

II. CONSIDERACIÓNS

A) INTRODUCIÓN

1. A pandemia orixinada polo virus SAR-CoV-2 provocou unha crise sanitaria, económica e social inédita no último século da historia da humanidade, que estende os seus efectos por todos os países e afectou todas as persoas, con independencia da súa idade ou condición. Porén, non todas as persoas se viron afectadas en igual medida pola crise pandémica. No ámbito da saúde, a covid-19 golpeou con especial virulencia as persoas maiores, con intenso impacto nas residencias dedicadas á súa atención. No ámbito económico, os sectores máis vencellados aos servizos presenciais, que viron como as medidas adoptadas limitaron intensamente a súa actividade, de forma total nos peores

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

momentos de expansión dos contaxios como consecuencia dos confinamentos. E no ámbito social, as familias con menores recursos e, de forma específica, as mulleres, e a infancia e a mocidade.

2. Desde o comezo da pandemia en marzo de 2020 ata os primeiros días do mes de xuño de 2021, contaxiáronse en Galicia máis de 128.000 persoas. Ata o día 16 de xuño 2.430 galegos e galegas faleceran sendo positivos da covid-19 (o 1,9 % dos contaxiados). E preto de 125.000 persoas superaron a enfermidade (o 97,1 % do total de contaxiados, algunhas delas, todas as que o precisaron, tras serenospitalizadas); e unha parte destacable delas sofre aínda algunha das secuelas da enfermidade. Ese mesmo día, 1.355 persoas permanecían, a inmensa maioría nos seus domicilios, illadas por estaren infectadas. O Parlamento de Galicia, a través da súa Comisión Especial de Estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19, manifesta, recollendo o sentir de toda a sociedade galega, o seu pesar e a súa dor con todas as persoas falecidas e as súas familias; e a súa solidariedade con todos e todas aqueles que sufriron en soidade a enfermidade nas Unidades de Coidados Intensivos, nos hospitais, nas residencias de persoas maiores, ou nos seus domicilios. O seu sufrimento estivo sempre, e continúa a estar, na memoria de todos e todas nós.

3. O Parlamento de Galicia, a través da súa Comisión Especial de Estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia, tamén expresa, en nome de toda a sociedade á que representa, o agradecemento da nosa sociedade a todas aquelas persoas que contribuíron co seu esforzo e sacrificio a superar a crise sanitaria provocada pola covid-19. Agradecemento ao persoal sanitario; ao persoal dos servizos sociais, e particularmente ao das residencias de maiores; ás traballadoras e traballadores dos servizos esenciais, que garantiron durante os confinamentos, e continúan a garantir, a alimentación e o abastecemento de bens básicos á poboación: aos produtores de alimentos no medio rural, ás persoas do sector do transporte e das canles de distribución, e ao persoal dos puntos de venda ao público; ás traballadoras e traballadores dos servizos de limpeza; aos empregados e empregadas dos servizos de comunicación, de información, de abastecemento de enerxía e de auga potable; aos empregados e empregadas públicas que sostiveron o funcionamento dos servizos administrativos esenciais nos servizos públicos, en xeral, e nos de emprego en particular; aos investigadores e científicos que contribuíron a avanzar no desenvolvemento de solucións acaídas aos diferentes problemas que xurdiron a consecuencia da pandemia... A Comisión salienta o feito de que en boa parte dos sectores económicos mencionados a maioría do traballo é desempeñado por mulleres. A xenerosa dedicación destas traballadoras e traballadores, tanto no sector público como nas actividades esenciais de mercado, permitiu reducir, paliar e acurtar no tempo a dimensión da traxedia, e foi exemplo e acicate permanente para o traballo da Comisión e do conxunto da Cámara.

4. A inicios do ano 2020, a sociedade galega camiñaba na recuperación económica e social tras a fonda crise financeira iniciada no ano 2008, algúns de cuxos efectos aínda se percibían entre nós. A sociedade galega afrontaba tamén reformas insoslaiables para encarar os retos de futuro, moitos deles comúns aos das sociedades desenvolvidas: o reto demográfico; o reto da transformación da estrutura produtiva, aproveitando os procesos de dixitalización e as oportunidades que xeran as novas tecnoloxías, para avanzar cara a unha economía máis competitiva, produtiva e xeradora de empregos

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

estables e ben retribuídos; o reto de contribuír á sustentabilidade medioambiental, e avanzar no cumprimento dos obxectivos da Axenda 2030 aprobada pola ONU; o reto de continuar avanzando na igualdade de oportunidades e a equidade social; o reto de mellorar os servizos públicos, en particular a sanidade, a educación e os servizos sociais, para garantir a calidade de vida de todos e mellorar e facer sustentable o Estado do benestar; o reto de facer máis eficiente, transparente e próxima a Administración xeral da Comunidade Autónoma; o reto de continuar avanzando na cohesión territorial, tanto co resto de España e a Unión Europea, como entre a Galicia urbana e a rural; o reto de o facer conservando e impulsando o papel que os nosos elementos identificadores, lingua e cultura, constitúen como instrumentos de identificación e participación na cultura universal; o reto de consolidar as nosas institucións de autogoberno e reforzar as canles de cooperación e coordinación coas administracións locais, coas demais comunidades autónomas, coa Administración xeral do Estado, e coa Unión Europea; o reto de lle dar oportunidades de todo tipo á mocidade; o reto, en definitiva, de facer de Galicia, igual que o fixeron as xeracións que nos precederon, un país mellor no que vivir para as xeracións que nos sucederán.

5. A Comisión Especial de Estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia afronta a conclusión do seu traballo, a diferenza doutras institucións parlamentarias (e como consecuencia do noso específico calendario electoral), coa información dispoñible despois de 15 meses de convivencia e xestión da pandemia; e, por tanto, con máis certezas das que existían cando comezou. Experiencias que foron transmitidas á Comisión polas persoas e representacións que nela compareceron, ou que remitiron informes específicos; persoas e institucións ás que o Parlamento lles agradece a súa presenza e as súas achegas. Experiencias das que se pode concluír que, con carácter xeral, a pandemia exixe e á vez impulsa e acelera as reformas que estabamos, como sociedade, xa acometendo, e que na nova situación se fan aínda máis urxentes. A Comisión elabora este informe cando a crise sanitaria propiamente dita encara a súa solución grazas ao rápido avance dunha exitosa campaña de vacinación, e coñecendo que Galicia contará co apoio financeiro dos novos e extraordinarios Fondos Next Generation da Unión Europea, a través do Goberno de España, que será o que determine a contía, extensión e distribución territorial dos fondos. Permanecen, non obstante, moitas incertezas, tanto sobre os efectos reais da crise sanitaria no conxunto da nosa sociedade e na nosa economía como sobre a contía e extensión dos apoios europeos que facilitarán a recuperación.

6. O Ditame da Comisión elabórase e preséntase á sociedade aproveitando o coñecemento derivado da experiencia acumulada nos últimos meses, pero coas incertezas sobre o impacto real global da crise na evolución futura da nosa economía e sobre os medios dos que realmente disporemos para afrontar as necesarias reformas. Mais elabórase tamén co convencemento de que Galicia, como sempre fixo na súa historia, superará exitosamente esta crise de forma solidaria.

B) ÁREAS DE ACTUACIÓN

ÁREA ECONÓMICO-FINANCEIRA

7. A pandemia sanitaria do virus SARS-CoV-2 e as medidas adoptadas polos distintos gobernos, particularmente as restricións á actividade económica derivadas dos confinamentos e as restricións á mobilidade, xeraron unha recesión económica sen

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

parangón ao longo do último século, con caídas da produción en todas as economías desenvolvidas. O impacto na economía española ten sido o máis intenso de entre as economías desenvolvidas da nosa contorna.

8. Tanto os informes realizados polos organismos internacionais, como a maioría dos remitidos á Comisión, coinciden coa opinión expresada polos expertos económicos que compareceron nela. Os elementos chave para a recuperación económica céntranse, fundamentalmente, nas seguintes actuacións:

    9. Primeira, como requisito previo que condiciona toda actuación no ámbito económico, apoiar en todo o necesario aos servizos públicos de saúde, dotándoos de medios reforzados para a atención das persoas contaxiadas e, unha vez que xa están á disposición das autoridades sanitarias distintas vacinas, acelerando todo o posible o proceso de vacinación da poboación ata que se acade a "inmunización de rabaño", que permitirá recuperar a normalidade na actividade económica en todos os sectores.
    10. Segunda, e tendo en conta que o impacto das medidas sanitarias é asimétrico na caída da actividade segundo cal sexa o sector ou subsector produtivo, apoiar con axudas directas os traballadores e as empresas, para evitar unha caída das rendas das familias e outorgar liquidez ás empresas, particularmente ás pequenas e medianas, por contaren, en termos xerais, con menores marxes de resistencia.
    11. Terceira, recuperar todos aqueles proxectos e investimentos que estivesen en marcha no momento de paralizarse a economía a consecuencia da pandemia, e que se viron afectados polos confinamentos. Tanto os proxectos públicos como, na medida do posible e tamén con apoio público, os proxectos de investimento privados.

12. Porén, advírtense diferenzas significativas entre as distintas áreas económicas e os distintos países. En primeiro lugar, en función da composición estrutural das economías respectivas, sendo maior o impacto naqueles países que dependían máis de sectores moi abertos á economía internacional, e particularmente ao sector turístico. Así mesmo, canto máis intensas foron as medidas restritivas da actividade (no extremo, confinamentos totais duradeiros e con mantemento tan só dos sectores esenciais), maior resulta a caída do PIB. Finalmente, as políticas de transferencias directas de rendas ás familias e ás empresas para compensar as consecuencias da paralización económica contribuíron en boa medida a mitigar a caída do PIB, sendo máis intensas naqueles países que se atopaban nunha situación das súas contas públicas máis equilibrada tras a crise financeira do 2008; e, en sentido contrario, aqueles países cunha menor capacidade de resposta fiscal sufriron caídas do PIB superiores.

13. A caída do PIB galego (evolución entre xaneiro e decembro do 2020) foi do -8,9 %, dous puntos menos que a do PIB do conxunto de España (-10,8 %), pero 2,6 puntos máis que a media da Unión Europea. O impacto económico da pandemia prodúcese nun momento en que a economía galega encadeaba varios anos de crecemento económico, polo que cómpre adoptar todas aquelas medidas que permitan recuperar as taxas de crecemento e de emprego previas á pandemia.

14. Porén, a recuperación do crecemento e a volta á situación anterior non pode ser o único obxectivo das actuacións públicas dirixidas a superar a recesión xerada pola pandemia. A

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

economía galega, igual que o conxunto da española e a europea, xa estaba suxeita, tras a crise financeira do 2008, a procesos de transformación estrutural, nos que cómpre impulsar transformacións de forma decidida. A pandemia deixou en evidencia a importancia de acelerar estas transformacións, e a reacción das autoridades económicas europeas (o Banco Central, a Comisión e o Consello), ao facilitar recursos directa (Fondos *Next Generation EU*-NGEU) e indirectamente (mecanismos de compra de débeda pública), brindan unha oportunidade única para impulsar a transformación do tecido produtivo cara á súa dixitalización, sustentabilidade medioambiental, inclusividade, igualdade e resiliencia diante de posibles crises futuras, sexan de orixe sanitaria ou de calquera outra.

15. Por todo iso, e en liña coas recomendacións formuladas polos expertos comparecentes e os informes dos organismos e institucións económicas independentes internacionais e españolas, a Comisión considera que, con carácter xeral, a Xunta debe seguir unhas liñas de actuación xenéricas, que posteriormente se verán reflectidas nas medidas específicas sectoriais que se enumeran a continuación. Estas liñas xenéricas de actuación son:

    16. Manter o apoio económico directo, mentres persistan os efectos da crise sanitaria, aos sectores máis prexudicados por unha crise económica que afectou de forma asimétrica os distintos sectores produtivos. Os apoios económicos directos deberán manterse ata a definitiva volta á normalidade, adaptándose á situación concreta de cada un dos sectores afectados.

    17. A retirada dos apoios directos deberá ser paulatina, garantindo a viabilidade daquelas empresas ou actividades que son viables por si mesmas, e que poderían crebar como consecuencia das medidas restritivas adoptadas para a prevención e erradicación da epidemia da covid-19.

    18. Por estes motivos, a Comisión, partindo do feito de que a política de ingresos públicos é a cara complementaria das políticas de gasto no conxunto das políticas orzamentarias anti-crise, estima que as administracións públicas en xeral, e a autonómica en particular, deben continuar apoiando tamén, desde a perspectiva da tributación, o incremento da liquidez das empresas e das familias. Fundamentalmente, non incrementando a presión fiscal, facilitando o aprazamento das débedas tributarias e mantendo a rapidez no pagamento aos provedores da Administración autonómica.

    19. En relación co apoio ao tecido produtivo, os investimentos financiados, apoiados publicamente ou promovidos en colaboración público-privada, deberán orientarse ás finalidades explicitadas nos plans europeo e nacional para a recuperación, a transformación e a resiliencia. Nomeadamente: a transformación dixital, a mellora da produtividade, a mellora da formación e da empregabilidade, a sustentatibilidade medioambiental, a resiliencia diante de posibles novas crises económicas, e a promoción da igualdade, tanto a económica como a de xénero, coa implicación de pemes e persoas traballadoras autónomas.

    20. Adicionalmente, o propio sector público autonómico debe aproveitar os recursos dispoñibles para reformar a propia Administración xeral e potenciar a eficacia e a eficiencia dos servizos públicos autonómicos, con proxectos igualmente dirixidos a simplificar e axilizar o funcionamento da propia Administración para os administrados, a través da dixitalización e as reformas normativas dos procedementos

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

administrativos; e a aproveitar as posibilidades que ofertan as novas tecnoloxías para incrementar a eficacia da prestación dos servizos públicos de toda clase (sanitarios, educativos, sociais, de xustiza, etc.). Así mesmo, a Administración deberá aproveitar os recursos extraordinarios dispoñibles para consolidar o emprego público estable no nivel de oferta que a pandemia ten amosado como necesario para a prestación dos servizos públicos, en particular os sanitarios.

21. A Comisión considera que, sendo sempre importante a xestión eficiente dos recursos públicos, a dita necesidade faise máis exixible nun momento en que a Comunidade recibirá fondos extraordinarios dirixidos á transformación do tecido produtivo. Por iso, a Comisión recomenda extremar as cautelas de control do gasto público, establecer criterios transparentes de xestión dos ditos recursos e ter en conta, cara ao futuro, a necesidade de recuperar a sustentabilidade do gasto público cando se vaian restablecendo as normas de estabilidade orzamentaria.

22. Finalmente, a Comisión considera necesario que, ante a nova situación económica e a posta en marcha dos importantes proxectos públicos, privados e público-privados que se van realizar grazas ao impulso financeiro da Unión Europea, e tendo en conta tamén o novo escenario orzamentario da propia Unión, urxe activar a elaboración do novo Plan Estratéxico de Galicia, que substituirá o PEG 2015-2020, para adaptalo ao novo contexto, así como para incorporar a experiencia e os resultados obtidos na avaliación do cumprimento do elaborado para o período 2015-2020.

MEDIDAS DE CARÁCTER TRANSVERSAL

23. Plan de Reactivación: A Comisión valora a anticipación e a eficiencia coa que se puxo en marcha, en xuño do ano pasado, e coa colaboración do Grupo de Expertos, o Plan de Reactivación e Dinamización de Galicia. Unha estratexia coa que se prevé mobilizar máis de 3.000 millóns de euros de fondos públicos e privados co obxectivo de mitigar os efectos da crise sanitaria sobre o noso tecido produtivo, o emprego e as familias, así como para impulsar a transformación da economía galega cara a un modelo máis dixital, sustentable e inclusivo, con capacidade para volver a retomar a senda do crecemento e a creación de emprego, e contribuíndo a que Galicia rexistrase unha mellor evolución que a media para o conxunto de España no 2020. A Comisión considera que, ata a finalización dos efectos da pandemia, a Xunta debe darlles continuidade ás medidas de protección do tecido produtivo do Plan de Reactivación e Dinamización Económica de Galicia, adaptándoas ás necesidades de cada momento, segundo a evolución da crise sanitaria, e apoiando de maneira moi particular a recuperación dos sectores máis afectados a través de medidas de liquidez e solvencia, procurando que a recuperación veña acompañada do asentamento dos piares básicos para o seu desenvolvemento a medio e longo prazo.

24. Lei de reactivación: A aprobación da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, é o instrumento co que se dá resposta á necesidade de converter a Comunidade galega nun bo lugar para investir. Axilizar a tramitación administrativa, proporcionando a máxima seguridade xurídica a todo proxecto de investimento; fortalecer a colaboración público-privada; e impulsar a participación das pemes nos proxectos tractores nas cadeas de valor estratéxicas para a industria de Galicia, son as claves para un uso óptimo dos fondos europeos. Establecido este novo marco, cómpre impulsar todas as medidas previstas para poñer á disposición das empresas o acompañamento e implantación de iniciativas empresariais en Galicia, de

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xeito que se facilite a reactivación da actividade económica tras as consecuencias da pandemia da covid-19. Por todo isto, a Comisión insta a Xunta a:

25. Impulsar o desenvolvemento normativo da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, para acelerar a recuperación e facer de Galicia unha boa comunidade para investir, avanzando no cambio de cultura iniciado no ano 2017 en favor dunha administración máis áxil e moderna, con capacidade para ofrecer unha resposta mellor aos retos sociais e económicos do actual contexto, simplificando trámites e reducindo tempos de tramitación, coas máximas garantías medioambientais, urbanísticas e xurídicas.

26. En concreto, este novo marco debe servir para dinamizar sectores estratéxicos para a transformación da economía galega, como poden ser o eólico e as enerxías renovables.

27. Así mesmo, apoiarase a posta en marcha das iniciativas empresariais a través dun sistema de atención ao investimento que ofreza un labor de atención, acompañamento e asesoramento individualizado, a través da Oficina *Reactiva Galicia*.

28. Pacto pola Ciencia e a Innovación: Innovar é máis importante que nunca para abordar unha situación tan difícil e inédita como a provocada pola pandemia da covid-19 dado que, para reactivar a economía e aproveitar as oportunidades que brinda a transformación ecolóxica e dixital na que estamos inmersos, é preciso idear solucións innovadoras e diferentes. A política de I+D+i é, e debe ser, un ámbito de actuación cada vez máis prioritario para Galicia. De feito, en 2019, a Comunidade acadou os niveis máis altos de toda a serie histórica no investimento de I+D (627,3 millóns de euros), no persoal en I+D (11.085 persoas), en investigadores (6.724), así como no gasto per cápita (232,4 euros). Nesa liña, o orzamento da Xunta para 2021 sitúase en 228 millóns de euros, duplicando os recursos investidos en 2014. Ademais, recentemente creouse a Comisión Interdepartamental de I+D+i para identificar melloras nas políticas galegas e dar unha resposta eficiente e eficaz aos retos derivados da pandemia e do cambio de modelo produtivo. Con todo, faise necesario impulsar un Pacto pola Ciencia, coa participación dos axentes implicados e que permita o impulso da nova Estratexia de Especialización (RIS3) de Galicia 2021-2027, na medida en que representa o instrumento de planificación que guiará boa parte dos fondos europeos para este novo período. Por estes motivos, a Comisión solicita á Xunta a aprobación dun Pacto pola Ciencia e a Innovación para o impulso da nova Estratexia de Especialización Intelixente 2021-2027, de xeito que a I+D+i sexa un motor clave na recuperación e transformación económica de Galicia e o investimento total na Comunidade galega creza de xeito sustentable ata situarse na media nacional.

29. Innovación fronte á pandemia da covid-19: A pandemia sanitaria evidenciou a necesidade de impulsar o desenvolvemento en Galicia de produtos e solucións innovadores para facer fronte á covid-19, así como promover a investigación naqueles ámbitos que contribúan a afrontar os retos científicos. A Xunta de Galicia adoptou diferentes medidas e programas de apoio aos proxectos de I+D+i, con posibilidade de chegar ao mercado, non só en favor do sistema de saúde, senón tamén da industria, o comercio e outros ámbitos necesarios para conter a propagación da enfermidade. Ademais, puxéronse en marcha axudas de reorganización produtiva, prestando especial interese a aquelas

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

materias ou produtos considerados estratéxicos na resposta a pandemias. Neste eido, a Comisión insta a Xunta a traballar cos sectores produtivos e centros de coñecemento para afrontar os retos científicos e de investigación derivados da situación de emerxencia sanitaria provocada pola covid-19, impulsando tamén solucións innovadoras.

30. Diálogo social: Vén sendo un factor fundamental tanto no ámbito social como na planificación do desenvolvemento económico de Galicia. A Comisión considera fundamental manter e promover canles de comunicación estable e permanente cos representantes do Diálogo Social en Galicia, tanto para a definición e posta en marcha de medidas que favorezan a reactivación económica e laboral, así como para o seguimento da súa execución. A Comisión insta a Xunta a impulsar o Diálogo Social co fin de promover unha máis pronta reactivación económica, social e laboral de Galicia coa axilidade necesaria para acadar canto antes os resultados esperados.

31. A Comisión insta a Xunta a demandar do Goberno de España, receptor dos fondos europeos para desenvolver estas políticas, a que complete a dixitalización do territorio a través da banda larga e móbil e promover un despregamento territorial das infraestruturas e servizos 5G, garantindo a conectividade de banda larga e Internet móbil a todos os concellos do país e asegurando que chegue as explotacións agrarias e gandeiras que en moitas ocasións se atopan en lugares afastados das capitalidades municipais, para cumprir os obxectivos marcados na Axenda Dixital para Europa.

FONDOS *NEXT GENERATION* UNIÓN EUROPEA

32. A pandemia provocou a necesidade de que as comunidades autónomas, como principais administracións que xestionan o gasto social, precisasen un financiamento adicional para, por unha banda, combater a crise sanitaria e, por outra, paliar os efectos económicos e sociais desta; ademais de, nunha segunda fase, buscar a reactivación económica. O Goberno de España articulou diversos mecanismos extraordinarios, o que merece o recoñecemento desta Comisión. Non así os diferentes criterios utilizados para a repartición, en cada un deles, que foron distanciándose progresivamente dos recollidos no Sistema de Financiamento Autonómico, o que, no fondo, provocou alteracións no financiamento das comunidades autónomas que, polo xeral, prexudican as rexións cunha renda *per cápita* por debaixo da media fronte ás máis prosperas, sendo Galicia unha das máis prexudicadas.

33. A Comisión comparte o manifestado no informe do Consello de Estado sobre o Real decreto polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da administración pública e a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cando advirte que a repartición dos fondos europeos non pode ir polo camiño da arbitrariedade e a falta de control. Neste sentido, as comunidades autónomas seguen sen saber cales son os criterios de distribución dos fondos europeos e cal é a folla de ruta do Goberno de España. De feito, ata agora, a distribución realizada non foi negociada e tampouco segue criterios obxectivos e transparentes, prexudicando Galicia ao afastarse, significativamente, das cantidades que tería recibido de terse repartido seguindo os criterios preestablecidos para a asignación de recursos no vixente sistema de financiamento autonómico. Esta actuación resulta contraditoria co espírito co que a Unión Europea activou os fondos *Next Generation*, apelando á necesidade de que a recuperación sexa xusta e inclusiva, é dicir, que sexa unha oportunidade para abordar as disparidades que se puxeron de manifesto ou se agravaron coa crise, fomentando a cohesión territorial. Unha solidariedade que

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

debe concretarse en estreita cooperación coas partes interesadas, entre elas as comunidades autónomas, que son as que teñen as competencias en política industrial, económica, emprego, etc. Por estes motivos, a Comisión insta a Xunta a:

34. Demandar ao Goberno de España a participación da Comunidade Autónoma de Galicia na xestión directa dos fondos europeos *Next Generation* para garantir o exercicio das súas competencias e desenvolver proxectos de futuro que permitan reactivar a economía e modernizar o tecido produtivo, poñendo o foco de atención en sectores de alto valor engadido e con capacidade para xerar emprego de calidade.

35. Do mesmo xeito, solicitar o establecemento de criterios obxectivos e transparentes que permitan ás comunidades autónomas competir en igualdade de condicións, defendendo a necesidade da cohesión social e territorial. Neste sentido, ademais de garantir a concorrencia competitiva, é necesario ter en conta factores como a dispersión da poboación, o reto demográfico, a transición industrial e a dixitalización para reducir as diferenzas existentes nos niveis de renda das rexións.

36. Con carácter orientativo xeral, a Comisión considera que o Goberno de España debe realizar unha asignación transparente e equitativa entre as comunidades autónomas dos mecanismos extraordinarios de financiamento por mor da covid-19, que teña en conta na distribución de forma preferente os criterios do sistema de financiamento autonómico para garantir unha saída cohesionada da crise polas comunidades autónomas.

37. En todo caso, os ditos criterios de asignación débense explicar e consensuar no Consello de Política Fiscal e Financeira, para o que debería ser convocado o antes posible.

38. Aproveitar os fondos europeos para readaptar o modelo produtivo na liña de gañar competitividade, aumentando o tamaño de empresas e buscando actividades innovadoras en sectores industriais emerxentes.

39. Dado que a pandemia da covid-19 afectou de maneira desigual as comunidades autónomas, a participación destas é importante na preparación, execución, seguimento e avaliación das medidas de reconstrución e recuperación da crise apoiadas desde o Goberno central e da Unión Europea. En consecuencia, a Administración central debería involucrar as autoridades autonómicas no deseño e implantación do plan para a recuperación sustentable desde o punto de vista medioambiental, social e económico, de conformidade co principio de asociación establecido no Regulamento (UE) Nº 1303/2013 de disposicións comúns e xerais relativas aos Fondos do MEC 2014-2020 (art. 5) e o Código de Conduta Europeo sobre as asociacións no marco dos Fondos EIE establecido no Regulamento Delegado (UE) Nº 240/2014 (arts. 4, 5, 8 e 9). Adicionalmente, a aplicación do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia está vinculada ao Semestre Europeo (o ciclo mediante o cal as políticas económicas e orzamentarias dos Estados membros son coordinadas e axustadas aos obxectivos e normas acordados a escala da UE) a través do poio ao investimento e ás reformas nos Estados membros con base nas recomendacións que fai a Comisión Europea a cada país, ofrecendo orientacións sobre as políticas para impulsar o crecemento e o emprego, e ao mesmo tempo manter unhas finanzas públicas

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

saneadas. A implicación dos entes subcentrais como socios na elaboración e aplicación destas reformas é fundamental, xa que o 36 % das recomendacións por país van dirixidas a entes locais e o 83 % das reformas teñen unha dimensión territorial. Na medida en que as reformas e investimentos que se van apoiar se axustan ás competencias locais e rexionais e de conformidade co marco xurídico nacional de repartición de competencias entre os niveis de Goberno, as comunidades autónomas teñen que participar no desenvolvemento dos plans de recuperación a través dunha cooperación estruturada e na xestión directa do financiamento extraordinario.

40. No que atinxe a xestión dos Fondos NGUE, a Comisión demanda coherencia ao Goberno de España, que debería aplicar a gobernanza multinivel dimanante do Estado das Autonomías na xestión dos fondos europeos e garantir unha asignación transparente e equitativa deles, sobre a base do impacto da crise pero tamén das eivas estruturais de cada comunidade autónoma, de modo que volva á senda de converxencia de todas as comunidades autónomas. Dado que a pandemia da covid-19 afectou de maneira desigual os territorios, a participación das comunidades autónomas é importante na preparación, execución, seguimento e avaliación das medidas de reconstrución e recuperación da crise apoiadas desde o Goberno central e da UE. É preciso que o Estado non subestime o risco de que se agraven as diferenzas rexionais como consecuencia da crise e teña en conta as distintas necesidades e niveis de desenvolvemento de cada comunidade autónoma, a fin de garantir que o apoio atope un equilibrio entre as rexións máis afectadas polas consecuencias da covid-19 e a necesidade de prestar especial atención ás rexións menos desenvolvidas, en consonancia cos obxectivos de cohesión económica, social e territorial do artigo 174 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. Débese ter en conta para estes efectos que, debido á súa estrutura económica, as rexións máis dinámicas son as que sofren con máis forza o impacto do parón pandémico, pero tamén serán as que reboten con máis forza en canto cese a conxuntura sociosanitaria actual. Esta situación debe terse en consideración ao distribuír os fondos de recuperación de cara a acadar unha recuperación harmónica e cohesionada entre as diferentes comunidades autónomas, cousa que non está a acontecer. Por todo isto, a Comisión considera esencial a aplicación dunha gobernanza multinivel coherente coa distribución competencial no Estado das Autonomías para a xestión dos fondos europeos, facilitando a xestión directa por parte das comunidades autónomas dunha parte dos fondos europeos no contexto dunha adaptación ás necesidades de cada territorio e en contacto estreito coa sociedade civil e as empresas. Para tal efecto, deberá asignar ao subsector Administración autonómica a xestión dunha contía equivalente ao peso do gasto xestionado polas comunidades autónomas en cada política de gasto, como mínimo.

41. Como parte dos principios de boa gobernanza que deben informar a actuación das administracións públicas, a transparencia debe rexer o proceso de asignación e xestión dos fondos europeos extraordinarios cuxa xestión competa finalmente á Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, a asignación destes fondos entre os destinatarios das diferentes políticas de gasto deberá realizarse a través das correspondentes convocatorias e/ou concursos públicos. A concorrencia debe combinarse cunha xestión encamiñada a resultados, para o que será preciso fixar os obxectivos pretendidos polas diferentes actuacións de recuperación. Para garantir a transparencia, a Comisión insta a Xunta a presentar ante o Parlamento de Galicia un informe cos diferentes recursos financeiros de reactivación que xestionará a comunidade autónoma dimanantes das

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

asignacións do Goberno central, as actuacións directas ou de fomento que se desenvolverán cos devanditos recursos, e os obxectivos que se pretenden acadar con eles.

42. Adicionalmente, para garantir a transparencia da xestión, é necesario informar e realizar unha rendición de contas que permita avaliar o correcto desempeño e alcance dos obxectivos marcados, ou, se foro o caso, dos atrancos atopados que impediron acadalos e as actuacións precisas para superalos. Por iso, a Comisión insta a Xunta de Galicia a impulsar un modelo de xestión encamiñada a resultados, que garanta o cumprimento dos obxectivos fixados para os fondos REACT e o mecanismo de recuperación e resiliencia que xestione. Para tal efecto, realizará as reasignacións e contratacións de persoal e material precisas, e informará periodicamente do grao de avance na consecución dos pretendidos resultados.

43. Candidatura Galega aos Fondos NGEU: De acordo coa información facilitada á Comisión pola Xunta de Galicia, a Estratexia *Next Generation* Galicia abrangue 355 proxectos, cun orzamento estimado de case 20.000 millóns de euros. Deles, 248 pertencen ao sector público da Administración e 107 corresponden aos sectores económicos e industriais. Trátase de iniciativas maduras, sólidas e viables que xorden do traballo durante meses da Xunta co tecido económico, cos axentes sociais e co Comité de Expertos Económicos, que vén asesorando a Administración galega desde o comezo da pandemia no deseño dunha candidatura que reúna todos os requisitos para conseguir o financiamento dos fondos europeos *Next Generation*. Unha vez activada a Oficina de Proxectos Tractores e aprobada a Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica, a Comisión considera que a Xunta debe continuar apoiando os proxectos que forman parte da candidatura galega aos fondos europeos *Next Generation*, en tanto que teñen como obxectivo principal impulsar a recuperación económica e social de Galicia e a transformación do tecido produtivo arredor de cinco cadeas de valor esenciais para o futuro da Comunidade galega: a economía circular e a transición enerxética; a mobilidade sustentable; os *hubs* de innovación dixital, a industria 4.0 e as TIC; as cadeas mar-industria e agro-industria, e un crecemento cohesionado no territorio; e a sanidade, os modos de vida saudables e a nova economía dos coidados.

EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E REFORMA ADMINISTRATIVA

44. A execución dos fondos derivados dos instrumentos europeos de recuperación requirirá un nivel de cumprimento elevado e cunha alta calidade de execución, na que un programa de integridade institucional reforzará os niveis de cumprimento á altura das exixencias da Unión Europea. A Comisión estima que para iso é necesario afondar nas medidas incluídas no Programa Marco de Integridade Institucional e Prevención de Riscos para o período 2020-2024, unha nova regulación do código ético, así como un calendario de aprobación de plans de prevención de riscos das diferentes consellerías de acordo cos criterios do documento *Diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción na Administración xeral*, aprobado polo Consello de Contas o 19 de decembro de 2019. A Comisión entende que as medidas de prevención propostas no Programa Marco son un mecanismo preventivo que resulta coherente coas medidas antifraude que se regulan para o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Debe axilizarse especialmente a aprobación dos plans de prevención de riscos, en colaboración conxunta co Consello de Contas, que auxiliará as consellerías na determinación dos riscos nas diferentes áreas de acción, así como na implantación de medidas para minimizalos.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

45. A execución dos fondos de recuperación e dos instrumentos europeos van precisar de medidas que en boa parte se executarán a través de sistemas de contratación, polo que calquera tipo de mellora no procedemento terá un impacto directo na execución destes fondos. Polo tanto, a Comisión considera necesario incluír dentro do Plan xeral de xestión da calidade dos servizos do sector publico autonómico, xa elaborado e aprobado polo Goberno galego en cumprimento da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, as medidas tendentes para a harmonización documental en materia de contratación pública, para ser utilizada por todos os departamentos da Xunta e polas entidades instrumentais; así como seguir impulsando a licitación electrónica e camiñar cara á extensión do expediente electrónico de contratación como ferramenta de uso xeneralizado na Administración pública galega.

46. Dado que un dos procedementos de maior uso nas administracións públicas nestes momentos de pandemia é o de subvencións, e que os ditos procedementos se enfrontan a novos retos de simplificación nun período no que a axilidade será un criterio fundamental no uso dos instrumentos de recuperación da Unión Europea para reactivar a economía galega, a Comisión insta a desenvolver o Plan xeral de xestión da calidade dos servizos do sector publico autonómico; facer un seguimento e impulso das accións dirixidas á simplificación dos procedementos administrativos existentes na actualidade, con eliminación daqueles que están en desuso; e abordando unha harmonización daquelas categorías de procedementos que son de uso máis común, en especial con aqueles que se refiren aos procedementos subvencionadores.

47. A Comisión recomenda á Xunta analizar a posibilidade de avanzar na simplificación normativa naqueles ámbitos en que as trabas administrativas redundantes ou de prazo excesivo frean o necesario dinamismo emprendedor. Obviamente, esta simplificación non pode diminuír os estándares de calidade das resolucións administrativas, nin os mecanismos garantistas dos dereitos individuais, da protección ao medio ambiente e demais requisitos que garanten a defensa do interese público e social. A modo indicativo, a Comisión suxire analizar, coa finalidade de simplificar sen menoscabar as garantías xurídicas e medioambientais, as normativas referentes aos procedementos de tramitación de licenzas urbanísticas e ambientais no solo empresarial; en materia de subvencións; no ámbito da costa, marítimo e portuario; en materia de augas; ou en materia de residuos e solos contaminados.

48. En concreto, en relación co planeamento territorial e urbanístico, instrumento fundamental para a consecución e protección do interese xeral, constitúe o presuposto necesario para o outorgamento de licenzas e contribuír a facilitar a reactivación progresiva da actividade económica na Comunidade Autónoma. Un dos grandes problemas que deben solucionarse é a excesiva dilación na súa tramitación, que deriva tanto do trámite ambiental como da infinidade de informes sectoriais que hai que solicitar. O mesmo acontece no outorgamento das licenzas no que se refire aos informes sectoriais. Estas cuestións non poden solucionarse totalmente desde o ámbito autonómico, ao derivar fundamentalmente da normativa básica estatal, polo que habería que abordar desde as diferentes lexislacións sectoriais a limitación dos informes exixidos, e mesmo que se emitan, nos casos en que resulte posible, tanto para os efectos do instrumento de planeamento ou de ordenación que se tramite, como para os efectos da autorización no trámite do proxecto ou licenza urbanística municipal. En canto aos informes estatais,

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

proponse acudir ás técnicas de cooperación previstas na Lei 40/2015, mediante a convocatoria das Conferencias Sectoriais correspondentes. A proposta que se traslada é, na liña xa acordada na normativa urbanística autonómica:

49. Que se unifique, en todas as normas sectoriais que regulan os informes estatais, a necesidade da súa solicitude e a súa emisión nun único momento tras a aprobación inicial do instrumento.

50. Que o prazo de emisión, agás que pola natureza do informe poida ser menor, sexa como máximo de tres meses.

51. Que se estableza o silencio positivo no caso de non emitirse en prazo.

52. Que inste a Xunta a solicitar ao Goberno central que convoque a Conferencia Sectorial de Vivenda, Urbanismo e Solo, co fin de adoptar solucións para a simplificación e axilización na emisión dos informes sectoriais, tanto no procedemento de tramitación do planeamento urbanístico como dos títulos habilitantes municipais.

53. Que inste a Xunta a poñer en funcionamento a Xunta Consultiva en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, como órgano consultivo con funcións asesoras e de colaboración coas entidades locais, co fin, entre outros, de facilitar criterios interpretativos que contribúan á seguridade xurídica na tramitación dos procedementos de outorgamento dos títulos habilitantes municipais.

54. A execución dos programas derivados dos fondos de recuperación achegados pola Unión Europea suporá en moitas ocasións a actuación a través de entidades instrumentais, polo que os instrumentos de planificación e as medidas de eficiencia, eficacia nas xestión cobran un novo protagonismo. A Comisión recomenda axilizar as previsións do Plan xeral de xestión da calidade dos servizos do sector publico autonómico; facer un seguimento e impulso do proceso de identificación de áreas de mellora no funcionamento das entidades integrantes do sector público autonómico; e a posta en marcha de medidas dirixidas á mellora da xestión e da prestación dos servizos. En particular, insta o Goberno a aprobar os contratos programa e contratos de xestión das axencias públicas no presente ano 2021.

55. A Comisión insta o Goberno central a mellorar os mecanismos de gobernanza establecidos no Decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. En particular, insta o Goberno central a que introduza mecanismos de cogobernanza que permitan á Comunidade Autónoma de Galicia ter a capacidade para propoñer e impulsar os proxectos PERTE, de xeito que sexa preciso o informe positivo da Comunidade Autónoma antes da súa aprobación polo Consello de Ministros nos supostos en que os proxectos presentados poidan mellorar a capacidade de crecemento económico en Galicia, ou naqueles outros casos en que as propostas de PERTE poidan colidir con proxectos xa existentes ou impulsados en Galicia.

IMPULSO AO SOLO EMPRESARIAL

56. A aposta polo asentamento de empresas en Galicia e pola xeración de emprego debe ser un dos principais eixes da política que marque a axenda dos vindeiros anos, co obxectivo de paliar as consecuencias derivadas da pandemia sanitaria e garantir o emprego a través

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da actividade económica. As medidas deben estar orientadas a dar apoio ao sector empresarial, especialmente afectado por esta crise e que precisa de axuda e iniciativas de impulso para reactivarse. E débese facilitar o asentamento de empresas na Comunidade galega, apoiándoas especialmente nun momento tan difícil como o actual.

57. Unha das vías que pode contribuír a este obxectivo, e que se vén desenvolvendo con éxito nos últimos anos, é a que favorece a posta a disposición das empresas de solo no que desenvolver os seus proxectos cunha política de incentivos para o solo empresarial de ata o 50 % no prezo. De feito, desde 2015 adxudicáronse preto de 2,2 millóns de metros cadrados, preto de 500 parcelas, a 443 empresas e con bonificacións por importe de máis de 64,3 millóns de euros. Tendo en conta isto, proponse continuar e impulsar as bonificacións de adquisición de solo industrial para facilitar o asentamento de empresas en Galicia.

IMPULSAR A OBRA PÚBLICA

58. A activación da obra pública xera un importante efecto arrastre en sectores e subsectores que, directa ou indirectamente, están relacionados coa súa execución e, en consecuencia, perfílase como un elemento esencial para a dinamización económica, a reactivación da actividade, a creación de emprego e a fixación de poboación, especialmente importante no contexto económico actual como consecuencia da covid-19. É fundamental, por tanto, que as administracións impulsen a execución de infraestruturas estratéxicas que contribúan á vertebración do territorio ou promovan dotacións ou equipamentos públicos de toda índole, e que, ademais de repercutir nos factores indicados, unha vez realizadas, impulsen tamén a mellora da calidade de vida dos galegos, así como a competitividade do sector empresarial. Por estas razóns, a Comisión insta a Xunta de Galicia a:

    a. Impulsar a obra pública como ferramenta básica para a dinamización e reactivación económica;

    b. Requirir ao Goberno de España a execución das infraestruturas estratéxicas que ten pendentes de execución en Galicia.

INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

59. Xeneralizar o uso da tarxeta *Xente Nova*, que permite aos menores de 21 anos viaxar gratis nos autobuses da Xunta. A implantación da tarxeta *Xente Nova* supuxo unha boa medida para o fomento do transporte público entre a xente moza e para promover o aforro das familias. Desde a súa implantación no ano 2016, foi obxecto de varias ampliacións no que respecta ao corte de idade dos beneficiarios e ao ámbito xeográfico de uso. Dado o bo resultado acadado pola iniciativa no cumprimento dos obxectivos fixados, considérase axeitado fomentar o uso da tarxeta *Xente Nova* en toda Galicia.

60. Impulso das sendas peonís e ciclistas: As sendas peonís e ciclistas, ademais de reforzaren a seguridade e melloraren a saúde das persoas ao promoveren unha mobilidade activa, permiten reducir as emisións causantes do cambio climático, mellorar a calidade do aire e promover o aforro entre a cidadanía ao reducir o gasto en combustible. Por iso, a Comisión insta o Goberno galego a impulsar a dotación de máis sendas peonís e ciclistas na rede de estradas da súa competencia e a requirir a outras administracións que fagan o mesmo na súa propia rede viaria.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

61. Impulsar aparcadoiros disuasorios: É necesario impulsar medidas dirixidas a reducir o uso de vehículos privados motorizados en favor do uso do transportes colectivo, especialmente nas principais cidades de Galicia, para diminuír a conxestión das zonas urbanas, pero tamén para reducir o impacto ambiental dos vehículos a motor. Neste contexto, a construción de aparcadoiros disuasorios en puntos estratéxicos de entrada ás principais cidades de Galicia ou de conexión con sistemas de transporte público que permitan acceder a elas, preséntase como unha boa opción, que responde, ademais, a unha demanda social cada vez máis xeneralizada. Estes aparcadoiros deben ir ligados a unha oferta de transporte público que garanta unha conexión rápida ata o centro das cidades. Para iso, deberán estar conectados tanto con plataformas reservadas para o transporte público, como con itinerarios peonís e ciclistas, para fomentar a mobilidade sustentable. Trátase de facilitar o acceso desde os aparcadoiros disuasorios ás estacións intermodais, e fomentar o uso compartido de vehículos e outros sistemas de transporte de baixo impacto ambiental. Ademais, para afondar nun crecemento sustentable, estes aparcadoiros deberán dispor de puntos de recarga eléctrica, puntos de alugamento de bicicletas, zonas verdes e outros sistemas de redución, captura e/ou compensación de CO_2. En consecuencia, a Comisión insta a Xunta a impulsar a dotación de aparcadoiros disuasorios dotados de puntos de recarga eléctrica nas cidades galegas.

62. Poñer en marcha un Plan de impulso á dixitalización e sustentabilidade da cadea loxística para o transporte e distribución de mercadorías que mellore a eficiencia do sistema de transporte de mercadorías, apoiando a pequenos e medianos transportistas a través da introdución da tecnoloxía e o fomento da intermodalidade, tendo en conta os compromisos de descarbonización asumidos internacionalmente e a crecente importancia da mobilidade nas cidades e vilas, en colaboración co sector privado.

63. Lograr a aplicación de bonificación nas peaxes da AP-9 e na AP-53: A AP-9 e a AP-53 son eixes vertebradores de Galicia, con especial relevancia no caso da AP-9 para a franxa atlántica, e, en consecuencia, son elementos básicos de dinamización económica e social. É necesario reducir a carga impositiva sobre os usuarios destas autoestradas e contribuír, dada a súa relevancia estratéxica, no desenvolvemento económico da nosa Comunidade Autónoma. Por iso, reiterando unha vontade expresada pola Cámara de forma unánime en reiteradas ocasións, a Comisión insta a Xunta a que requira ao Goberno de España a aplicación das bonificacións das peaxes na AP-9 comprometidas o antes posible, e a estendelas á AP-53.

64. A Comisión insta a Xunta de Galicia a elaborar un Plan de mobilidade e velocidade segura nas estradas galegas. Programa de actuacións de seguranza viaria e accesibilidade co obxectivo de protexer as persoas usuarias máis vulnerables: viandantes, ciclistas, motoristas. Actuacións de calmado de tráfico, sinalización, redución de velocidade, prevención de accidentes con fauna, prevención de atropelos, urbanización de travesías, circunvalacións e variantes... Ademais, promoveranse actuacións específicas de mellora da seguridade e accesibilidade de paradas de autobús, e de mellora da seguridade en pasos de peóns.

65. A Comisión insta a Xunta á elaboración no presente ano 2021 dun Programa de obras de mellora da rede viaria con especial atención a circunvalacións urbanas e impulso da Rede de vías de alta capacidade, coa dobre finalidade de mellorar a conectividade e a

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

seguridade viaria. Este programa ten tamén como obxectivo impulsar a obra pública como mecanismo de reactivación económica.

66. Ampliar ao ano 2021 a vixencia do Fondo covid-19 para compensar o transporte público: A pandemia da covid-19 está a provocar importantes problemas no sector do transporte de viaxeiros, que viu reducir de xeito drástico o número de viaxeiros e, en consecuencia, tamén os seus ingresos. Ante esta situación, o Goberno de España habilitou o ano pasado un Fondo covid-19 para compensar o transporte público (servizos regulares permanentes de uso xeral de viaxeiros interurbanos por estrada dentro do ámbito das comunidades autónomas). Pero este ano 2021 a situación non está a ser moito mellor para o sector, polo que, para a supervivencia do tecido empresarial que soporta o transporte público, é vital poder seguir contando con este tipo de axuda. A Comisión insta o Goberno galego a que requira ao Goberno de España a ampliación a este ano 2021 a vixencia do Fondo covid-19 para compensar o transporte público (servizos regulares permanentes de uso xeral de viaxeiros interurbanos por estrada dento do ámbito das comunidades autónomas).

67. Desenvolver políticas públicas de transporte, baixo un criterio de malla, en colaboración co sector privado, que garantan a cohesión e vertebración territorial, especialmente nas zonas rurais.

68. Estratexia galega do ferrocarril como modo de mobilidade sustentable e vertebrador do século XXI, a través da modernización do ferrocarril convencional e da creación de novas liñas que garantan vertebrar territorial e socialmente Galicia; o impulso do transporte de mercadorías, así como a conexión ferroviaria dos portos e o desenvolvemento de nós loxísticos. Nese senso, esta Comisión insta o Goberno de España a establecer como prioridades para a modernización:

    69. Proxectos de modernización do ferrocarril convencional e de creación de novas liñas:

    70. Modernización da liña Ferrol-Ribadeo.

    71. Modernización e novos trazados na liña A Coruña-Ferrol.

    72. Modernización da conexión Lugo-A Coruña/Ferrol.

    73. Modernización (electrificación, novos trazados, dobre vía) liña Ourense-Lugo.

    74. Conexión Vigo-Porto: saída sur e alternativa a paso polo Porriño.

    75. Modernización da liña Vigo-Ourense.

    76. Plan de mellora dos servizos ferroviarios para a vertebración territorial e a mobilidade sustentable.

    77. Plan de desenvolvemento do transporte de mercadorías por ferrocarril (Plan Director do Corredor Atlántico, estudo do Eixo Atlántico).

    78. Treito A Coruña-Santiago.

    79. Treito Santiago-Redondela.

    80. Treito Vigo-Guillarei.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

81. Treito Guillarei-Ourense.
82. Treito Ourense-Monforte de Lemos.
83. Treito Monforte-Covas.
84. Treito Covas-Ponferrada.
85. Treito Ponferrada-León e A Coruña-Ferrol.
86. Plan de conexión ferroviaria dos portos e desenvolvemento de nós loxísticos: conexión Porto Punta Langosteira, Porto de Vigo, Porto Seco Monforte, PLISAN...
87. A Comisión insta a Xunta de Galicia a elaborar un Plan de desenvolvemento do sistema loxístico do transporte por estrada, coa creación de infraestruturas/ servizos e a renovación progresiva dos vehículos para o uso de tecnoloxías menos contaminantes.

EMPREGO

88. Impacto das tecnoloxías emerxentes no emprego: Ante o actual contexto socio-laboral marcado pola irrupción da covid-19, faise necesario impulsar medidas que abran novos nichos de mercado a fin de garantir un emprego de futuro e de calidade. Neste sentido, o Estudo das tecnoloxías emerxentes para a transformación do emprego, cuxo informe pre-diagnóstico foi remitido á Comisión de Reactivación do Parlamento galego, analiza o impacto das tecnoloxías (automatización, *Big Data*, biotecnoloxía, etc.) nos seguintes sectores: aeronáutico, alimentación e BIO, automoción, enerxías renovables, madeira e forestal, metalmecánico, naval, pedra natural, téxtil e moda, TIC, construción, industrias creativas, saúde e benestar, servizos financeiros, turismo e ocio. Establécese como unha oportunidade para poñer en marcha unha folla de ruta que inclúa novas apostas formativas e laborais no territorio galego. Por iso, a Comisión insta a Xunta a avanzar no Estudo das tecnoloxías emerxentes para a transformación do emprego, a fin de presentar unha proposta detallada das cualificacións profesionais que serán necesarias para facer fronte aos empregos do futuro e a elaboración dos módulos formativos asociados necesarios.
89. Impulso á xestión dos ERTE: A figura dos ERTE, introducida na reforma do Estatuto dos Traballadores de 2012, foi un elemento esencial para evitar que a caída do PIB se trasladase directamente á destrución do emprego. A súa aplicación xeneralizada a miles de galegos e galegas como consecuencia da suspensión da actividade produtiva de todos os sectores, agás os esenciais, exixiu un enorme esforzo de xestión das administracións laborais estatal e autonómica. Na Xunta, a área de Relacións Laborais exerceu as competencias relativas á xestión de expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE) con eficacia na tramitación dos preto de 15.000 expedientes da segunda e terceira vagas (que foron realizados no prazo de 5 días desde a súa presentación), facilitando así aos traballadores o acceso ás prestacións de desemprego. Pola súa vez e coa mesma celeridade, xestionouse a desafección das empresas a estes expedientes e a súa volta á actividade; e elaboráronse guías interpretativas para a xestión dos ERTE, para garantir criterios unívocos de interpretación e tramitación nas catro provincias e para unha áxil e axeitada presentación deles polos sectores afectados. A Comisión valora a xestión realizada e insta a Xunta a que, no uso das súas competencias, continúe xestionando os

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

expedientes de regulación temporal de emprego garantindo unha áxil e axeitada tramitación deles.

90. Impulso ao acompañamento do ISGGA ao tecido empresarial galego: A irrupción da covid-19 no escenario socio-económico provocou que o labor do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) se vise amplificado. Dadas as súas funcións básicas para eliminar ou reducir os perigos inherentes ao traballo, implicouse na prevención de riscos relacionados coa covid-19 na contorna laboral. A Comisión considera necesario e insta a Xunta:

    91. A manter o acompañamento ao tecido empresarial galego con medidas de diagnose, análise e implementación de plans de acción orientados a garantir a seguridade e saúde laboral nos centros de traballo, con especial atención ás pemes e os autónomos.

    92. A difundir o labor da nova unidade de referencia covid-19 do ISSGA, constituída para reforzar, nunha unidade con nome propio, as actuacións deste organismo dirixidas á prevención da saúde dos traballadores e traballadoras galegas por transmisión da covid-19, garantindo a coordinación administrativa con outras unidades directivas e, especialmente, coa autoridade sanitaria a través dos seus organismos técnicos.

    93. A continuar desenvolvendo as campañas de prevención de riscos laborais contra a expansión da covid-19 impulsadas desde o ISSGA, así como a deseñar e promover novos estudos e campañas do instituto en áreas como o teletraballo ou a saúde psicosocial en tempos de covid-19.

    94. A actualizar de forma permanente por parte do ISSGA os protocolos de prevención laboral para fomentar as medidas necesarias na industria e o comercio para continuar coa súa actividade.

95. Axudas á contratación de persoal técnico en organismos intermedios: Debido ao contexto actual de incerteza provocada pola aparición da covid-19, faise necesario reforzar a seguridade na contorna laboral. Para isto, é imprescindible contar con expertos que asesoren o tecido empresarial en conxunturas provocadas pola covid-19. Por iso, a Comisión insta a Xunta a estudar unha nova axuda para a contratación de persoal técnico en organismos intermedios para o asesoramento a empresas en conxunturas provocadas pola covid-19.

96. Remodelación do servizo público de emprego de Galicia: A última actualización do informe sobre o panorama económico publicado pola OCDE o 1 de decembro establece que *"os servizos públicos de emprego deberán fortalecer o apoio individualizado, mediante a axuda de ferramentas de elaboración de perfís para facilitar a mellora das competencias dos traballadores e mellorar a adecuación ao mercado laboral"*. Por iso, é imprescindible poñer en marcha medidas como o novo Servizo Público de Emprego de Galicia, abordando desde a modernización das oficinas de emprego ata a implantación dun novo software que facilite a xestión da oferta e demanda de emprego e formación. A Comisión insta a Xunta a avanzar na posta en marcha deste novo servizo, co obxectivo de mellorar a empregabilidade das galegas e galegos.

97. Flexibilización e adaptación dos programas de formación e colocación: A pandemia forzou nalgún caso ao cambio de modalidade dalgúns dos cursos impulsados desde a Dirección

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xeral de Formación e Colocación, pasando de ser presenciais a impartirse na modalidade de teleformación ou virtual. Á vista da experiencia acumulada nestes meses e coa finalidade de reforzar os cursos, a Comisión considera necesario:

98. Analizar a oferta cunha maior flexibilidade e continuar adaptando a modalidade (presencial, teleformación ou virtual) dos programas de formación e colocación, segundo a evolución epidemiolóxica.

99. Aproveitar as novas tecnoloxías para poder seguir desenvolvendo actuacións formativas con garantías e sen deixar ninguén atrás, impulsando aulas virtuais e a posta en marcha dun novo programa de *webinars* e seminarios participativos que faciliten novas competencias para persoas desempregadas e ocupadas.

100. Desenvolvemento de plans de rescate para persoas traballadoras autónomas, microempresas e sectores afectados por peches ditados pola autoridade sanitaria, como o caso da hostalaría, que sufriron un maior impacto económico causado pola pandemia. Seguindo as recomendacións de organismos internacionais e dos expertos económicos sobre a necesidade de establecer no curto prazo políticas públicas de apoio directo a aqueles sectores e actividades económicas directamente afectadas polas novas medidas de contención, a Xunta apostou por axudas directas aos sectores e colectivos máis prexudicados pola crise sanitaria, que se traduciron en dous plans de rescate con fondos da Xunta e un terceiro que se activará cos cartos transferidos por parte do Estado. Estes plans de axudas directas, sumados a unha gran axilidade na tramitación e no pagamento delas, téñense demostrado altamente demandados e valorados como positivos polos seus beneficiarios. Co terceiro plan de rescate, a Xunta terá posto a disposición de autónomos e empresas máis de 416 millóns de euros en oito meses. A Comisión insta o Goberno galego a axilizar o pagamento das axudas do terceiro plan de rescate para seguir inxectando liquidez ao tecido empresarial o antes posible.

101. Solicitude de novas axudas directas de carácter nacional para o sector da hostalaría e outras actividades económicas afectadas pola pandemia. A Comisión fíxose eco da aprobación, a finais de marzo, por parte do Estado dun plan dotado con 7.000 millóns de euros, dos que transferiu a Galicia o 3,34 % do total, é dicir, 234,4 millóns de euros. A repartición das axudas que fixo o Goberno central non se corresponde coa realidade do tecido produtivo de Galicia, composto na súa maioría por autónomos e microempresas (97 %), e, ademais, os requisitos fixados para optar a elas requirían dunha xestión moi complexa. Cómpre sinalar, así mesmo, o carácter limitante co que se configuran estas axudas, cuxa concesión esta condicionada pola existencia de débedas e deberán destinarse en exclusiva ao seu pagamento. Por ese motivo, a Comisión insta a Xunta de Galicia a que, de xeito inmediato, demande do Goberno do Estado axudas directas para o sector da hostalaría e outras actividades económicas afectadas pola covid-19, á marxe dos apoios económicos xa transferidos ás comunidades autónomas.

102. Promoción da inserción laboral dos mozos e mozas galegos: A incidencia negativa da covid-19 no mercado de traballo é indiscutible, máis aínda en colectivos como o da mocidade. Por ese motivo, é necesario poñer en marcha políticas activas de emprego dirixidas aos máis novos, a fin de garantir as mesmas oportunidades laborais que ao resto da cidadanía. Por isto, a Comisión insta a Xunta a, no marco do Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2021, continuar promovendo a inserción laboral dos mozos e mozas galegos, facilitando a transición entre a etapa educativa e a laboral mediante accións de

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

orientación para o emprego, prácticas en empresas, apoiando a contratación laboral de mozos e mozas, e favorecendo a capacitación das persoas novas desempregadas e ocupadas, co obxectivo de mellorar a súa empregabilidade.

103. Promoción da inserción laboral das persoas con discapacidade: O colectivo de persoas con discapacidade é especialmente vulnerable, máis aínda cando se trata de acceder ao mercado laboral. Por ese motivo, a Xunta de Galicia vén desenvolvendo actuacións como as subvencións aos Centros Especiais de Emprego. Axudas que, diante do impacto da covid-19 na empregabilidade das persoas con discapacidade, exixen a consolidación e posta en marcha de programas relativos ao fomento e promoción da inserción laboral das persoas con discapacidade.

104. A Comisión insta a Xunta de Galicia a incorporar a perspectiva de xénero na toma de decisións e medidas para evitar unha dobre discriminación ás mulleres con discapacidade.

ECONOMÍA SOCIAL

105. Economía Social: A Comisión comparte a preocupación expresada, en varios dos informes recibidos, sobre a recuperación da economía social (Colexios de Graduados Sociais, CEG, FOROESGAL...), dada a súa incidencia económica xeral, pero moi en particular en sectores xeradores de moitas das actividades cuxa transformación a Comisión propón, no seu conxunto, reactivar ou acelerar. Por estas razóns, a Comisión, con carácter xeral, insta a Xunta a contribuír ao fortalecemento da competitividade das empresas de economía social para favorecer a súa adaptación aos modelos de negocio do futuro, a través, entre outras accións, da dixitalización dos modelos de negocio.

106. Para propiciar o asentamento da economía social, é fundamental dispor de datos sobre os que formular accións de futuro. A Comisión insta a Xunta a que, aproveitando a experiencia do Observatorio de Emprego de Galicia, este impulse métodos de recollida de datos e avaliación para avanzar no estudo e difusión da análise a adopción de decisións que impulsen a economía social.

107. A Comisión avoga por impulsar a contratación pública socialmente sustentable, como vía para a expansión de servizos de proximidade e de reforzo das oportunidades das iniciativas locais de economía social. A Comisión insta a Xunta a que, en coordinación coas administracións locais e no seu ámbito de competencias, continúe a potenciar a contratación pública socialmente responsable como vía para impulsar a expansión da economía social.

108. A integración laboral de persoas con discapacidade, e a sensibilización social ao respecto, no marco do tecido produtivo da economía social, é un factor relevante para evitar a súa exclusión social. Algún dos informes recibidos na Comisión alertan do feito de que ás veces, por descoñecemento da normativa, non se cumpre axeitadamente coa reserva de contratos a CEEIS, non favorecendo a integración deste colectivo. Con base nisto, a Comisión insta a Xunta a seguir vixiando o cumprimento normativo da reserva de contratos a Centros Especiais de Emprego de Interese Social.

109. A economía social é unha oportunidade para lles dar continuidade a empresas mercantís en crise por xubilación ou falecemento dos seus propietarios, mediante a súa transformación en empresas de economía social. A Comisión insta a Xunta a que, no ámbito das súas competencias, fomente a transformación de empresas mercantís en crise,

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

por xubilación ou abandono das persoas propietarias, en empresas da economía social, a través do novo programa ES Transfoma.

110. Do mesmo xeito, e para facilitar a posta en marcha e funcionamento da economía social, a Comisión comparte a necesidade de crear un punto único desde o cal tramitar todas as xestións laborais de empresas e traballadores da economía social dunha maneira máis simple e sinxela, polo que insta a Xunta a crealo.

MEDIO RURAL

111. A pandemia puxo en evidencia a importancia do sector primario galego. Grazas á súa capacidade de manter a produción a pesar das dificultades derivadas do parón da actividade económica, e para abastecer os mercados galegos pola súa proximidade aos consumidores, ao tempo que mantivo a súa capacidade de exportación, o sector primario manifestouse como un sector esencial para Galicia e o conxunto da economía española.

112. O sector primario galego, ademais de ser fonte de riqueza para as persoas que viven da terra e do mar, constitúe un activo fundamental para o conxunto da sociedade, xa que, se sabemos aproveitar as súas posibilidades, pode ser o principal instrumento para garantir a sustentabilidade medioambiental, evitar o despoboamento e o abandono do medio rural, e combater o quecemento global.

113. A Comisión estima necesario mellorar os servizos básicos do medio rural, tanto das oficinas agrarias comarcais como os puntos de encontro das brigadas forestais, a través do impulso dun plan de mellora de atención no rural, tanto en relación á despregadura territorial como á mellora sistemática da atención aos nosos agricultores e gandeiros.

114. A Comisión entende, por todos estes motivos, que cómpre impulsar a modernización e dixitalización do sector primario, tanto o medio rural como o sector do mar. Os novos marcos financeiros comunitarios constitúen unha oportunidade única para darlle un impulso ao sector primario galego, baseado na calidade, na produtividade e o respecto ao medio ambiente, con propostas como as que a continuación se detallan.

115. A Comisión considera necesario darlles un carácter prioritario ás iniciativas de transformación dos produtos agrarios e forestais, en especial ás que conten con participación dos produtores.

116. Consolidación do sector lácteo galego: A finais de 2020, o sector leiteiro de Galicia, coa coordinación da Consellería do Medio Rural, elaborou a súa estratexia para os vindeiros anos. Entre as propostas que recolle a Estratexia do sector lácteo está a posta en marcha dunha marca de leite de pastoreo. Galicia pode ser pioneira na produción de leite amparada por unha marca de garantía en España, tanto por ser a primeira en facelo como por ser a que ten as mellores condicións climáticas e estruturais. Por outra banda, o consumidor demanda cada vez máis produtos respectuosos co medio ambiente e cos animais de granxa, e está disposto a pagar máis por estes alimentos. Xa está solicitado o rexistro da marca denominada “Leite de pastoreo de Galicia” na Oficina Española de Patentes y Marcas, e as explotacións acollidas a ela deberán demostrar que cumpren coas condicións mínimas establecidas para o pastoreo das vacas, o que supón un investimento importante en tecnoloxía de control destes animais. Por todo o exposto, a Comisión insta o Goberno Galego a que apoie ás explotacións adheridas á marca “Leite de pastoreo de Galicia” mediante o financiamento de sistemas homologados de certificación do pastoreo,

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

co fin de orientar a transformación do sector ao pastoreo e dar máis viabilidade económica ao agro galego.

117. Neste mesmo ámbito, a Comisión recomenda impulsar as medidas incluídas na Estratexia galega do sector lácteo, en particular aquelas dirixidas ao incremento do valor do produto leite. Con dúas liñas de actuación principais: a redución de custos de produción nas explotacións (cooperativas, terras,...) e tamén mediante a posta en marcha de axudas a industrias agrarias que xeren valor á transformación do leite.

118. A Comisión insta a Xunta de Galicia a dar continuidade, á imaxe do feito coa Estratexia de Dinamización do Sector Lácteo Galego, coa aprobación de plans estratéxicos noutras actividades de produción e transformación, en particular, gandaría extensiva e intensiva, o viñedo, as producións hortofrutícolas, a produción ecolóxica e o cumprimento do plan forestal.

119. Comercialización agraria: A crise sanitaria que comezou en marzo de 2020 afectou, e segue afectando, o sector primario, e especialmente os produtores que comercializaban os seus produtos a través dos mercados non sedentarios e da restauración (hoteis, cafetarías e restaurantes). A creación (pola Consellería de Medio Rural) da canle alternativa *Mercaproximidade*, co fin de dar saída a estes produtos en tanto existisen restricións nas vías convencionais xa citadas, tivo un efecto significativo sobre a comercialización destes produtos frescos e transformados agrogandeiros a través da gran distribución baixo a denominación *VouDeSuperfeirón*. Porén, existen pequenos produtores que non poden acomodarse ás demandas das grandes superficies, que precisan produtos estandarizados e cantidades mínimas agrupadas, para os que a saída natural dos seus alimentos producidos é a venda de proximidade, directa ao consumidor ou a establecementos comerciais a retallo. Cómpre reactivar esta vía mediante ferramentas telemáticas, que ademais permiten informar o consumidor sobre cales son os produtos de tempada e con orixe en Galicia. Porén, o desenvolvemento individual destes mecanismos de venda resulta demasiado custoso en moitos casos. Por todo o exposto, a Comisión considera que o Goberno galego debe impulsar a creación dunha web de venda de produtos agroalimentarios a retallo ao abeiro da canle *Mercaproximidade*, na que poidan participar os pequenos produtores que o desexen.

120. Promoción, comercialización e internacionalización dos produtos agroalimentarios galegos, a través do impulso da dixitalización e automatización na comercialización de produtos galegos de calidade: a pandemia xerou un importante incremento no consumo a través de plataformas dixitais e mercados online no pasado ano, o que permitiu impulsar o consumo de produtos das diferentes denominacións de orixe, indicacións xeográficas protexidas e agricultura ecolóxica de Galicia. Cómpre aproveitar esta circunstancia para impulsar a dixitalización do sector, polo que a Comisión insta a Xunta á creación dunha liña de apoio para que as empresas agroalimentarias e B2B se adhiran a plataformas dixitais como canles adicionais de venda, atención ao cliente e márketing dixital.

121. Favorecer a promoción, comercialización e internacionalización dos produtos agroalimentarios galegos, a través da sensibilización, promoción e potenciación do consumo local: a necesidade de dar a coñecer, prestixiar e poñer en valor as producións agroalimentarias galegas pode realizarse mediante o deseño de mercados de calidade, que actúen ademais como polo de atracción de visitantes e turistas, contribuíndo así á

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dinamización socioeconómica do territorio. Por iso, a Comisión recomenda á Xunta de Galicia que impulse a creación de mercados singulares en localizacións emblemáticas das catro provincias galegas, deseñando a marca "mercado singular" e desenvolvendo unha imaxe innovadora para mercados en contornas de alto valor patrimonial, de xeito que se conxugue a tradición e calidade coa innovación na comercialización de produtos de calidade e artesanía alimentaria.

122. Mobilización e recuperación de terras agrarias para incrementar a actividade agraria como elemento dual de recuperación económica e da poboación no rural: no marco da aprobación e desenvolvemento da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, a creación de actividade económica no medio rural enténdese como unha clave para a recuperación económica e a mitigación do impacto da covid-19 sobre a economía, así como para consolidar a actividade no medio rural como elemento clave para o desenvolvemento rural. Ademais da recuperación económica asociada directamente á actividade agraria, esta pode ser, pola súa vez, o xerme e complemento de novas actividades económicas que impulsen o desenvolvemento rural, polo seu potencial para xerar empresas provedoras de novos servizos, tanto no eido da produción e comercialización como no do turismo, ocio ou benestar, así como na xeración de produtos con valor engadido que aseguren un nivel de renda suficiente. Por iso, a Comisión considera recomendable poñer en marcha polígonos agroforestais para favorecer a implantación de novas iniciativas produtivas agrarias ou a ampliación da base territorial das xa existentes, cunha selección de ámbitos de actuación nos que se dean as condicións idóneas para iniciar a planificación e desenvolvemento destes instrumentos de recuperación da terra agraria.

123. Co obxecto de dar cumprimento aos obxectivos establecidos na Lei de recuperación de terra agraria de Galicia, a Comisión propón ampliar o orzamento da última convocatoria en 2020 das axudas para apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas e para a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas.

124. Plans de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo: No marco da aprobación e desenvolvemento da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, promóvese a creación de actividade económica no medio rural mediante a recuperación do patrimonio construído, o impulso de actividades innovadoras en sectores diversos e a realización de actividades económicas no rural que non teñen que ser exclusivamente do ámbito agrario. Estas actuacións impulsaranse a través dos plans de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo, regulados na lei e que inclúen o fomento da mellora da habitabilidade das vivendas, atendendo a técnicas de rehabilitación de edificacións rurais tradicionais con criterios de eficiencia enerxética e de integración paisaxística; a rexeneración e renovación dos espazos públicos; a implantación de sistemas alimentarios locais e canles curtas de comercialización; a promoción de estratexias para a xeración de valor engadido nos produtos agroalimentarios; o deseño de modelos de negocio local sustentables; ou o desenvolvemento de solucións baseadas na natureza. Na actual situación, a Comisión insta a Xunta a axilizar a posta en marcha dos plans de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo destinados a rexenerar e xerar actividade económica a través da conservación e utilización do patrimonio construído do rural galego.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

125. Actualización lexislativa da calidade diferenciada dos produtos con denominación de orixe e indicación xeográfica protexida. Actualmente contamos cunha lei de calidade alimentaria con 16 anos, que quedou superada pola realidade normativa nacional e europea, así como polas novas tendencias produtivas e sociais, tanto desde o punto de vista da oferta como desde o punto de vista da demanda. A Comisión considera necesario proceder á actualización da lexislación existente en materia de calidade de cara a garantir e protexer os produtos de calidade diferenciada de Galicia.

126. A Comisión insta a Xunta de Galicia a elaborar un plan de apoio aos matadoiros e á industria de transformación para a valorización dos produtos cárnicos galegos.

127. Garantir a conservación do patrimonio natural e biodiversidade do banco de xermoplasma co fin de valorizar os recursos fitoxenéticos. O banco de xermoplasma do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) representa a maior riqueza da nosa biodiversidade, con preto de 4.500 variedades de especies de horta, cereais, millo, froiteiras e pratenses. A Comisión considera necesario investir no banco de xermoplasma do CIAM, mellorando a súa eficiencia enerxética, e coa incorporación dunha área para a multiplicación da semente, co obxectivo de transferir ao sector produtivo semente en pureza. Por estas razóns, a Comisión insta a Xunta a desenvolver un proxecto para a execución do banco de xermoplasma do CIAM co obxectivo de impulsar a variedade de especies de horta, cereais, millo, froiteiras e pratenses.

128. Creación da Fundación de Investigación Agraria Aplicada. A Comisión considera necesario contar cun novo instrumento, con personalidade xurídica propia, que teña por obxectivo o de reforzar a investigación, e como solución para as grandes dificultades que na actualidade ten atraer e reter talento investigador. Debería ter unha vocación decidida cara á transferencia ao sector produtivo, así como unha participación publico-privada que permita garantir a sustentabilidade das liñas de investigación, facilitando ao sector produtivo acadar mellores niveis de rendemento e eficiencia co obxectivo de fomentar a innovación. Deste xeito, a Comisión insta a Xunta á creación da Fundación de Investigación Agraria Aplicada para mellorar a competitividade do sector agrario.

MAR

129. Solicitar do Goberno de España a adecuación dos actuais ERTE ás necesidades do sector marítimo-pesqueiro: Dada a necesidade dunha adaptación organizativa da actividade produtiva do sector marítimo-pesqueiro galego ás novas circunstancias derivadas da pandemia do covid-19, os traballadores do mar deben poder contar con certeza no traballo e tamén nas situación excepcionais deste, como a que se deu coa promulgación dos actuais ERTE. Dada a experiencia destes meses no emprego dos ERTE, cómpre a revisión dalgúns dos seus extremos para mellorar a súa definición e adecuación á realidade cambiante, como é o caso da forza maior. Para determinados produtos profundamente afectados polas circunstancias do mercado (caída de demanda) sería adecuada, como alternativa, a equiparación das vantaxes dos ERTE de forza maior aos de circunstancias organizativas. A Comisión considera necesario demandar da Administración xeral do Estado unha adecuación dos ERTE ás necesidades do sector, para poder atender aquelas persoas que, dentro da empresa, non figuren como positivos ou contactos estreitos, e, alén disto, clarificar e definir de mellor maneira a determinación dos mesmos por causas de forza maior e non por causas organizativas, especialmente nas

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

etapas nas que as medidas contra a pandemia que afectan os mercados de produtos do mar reducen a demanda significativamente.

130. Melloras na xestión pesqueira que permitan unha verdadeira flexibilización, así como maior dispoñibilidade de cotas de pesca: A xestión da pesca ten que ser flexible para que a organización da actividade extractiva permita paliar os efectos da pandemia da covid-19. A Unión Europea prevé na actualidade mecanismos que permiten esa flexibilización, pero cómpre que sexan máis accesibles e se adecúen a todas as circunstancias que fan mudar as pautas de consumo. A pronta determinación das cotas dispoñibles tamén axuda a xerar un ámbito de traballo que permite unha mellor organización e, polo tanto, unha máis eficaz subministración de produto á poboación nun contexto de crise como o actual. Por estes motivos, a Comisión insta a Xunta de Galicia a demandar da UE e do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación unha mellora da xestión pesqueira que permita axeitar a extracción dos recursos, a través dalgún ou varios dos seguintes medios:

131. A realización de distribución de TAC e cotas cara ao ano 2021 e 2022;

132. O adianto das posibilidades de pesca do ano vindeiro, atendendo á situación de escaso consumo durante as etapas de afectación da pandemia;

133. Aumento da porcentaxe de flexibilización interanual da cota, aumentando esta desde o 10 % ao 25 %, podendo incluso ser maior no caso das especies peláxicas cuxa campaña temporal de pesca así o permita.

134. A xeración dunha nova ordenación e xestión das pescarías en España derivadas desta afectación das condiciones sanitarias, a debida regulación da oferta e a temporalidade da presenza en augas españolas das diferentes especies.

135. Melloras na dixitalización do sector marítimo-pesqueiro: No inicio da pandemia determinados sectores produtivos foron considerados como esenciais. Tal foi o caso da actividade pesqueira, xa que a provisión de alimento por parte do sector primario xustifica as posibles eventualidades. Esta cualificación non pode supoñer una minoración na protección dos traballadores do mar e dos traballadores na cadea de subministración, nin tampouco a súa discriminación respecto doutros sectores. En consecuencia, a experiencia nestes meses de pandemia da covid-19 revelou como necesario poder contar con novas ferramentas a distancia tamén no sector marítimo, así como unha verdadeira adaptación ás novas tecnoloxías dixitais para mellora dos servizos prestados. Trátase de evitar a derivación de funcións de forma obrigada cara ás entidades asociativas e minoraríase a falta de presenza das administracións, sobre cuxa atención se xeraron queixas neste período da pandemia. Por iso, a Comisión insta a Xunta de Galicia a impulsar unha mellora da dixitalización do sector e a promoción da asunción de competencias e destrezas no manexo dixital entre os profesionais, como contrapunto ao peche da atención presencial e como método de mellora das capacidades para a xestión diaria.

136. Melloras na protección da saúde dos traballadores do mar fronte á covid-19: A cualificación como esencial evidencia tamén a necesidade de incrementar a protección da saúde dos traballadores do mar, que nos primeiros estados de alarma se viron discriminados respecto doutros profesionais. A Comisión considera que tanto a Xunta de Galicia como as demais administracións deben colaborar na automatización da posta á disposición dos medios de protección axeitados, con atención ás actividades esenciais en

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

función da súa declaración como tal e en coherencia con esta consideración, evitando casos coma o do inicio da pandemia, onde non se deu preferencia a estas actividades marítimo-pesqueiras pese a ser consideradas como esenciais.

137. Melloras na definición de protocolos no eido do mar: A experiencia nestes meses de pandemia pon de manifesto a necesidade dunha revisión dos protocolos, en xeral, e no caso de positivos por covid-19, en particular, de maneira que se poida dar unha resposta máis áxil e eficaz desde todas as administracións involucradas. A Comisión considera necesario demandar a todas as administracións públicas a adecuación de protocolos específicos de atención a casos de covid-19 entre os profesionais do mundo do mar, definindo e desenvolvendo as pautas para cada unha das administracións competentes involucradas, especialmente naqueles casos que se poidan dar a bordo dos buques de pesca.

138. Ampliación dos programas de vacinación dos profesionais do sector marítimo-pesqueiro: Na actualidade, os profesionais do sector marítimo-pesqueiro subsúmense no réxime do Instituto Social da Mariña, que prevé, entre outros labores, a promoción da saúde dos traballadores do mar. Neste contexto, e á luz da experiencia do acontecido en relación cos profesionais do mundo da pesca e dentro deste réxime específico, cómpre ampliar os actuais programas de prevención de enfermidades e, en concreto, de vacinación existentes conforme a nova campaña de vacinación contra o covid-19. A Comisión insta, por iso, a Xunta de Galicia á aplicación da protección actual aos profesionais do sector marítimo-pesqueiro, coa inclusión dos procedementos de vacinación contra a covid-19 dentro dos programas xerais de vacinación que o Instituto Social da Mariña desenvolve a través de Sanidade Marítima, e que xa atinxe enfermidades especialmente graves como o tétanos, a gripe e a hepatite B.

139. Ampliación das axudas amparadas pola covid-19 no marco do Fondo europeo marítimo e da pesca e do Fondo europeo marítimo da pesca e da acuicultura: Debido á excepcionalidade da pandemia derivada do covid-19, habilitáronse novas axudas específicas para o sector marítimo-pesqueiro no ámbito da UE, cofinanciadas co Fondo europeo marítimo e da pesca. A excepcionalidade destas medidas estaba ligada de inicio a un período determinado de duración, mais na actualidade cómpre facer unha extensión destas axudas conforme xa se vén demandando desde varios estados membros da UE. Cómpre, así mesmo, dar unha maior extensión e impulso ás actuacións no eido da I+D+i. En canto que a Comisión Europea entende que se debe modificar o FEMP actual e propón esperar á publicación do novo FEMPA aprobado, estimamos oportuno apoiar esa actuación sempre e cando non exista interrupción dos apoios ata a publicación do sinalado FEMPA. A Comisión insta por iso a Xunta de Galicia a apoiar a petición de Croacia (secundada por Malta, Polonia, España, Francia, Italia. Chipre e Bulgaria) sobre a solicitude da continuidade das axudas á pesca pola covid-19 durante 2021, sen que se produza unha interrupción pola entrada en vigor do novo FEMPA e achegando apoio específico á I+D+i mediante a colaboración público-privada.

140. Dixitalización da actividade comercial: É necesaria unha adecuación dixital das actividades comerciais ás circunstancias da pandemia e consolidala para adaptar esta actividade afondando nas ferramentas dixitais que se puxeron en marcha por mor da nova situación. A este respecto, deberase xerar un traballo en común entre o sector e a Administración autonómica para poñer en marcha a planificación. A Comisión insta, en

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

consecuencia, a Xunta de Galicia a adecuar os avances cara a un cambio na comercialización dirixido a unha dixitalización desta, cunha reorientación do sistema comercial marítimo-pesqueiro, avogando pola dixitalización e o emprego das plataformas online e a loxística de porta a porta, de tal forma que se sosteñan as canles comerciais e se poida seguir traballando en puntos afastados situados na nosa costa. Centrándose basicamente en tres aspectos:

141. Na organización da oferta, apuntalado na agregación de oferta de produtos e no sostemento e dispoñibilidade dela.

142. Na adecuación da oferta á demanda, baseada nos novos hábitos de consumo e a súa afectación por esta nova situación social, cunha necesaria innovación comercial, e a adecuación aos novos formatos de compra e á obtención de valor engadido.

143. No estímulo de consumo, baseado na realización de campañas de fomento e promoción de produtos do mar e do seu consumo mediante a mellora da súa accesibilidade por custo, alén de centrar tamén aquelas no aumento da valorización dos produtos, co acento nos beneficios do seu consumo, na rastrexabilidade e identificación da orixe daqueles nacionais ou locais, de forma que se xere maior confianza dos consumidores en produtos ou marcas.

144. Adecuación do IVE dos produtos do mar conforme os criterios dos demais estados membros da UE: Dado o carácter básico que representan os produtos alimentarios, cómpre que os produtos do mar sexan recoñecidos como tales en todos os ámbitos e dimensións posibles e, polo tanto, se adecúe a porcentaxe do seu IVE conforme o dito criterio. Deste modo, ademais de evitar unha clara discriminación respecto doutros produtos similares, adecuaríase a fiscalidade conforme os criterios dos demais estados da nosa contorna que xa o teñen nun tipo máis reducido. A Comisión insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España unha adecuación do IVE dos produtos do mar, co paso do tipo do 10 % ao 4 %, en consonancia con outros estados da UE e a debida consideración dos produtos do mar como alimento básico ou de primeira necesidade.

145. Apoio á dixitalización para desenvolvemento e mellora da Administración electrónica: A dixitalización da Administración pública é un obxectivo da Administración pública en xeral e, pese aos avances feitos de cara ás relacións co cidadán, estes medios deben ser actualizados conforme as novas tecnoloxías e plataformas. O sector marítimo-pesqueiro, como suxeito administrado, non debe verse relegado a un segundo plano nas súas relacións coa Administración, de maneira que, con esta iniciativa, ademais de avanzar na maior dixitalización da Administración, facilítase a relación cun sector que cada vez conta con máis obrigas de carácter burocrático, facilitándolles o labor e o cumprimento dos seus deberes impostos. A Comisión considera necesario o desenvolvemento das posibilidades telemáticas de xestión e ordenación do sector nas súas dimensións produtivas e comerciais, con claro apoio no desenvolvemento das capacidades que pode achegar o sistema de TICPESC e a da dixitalización das lonxas PRIMARE.

146. Equiparación das confrarías como entidades equivalentes ás organizacións de produtores: Pese a que as organizacións de produtores son as entidades con recoñecemento máis estendido como entidades asociativas no sector primario, tanto a

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nivel da AXE como da UE, é necesario lembrar unha vez máis o labor das confrarías como entidades organizativas de maior tradición no sector de Galicia. A falta de entendemento desta figura organizativa fai que queden relegadas e non perciban nin os apoios nin a consideración das que si que gozan outras entidades das mesmas características. O apoio ás organizacións de produtores debería dirixirse tamén cara á incorporación das confrarías neste esquema de apoio, especialmente daquelas que teñen experiencia probada na xestión e organización da actividade produtiva e comercial. A Comisión insta por iso a Xunta de Galicia a demandar das diferentes administracións responsables un aumento da capacidade de organización comercial artellada arredor das confrarías de pescadores, cunha demanda de recoñecemento destas como entidades con capacidades de organización de produtores e da comercialización de produtos do mar.

147. Fortalecemento da capacidade das lonxas: As lonxas son o primeiro lugar de venda do produto do mar e, como tales, deben verse fortalecidas de maneira que poidan exercer un verdadeiro estímulo para as economías dos territorios fortemente ligados ao mar. Por iso, a Comisión insta a Xunta de Galicia a impulsar a remoción dos obstáculos para acadar un fortalecemento do efecto tractor e de capacidade reguladora das grandes lonxas sobre a oferta, con xeración e estímulo de canles que permitan achegar unha oferta regular e sostida e dispor dunha loxística segura e competitiva, de xeito que se poida reeditar en posibles sucesivos episodios a capacidade xa demostrada para situar diariamente a produción pesqueira galega no mercado nacional.

148. No contexto actual resultan moi necesarias accións de formación e de sensibilización para promover a remuda xeracional no sector primario e marítimo-pesqueiro. Na última década, saíron dos centros de formación dependentes da Consellería do Mar preto de 1.570 titulados profesionais en ensinanzas marítimo-pesqueiras, e tivo lugar unha ampliación da oferta formativa que propiciou que a media anual de matriculados medrase nun 60 % nos últimos dez anos. Neste senso, a Comisión propón o impulso de programas e incentivos específicos para a empregabilidade de mozos e mozas na diversificación do sector primario do agro e do mar e na transformación dos produtos destes sectores.

INDUSTRIA

149. Galicia é unha economía especializada na industria: o 16 % do valor engadido bruto procede do sector industrial, un punto máis que no conxunto do Estado, e unha parte importante mantense forte e resiliente ao impacto económico da pandemia. Este é o caso do sector da automoción, que representa ao redor do 15 % do noso PIB, que facturou unha cifra récord superior aos 10.400M€ no 2020. De feito, a industria presenta unha contracción do 8,6 % en Galicia, máis dun punto inferior á media nacional (9,4 %). Con todo, a industria galega debe continuar avanzando na súa transformación e competitividade apoiándose cada vez máis na dixitalización, a innovación, a sustentabilidade e o talento. Neste camiño, precisa manter o apoio permanente recibido desde a Xunta de Galicia a través de seus plans e medidas, cun enfoque estratéxico que vai desde contribuír ao seu fortalecemento, mellorando o seu financiamento, ata o impulso da súa innovación, dixitalización e competitividade, apoiando tamén a súa expansión exterior. Téñense artellado programas, como o de Fábrica do Futuro, os Centros de Fabricación Avanzada, os Hubs de Innovación Dixital, as axudas á dixitalización de pemes, etc.; e posto en marcha dous novos fondos financeiros (cun total de 60 millóns

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de euros, coordinados por Xesgalicia) para apoiar grandes proxectos, especialmente aqueles que teñan un efecto tractor sobre pemes e autónomos, así como a transformación do tecido produtivo galego, co foco naqueles sectores que precisen reinventarse como consecuencia da covid-19. A Comisión considera necesario impulsar e actualizar a Axenda Industria 4.0, en liña coas directrices xerais da nova estratexia industrial para unha Europa ecolóxica, dixital e competitiva a escala mundial, reforzando a participación do sector no PIB, e promovendo políticas industriais activas que impulsen a diversificación da estrutura produtiva de Galicia, con especial atención ás actividades económicas de maior valor engadido, maior intensidade tecnolóxica e con maior contido en coñecemento.

150. Tamaño empresarial: As pemes (igual que no resto de España) representan case a totalidade do tecido produtivo galego, cun claro predominio das microempresas. De feito, o 96 % das empresas da nosa Comunidade non teñen asalariados ou ben estes non chegan á cifra de 10. O reducido tamaño das empresas pode supoñer unha importante desvantaxe, pois canto máis pequena, máis dificultades pode ter para investir en innovación, modernización ou mesmo internacionalizarse, limitando a súa competitividade nunha economía cada vez máis global. Neste contexto, convén poñer en marcha actuacións para crear un contorno favorable para os procesos de crecemento empresarial, prestando especial atención ás empresas innovadoras e de base tecnolóxica (*Startups*). Por estes motivos, a Comisión considera necesario establecer medidas de apoio destinadas a impulsar o aumento do tamaño das empresas galegas.

151. A Comisión insta a Xunta de Galicia a elaborar xunto coas administracións e institucións con competencias na materia e os axentes económicos e sociais un programa de fortalecemento das pemes galegas, especialmente con medidas de internacionalización, dixitalización e colaboración empresarial, así como mellorar os instrumentos financeiros de apoio.

152. Axenda de transición enerxética: Galicia é a segunda comunidade que máis enerxía renovable xerou durante 2020. Así, as tecnoloxías verdes representaron o 75,7 % da produción eléctrica galega, tras un incremento do 14,5 % en relación co ano anterior. Fundamentalmente, este crecemento foi posible grazas ao sector eólico, que produciu un 14,8 % máis que en 2019 tras a posta en funcionamento de 439,34 MW a través de 18 novos parques. Galicia consegue así pechar cun máximo de cota eólica no mix (40,7 %). Lograr estes resultados e unha Galicia máis verde, no entanto, debe ser compatible cunha transición xusta e ordenada para os territorios afectados polo cambio do modelo enerxético. Neste sentido, compre impulsar as medidas necesarias que permitan garantir un presente e un futuro para o mantemento do emprego desde a planificación e a colaboración entre as partes implicadas. A Comisión considera que se debe impulsar unha axenda galega de transición xusta para que Galicia continúe a ser punteira na implantación de enerxías renovables, moi especialmente en relación co desenvolvemento eólico, como unha gran aposta para a reactivación económica e social, especialmente no medio rural, ademais de contribuír á loita contra o cambio climático. Este compromiso cunha Galicia máis verde debe ser necesariamente compatible coa busca de alternativas que manteñan operativas as centrais térmicas a través do uso dos biocombustibles, de xeito que se garanta o emprego das comarcas afectadas.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

153. Estatuto electrointensivo: O estatuto dos consumidores electrointensivos vixente non garante un prezo eléctrico competitivo para a industria hiperelectrointensiva galega, sendo este un elemento determinante para o seu futuro. A Comisión, seguindo o acordado polo Parlamento en ocasións anteriores, considera que é o momento de aplicar unha serie de medidas básicas que garantan o futuro das empresas electrointensivas en Galicia e paliar os efectos sobre o emprego que a pandemia está a xerar:

    154. Aplicar a contía máxima das compensacións por custos indirectos de CO_2 que permite a Comisión Europea.

    155. Establecer un sistema de poxas de interrompibilidade, recollendo a figura do consumidor hiperelectrointensivo, como fan outros países europeos.

    156. Examinar as peaxes de transporte.

    157. Exonerar, en lugar de compensar, o 85 % dos cargos de renovables e coxeración.

    158. Reducir a fiscalidade cunha exención do imposto de xeración eléctrica sobre as electrointensivas.

159. Por isto, a Comisión reitera a necesidade de volver solicitar ao Goberno de España a modificación urxente do Real decreto 1106/2020, do 15 de decembro, polo que se regula o estatuto dos consumidores electrointensivos, para os efectos de incorporar todas as alegacións formuladas pola Comunidade Autónoma de Galicia e a industria electrointensiva, co obxectivo de que sexa un instrumento útil para o mantemento deste sector. Neste sentido, é esencial que o novo estatuto recolla a figura do consumidor hiperelectrointensivo e aborde medidas económicas e fiscais efectivas para garantir unha rebaixa do custo da enerxía eléctrica, que permita ás nosas empresas ser competitivas respecto aos países da contorna.

160. Transición xusta para a industria galega: A política enerxética e ecolóxica do Goberno central está a levar a industria galega a unha situación crítica debido á falta de planificación das decisións tomadas, provocando un gran número de incertezas que impactan directamente nas medidas adoptadas por empresas como Alcoa, Endesa ou Ence. A transición cara a unha economía máis verde deber ser xusta e garantir a continuidade da actividade industrial e o mantemento do emprego en sectores industriais estratéxicos, polo que a Comisión demanda unha transición xusta e ordenada, que facilite a adaptación das empresas ao novo contexto económico e priorice o mantemento dos postos de traballo, especialmente en comarcas como Ferrolterra, A Mariña e Pontevedra, onde o impacto das medidas adoptadas pode acabar co futuro de miles de empregos. Neste sentido, a Comisión considera imprescindible que o Goberno de España colabore e traballe coa Xunta de Galicia para:

    161. Promover a viabilidade da central térmica das Pontes a través da utilización de biocombustibles.

    162. Pechar canto antes a operación de compra-venda da fábrica de aluminio primario de Alcoa en San Cibrao.

    163. Defender a continuidade de ENCE achegando as certezas e garantías necesarias para que se manteña a actividade e o emprego en Pontevedra.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

164. Carga de traballo para Navantia: Navantia require con urxencia que se cumpran os compromisos do Goberno central para garantir a súa supervivencia en Galicia, así como o futuro do emprego. A falta de encargos provocou que as gradas volvan estar baleiras tras a entrega do segundo buque loxístico AOR para a Armada australiana. Unha situación critica que se une ao atraso na execución das fragatas F-110, cuxo inicio se fixa para o verán de 2022. Por outra banda, o freo do Plan de modernización do estaleiro Navantia Ferrol aprobado en xullo de 2018, coa ausencia do dique seco nos Orzamentos Xerais do Estado, unha infraestrutura estratéxica para a viabilidade futura do estaleiro, e co bloqueo do taller de sub-bloques, implican que este ano non se executará o único investimento aprobado. Por todo, a Comisión insta o Goberno de España a dotar de carga de traballo inmediata ao cadro de persoal de Navantia Ferrol e a industria auxiliar, mediante a encarga da construción dun buque de acción marítima para a Armada española, así como a execución dos investimentos comprometidos para o Estaleiro 4.0, que inclúe o dique cuberto e o taller de sub-bloques.

165. Pacto de Estato por Ferrol. É preciso abordar de xeito decidido e valente un proceso de transformación e desenvolvemento das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal. A situación de empresas como Navantia, a central das Pontes, Siemens-Gamesa, Alcoa e a industria electrointensiva levou a un aumento do desemprego no ano 2020 dun 18,76 %, catro puntos máis que a media galega. Por este motivo, a Xunta de Galicia abriu un espazo de diálogo e de consulta a todos os niveis que deu como resultado unha proposta inicial para un Pacto de Estado por Ferrol, con medidas concretas para sacar a estas comarcas da crise industrial e económica que está poñendo en perigo o seu futuro desde a unidade de acción por parte de todas as administracións. Por todo iso, a Comisión insta o Goberno central —principalmente—, a Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña e os concellos de Ferrolterra a que confirmen canto antes a súa disposición a colaborar coa posta en marcha de políticas que mobilicen os investimentos necesarios para reactivar industrialmente esta comarca segundo esta folla de ruta.

166. Construción en madeira: A industria forestal está chamada a liderar os avances cara a un modelo de economía máis sustentable e circular, en tanto que a madeira e os produtos forestais son un recurso renovable, reciclable e biodegradable. A metade da madeira que se corta en España procede dos montes galegos e, ademais, en Galicia contamos cun ecosistema industrial específico sólido e competitivo que posúe o coñecemento e as capacidades necesarias para diversificar a súa produción, xerando nova riqueza e emprego, especialmente no medio rural. Neste contexto, cómpre que a Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) continúe a impulsar o uso da madeira como material en edificacións e rehabilitacións, aproveitando todas as súas vantaxes (baixa pegada de carbono, escasa duración da obra, redución dos residuos, eficiencia enerxética, etc.), poñendo en valor as calidades da madeira galega da man de sectores como a construción e o *contract*. Por tanto, a Comisión insta a Xunta e as demais administracións públicas a fomentaren o coñecemento e a divulgación de deseños de hábitats naturais, promovendo nos edificios públicos e privados a utilización de madeiras locais certificadas como elemento decorativo e construtivo, que permitan unha maior humanización dos espazos destinados á cidadanía, ademais de servir como impulso á cadea de valor da industria forestal galega.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

COMERCIO DE PROXIMIDADE

167. Pese a que o comercio galego está a resistir mellor a situación actual que o conxunto de España (o índice xeral do comercio a retallo crece de media en Galicia un 7,4 % no que vai de 2021 con respecto ao mesmo período do ano anterior, mentres que a media estatal rexistra unha suba do 5,9 %; ao tempo que en 2020 o descenso das vendas do sector foi 4,4 puntos inferior ao conxunto de España), trátase dun dos sectores máis afectados polas consecuencias da pandemia. Falamos dunha peza esencial da economía e do emprego, polo que puido acollerse ás diferentes iniciativas e programas de apoio específico, facilitándose tamén o seu acceso ao Plan de rescate de autónomos e micropemes. Para este 2021, está activado un Plan de axudas ao comercio galego, no que xa se teñen adoptado medidas para a súa dinamización, como os Bonos Activa Comercio e o Plan Renove Electrodomésticos, ás que se sumarán outras vinculadas á dixitalización dos establecementos de proximidade. Neste contexto, a Administración galega debe dar continuidade as anteditas medidas co fin de asegurar a sustentabilidade do pequeno comercio para que poida saír reforzado desta crise sanitaria, impulsando o apoio á súa adaptación ao novo escenario.

MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

168. En moitos ámbitos a pandemia demostrou a importancia que ten acelerar a implantación de proxectos e o cumprimento de obxectivos que, estando xa na axenda política europea, española e galega, contribuirán, por unha banda, á recuperación económica e, por outra, a facer o noso contorno social e económico máis resiliente diante de crises como a que estamos a vivir. A necesidade de adiantar os procesos de cambio fíxose moi obvia no ámbito do medio ambiente e, en xeral, no que atinxe as contornas nas que as persoas desenvolvemos a nosa vida (ordenación do territorio, mobilidade, vivenda). As restricións aos contactos sociais evidenciaron a necesidade de avanzar no desenvolvemento de espazos máis respectuosos co medio ambiente, máis abertos e máis adaptables ás necesidades humanas, mesmo en situacións extremas como as vividas durante os confinamentos.

169. Adicionalmente, na próxima década, Galicia enfrontarase a unha mudanza da súa climatoloxía derivada do fenómeno global do cambio climático. Ante iso, deberemos tomar medidas para mitigar as causas do cambio climático e para paliar os efectos que este fenómeno xa está a manifestar.

170. Nos próximos anos, será necesario continuar avanzando na asunción dos principios da economía circular, impulsando medidas que xeren emprego verde na nosa comunidade e avanzar en modelos de vertebración do territorio e mobilidade que sexan respectuosos co medio natural.

171. Obxectivos no ámbito medioambiental que, a raíz da propia pandemia, a UE quere impulsar, polo que boa parte dos investimentos financiados cos Fondos NGUE serán destinados á transición cara a unha sociedade máis sustentable medioambientalmente, ocasión que Galicia ten que aproveitar.

172. Xestión eficiente dos residuos: A pandemia sanitaria da covid-19 comporta novos retos para a xestión dos residuos e a necesidade de adaptarse á nova realidade. Ademais, xunto a isto, a Comunidade galega debe avanzar e seguir tomando medidas para cumprir as exixencias marcadas por Europa. O obxectivo debe ser continuar camiñando cara á

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

economía circular, apostando por unha xestión dos residuos moderna e eficiente, e por impulsar o emprego verde na nosa comunidade. E tamén debe continuarse a liña iniciada coa aprobación neste mesmo ano 2021 da Lei de residuos e solos contaminados, tomando medidas orientadas a loitar contra os plásticos dun só uso e contra o desperdicio alimentario, en colaboración permanente cos concellos, titulares das competencias en materia de xestión de residuos. Por todo isto, a Comisión propón:

173. Instar a Xunta a ter preparada, para poder responder a posibles necesidades futuras, unha zona de tratamento dos residuos sanitarios como a que estivo operativa nos últimos meses e que permitiu xestionar un total de 285.280 quilogramos de residuos sanitarios de baixo risco mediante un proceso de valorización enerxética a máis de 850 ºC.

174. Xeneralización en Galicia do quinto contedor para a materia orgánica coa posta en marcha de 3 plantas públicas de compostaxe de biorresiduos domésticos nas provincias de Pontevedra, Lugo e Ourense, que se sumarán á de Sogama en Cerceda e ás plantas públicas e privadas actuais e futuras de compostaxe industrial. Ao mesmo tempo, acometer a reforma das 13 plantas de transferencia de residuos coas que conta Galicia, para mellorar as súas capacidades de tratamento e características técnicas, co obxectivo de dar cumprimento ás directrices europeas en materia de xestión sustentable de residuos e xerar emprego verde, creando postos de traballo a nivel local.

175. Fomentar a innovación e a posta en marcha de proxectos de reciclaxe que incidan na redución de plásticos tras a aprobación da Lei de residuos e solos contaminados.

176. Impulso á economía circular: Para afrontar o fenómeno do cambio climático, a Xunta deberá tomar medidas para mitigar os seus residuos e paliar os efectos que este fenómeno xa está a manifestar. Para isto, será necesario continuar avanzando na asunción dos principios da economía circular. A natureza global do cambio climático exixe a colaboración de todas as administracións, e particularmente do Goberno de España; o apoio dos fondos europeos; e o traballo conxunto coas entidades locais. Tendo en conta esta realidade, a Comisión propón:

177. Instar a Xunta a propor ao Goberno de España un pacto nacional pola Axenda 2030, no que se fixen e clarifiquen os obxectivos e mecanismos que permitan o cumprimento desta folla de ruta universal e, sobre todo, o financiamento necesario para logralo en condicións de equidade en todo o país.

178. Continuar impulsando a extensión do Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía ata chegar a todos os concellos de Galicia, aumentando a contía das axudas para os concellos.

179. Continuar aplicando a Estratexia de Cambio Climático e Enerxía 2050 e revisar as súas medidas para que Galicia poida seguir converxendo con Europa reducindo as súas emisións contaminantes. Ademais, tomar as medidas necesarias para que as administracións públicas sexan neutras desde o punto de vista climático.

180. Reforzar e avanzar nos espazos protexidos: Ademais de coidar o medio ambiente reducindo o dano que a nosa actividade social e produtiva poida producir nel, Galicia

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tamén debe avanzar na conservación dos nosos espazos naturais protexidos, combinando este traballo co impulso dun turismo sustentable e de natureza, respectando a paisaxe, a natureza, a flora e a fauna que nos rodean e que fan de Galicia un lugar único. A Comisión insta por iso a Xunta a:

181. Completar a estratexia de protección e potenciación dos espazos naturais de Galicia, dotándoos dos necesarios instrumentos de xestión.

182. Rematar a avaliación dos estudos técnicos que sexan necesarios para os efectos de aumentar a protección das especies e hábitats sensibles e vulnerables.

183. Aprobar gradualmente os plans de conservación e recuperación de especies ameazadas, en perigo de extinción e vulnerables, que aínda non contan con este instrumento de xestión, para dar cumprimento ao previsto na Lei 42/2007, do patrimonio natural e a biodiversidade, e na Lei 5/2019, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

184. Promocionar os valores naturais do conxunto dos parques e apoiar a fixación de poboación no territorio destes espazos.

185. Potenciar os parques naturais como valor de desenvolvemento económico e dinamizador das economías locais.

186. Impulsar un plan de promoción conxunto das reservas da biosfera de Galicia, fomentando experiencias turísticas sustentables, o seu desenvolvemento socioeconómico e impulso de novos xeoparques en Galicia.

187. Elaborar o inventario galego de humidais previsto no Decreto 127/2008, do 5 de xuño.

188. En relación co urbanismo e a paisaxe, a Comisión considera necesario:

189. Acelerar o desenvolvemento da Infraestrutura Verde de Galicia, para unha ordenación integral do territorio desde o punto de vista ambiental

190. Aprobación da Lei de arquitectura, para crear un marco xurídico axeitado para garantir a calidade arquitectónica e urbanística, e a integración na paisaxe das edificacións da nosa comunidade.

191. Completar a aprobación dos plans básicos municipais e outros instrumentos urbanísticos que permitan aos concellos dotarse de ferramentas que teñan como obxectivo un urbanismo responsable e ordenado.

192. Transformación dixital do transporte público por estrada: A Comisión considera necesario impulsar a consolidación do transporte público como medio eficaz para garantir a mobilidade dos galegos, especialmente daqueles que residen no ámbito rural. Afondar nese obxectivo leva a mellorar a información que se ofrece aos usuarios, para o que resulta básico facer seguimento das frotas e ter capacidade de distribuír eses datos en tempo real. Tamén supón impulsar servizos de transporte público baixo demanda de nova xeración que resulten moito máis flexibles, de tal xeito que as rutas e horarios poidan configurarse en cada momento, case de xeito inmediato, a partir das necesidades concretas dos usuarios. Por iso, a Comisión insta a Xunta a que impulse e avance na transformación dixital do transporte público por estrada.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

193. Creación dun selo galego de boas prácticas na construción: O establecemento de selos de calidade ou boas prácticas comporta o establecemento duns estándares éticos, legais e de calidade que redundarán en beneficio do sector e tamén da sociedade. A Comisión considera que a Xunta debe promover a creación dun selo de boas prácticas no sector da construción de Galicia.

194. En relación coa vivenda, a Comisión considera que é o momento para apoiar a rehabilitación de vivendas. Ao abeiro da Lei de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana, a Comisión considera que a posta en marcha de 3.000 vivendas a través da declaración de novas Áreas Rexurbe que se creen é un obxectivo realista, polo que insta a Xunta a desenvolvelo.

195. A Comisión considera necesario desenvolver o Pacto Social pola Vivenda 2021-2025, para mobilizar en cinco anos máis de 430 millóns de euros en actuacións e axudas en materia de acceso á vivenda, a rehabilitación e o solo residencial. A suma de investimento inducido e mobilizado, entre fondos públicos e privados, podería superar os 1.000 millóns de euros e chegar a 70.000 fogares galegos. Os seus efectos serían positivos tanto desde a mellora das vivendas, como para o impulso do crecemento económico, polo que a Comisión insta a Xunta a desenvolver, consensuadamente e o máis rápido posible, o mencionado Pacto Social pola Vivenda.

TURISMO E HOSTALARÍA

196. O turismo e a hostalaría, e todos os subsectores con eles relacionados, foron os máis afectados pola pandemia da covid-19 e as medidas restritivas e limitativas da mobilidade e a reunión que as autoridades sanitarias tiveron que decretar para conter os estragos da pandemia. Mesmo algúns subsectores, como o do ocio nocturno, tiveron que manterse completamente pechados durante todos os períodos en que se decretou o estado de alarma, e sufriron fortes limitacións o resto do tempo como consecuencia das reducións de capacidade e de horarios. Consecuentemente, estamos ante un dos sectores que más precisou e continúa a precisar o apoio das administracións públicas, cando menos en tanto non se recupere a plena normalidade.

197. A Comisión considera que os Fondos NGUE son unha gran oportunidade para potenciar o sector turístico de Galicia, impulsando a súa modernización, sustentabilidade e competitividade. Os Fondos *Next Generation* financiarán proxectos que supoñan un cambio estrutural e teñan un impacto positivo sobre a resiliencia, a sustentabilidade, a competitividade e o emprego, e, polo tanto, é necesario planificar que proxectos serán os mais axeitados para a reactivación do sector a través destes fondos. Como obxectivos prioritarios dos investimentos, a Comisión recomenda avanzar na implantación de novos modelos turísticos; avanzar cara a empresas turísticas máis resilientes; potenciar a sustentabilidade do turismo e a súa imbricación na economía circular; e transformar o sector cara a un modelo máis innovador, dixital e intelixente. En concreto, deben elaborarse proxectos singulares que actúen como tractores dun destino turístico que por si mesmos se constitúan en motivadores da viaxe:

198. A sustentabilidade turística de Galicia, a accesibilidade e mobilidade, o fomento da economía circular e a implantación de medidas de calidade (Q e Sicted), deben ser as liñas estratéxicas de cara a conseguir a recuperación do sector.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

199. É necesaria a creación de produtos ou clubs de produtos que poñan en valor a nosa historia, patrimonio, rutas, gastronomía, e do propio territorio e dos destinos comercializando os produtos autóctonos.

200. É imprescindible impulsar proxectos que aceleren a transformación dixital de toda a cadea de valor do sector turístico e que impulse á dixitalización, innovación e intelixencia turística a destinos, empresas e cidadáns como xeradores de coñecemento de valor engadido.

201. A planificación destas iniciativas vinculadas aos fondos europeos require que a Administración xeral do Estado se coordine coas comunidades autónomas e que estableza criterios de repartición obxectivos e claros que, en todo caso, deberán ter en conta a importancia do sector turístico na economía española e a incidencia tan acusada que está a ter o covid-19 neste sector

202. A curto prazo, a Comisión considera que a prioridade debe ser reforzar a imaxe de Galicia como destino seguro, na liña que xa vén traballando a Xunta de Galicia. É necesario xerar proxectos tractores da recuperación do sector nos novos escenarios poscovid-19. O impulso da sustentabilidade, a innovación e a intelixencia turística deben ir en paralelo co mantemento e reforzo das medidas hixiénico-sanitarias e outras que consolidaron a nosa comunidade como destino turístico seguro, como foron a *passcovid*, o rexistro de entrada, a realización de tests de antíxenos nos aeroportos e o seguro para viaxeiros. É necesario seguir traballando no posicionamento de Galicia como destino seguro tamén a través de campañas promocionais que axuden a manter a confianza no sector e que atraian un turista que vai a ter moi en conta este factor. Así mesmo, de cara ao Xacobeo 2021-22 e o Camiño de Santiago, as medidas de conservación, accesibilidade e sinalización dos Camiños; dos albergues ao longo destes; a posta en marcha dun sistema *online* de reservas (www.alberguesXacobeo.gal), con dispoñibilidade de reservar desde o día anterior ata as 13:00 horas do día da pernoita; así como os manuais formativos fronte á covid-19 para os axentes do sector consolidaron aínda máis a imaxe de Galicia como un destino seguro. A evolución da pandemia fai preciso seguir reforzando estas medidas de éxito e implementar outras novas de cara aos novos escenarios poscovid. É necesario formular propostas concretas para reactivar o turismo nos próximos anos, co pulo do Xacobeo, e ata que finalice a actual situación epidemiolóxica.

203. Precisamente, o Xacobeo 2021-2022 e a perspectiva da súa continuidade ao longo dunha década (2021/22-2027-2032) constitúen unha gran oportunidade para relanzar o sector turístico en Galicia. Galicia rexistrou ao longo de 2019 máis de 5,1 millóns de turistas que superaron os 10,9 millóns de pernoitas. Pasados os efectos do último Xacobeo 2010, na última década o número de turistas medrou en Galicia un 33 %, o que supuxo gañar máis de 1,2 millóns de turistas. Estes datos, en comparativa cos da década anterior, dan proba do extraordinario crecemento do turismo galego. Os datos do ano 2020, evidentemente por mor da pandemia, estarán lonxe de acadar estas cifras. Por iso, é imprescindible poñer o foco no Xacobeo 2021-2022 como motor do turismo galego:

204. Os investimentos feitos no Plan de Albergues, de cara á súa accesibilidade, embelecemento e sinalización; as accións acometidas no Monte do Gozo; a mellora e conservación dos Camiños; e as liñas de actuación do programa *O Teu Xacobeo* teñen que ter continuidade de cara á reactivación económica do sector do turismo galego.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

205. A programación do Xacobeo, froito dun intenso proceso de participación, debe continuar desenvolvéndose a través dunha folla de ruta que leve:

206. á implicación da poboación;

207. á descentralización territorial do evento;

208. á desestacionalización da programación;

209. e a unha xestión na perspectiva do conxunto do decenio Xacobeo 21/22-27-32.

210. O programa *Camiño Seguro*, unha iniciativa coa que se promove unha peregrinación adaptada á actual situación sanitaria a través dun protocolo integral de actuación nos itinerarios Xacobeos en Galicia, é unha ferramenta que ten que ter o apoio e reforzo necesario para consolidar a imaxe e marca de Galicia *Destino Seguro*, *Camiño Seguro*, *Xacobeo Seguro*, polo que teñen que seguir activas todas as medidas postas en marcha, así como a vital colaboración entre administracións, coas súas achegas económicas, tanto desde a Administración autonómica como central.

211. Débese desenvolver unha campaña de promoción e comunicación ligada ao Xacobeo que, ao mesmo tempo, axude á recuperación do sector turístico. Polo tanto, dadas as circunstancias actuais e a celebración do Ano Santo en 2021 e 2022, é especialmente necesario desenvolver unha gran acción de promoción que dea a coñecer ao público o Xacobeo, o Camiño de Santiago e todos os recursos naturais, culturais e gastronómicos de Galicia. Ademais de indicar aos potenciais visitantes que Galicia é un destino seguro que cumpre todas as garantías sanitarias

212. Tamén a curto prazo, a Comisión considera que o mantemento das axudas, ata a normalización da situación, é particularmente necesario. No ámbito das axudas públicas, a Comisión estima conveniente:

213. Continuar o apoio ao sector do ocio nocturno no exercicio 2021. Estes establecementos son dos máis afectados pola situación de crise sanitaria que estamos a padecer, xa que levan pechados desde o mes de marzo do pasado ano, cunha leve paréntese de apertura no mes de xullo. No último trimestre do exercicio 2020, o Goberno galego convocou unha liña de axudas para poder sufragar os custos de alugamento destes establecementos e que puidesen continuar coa súa actividade unha vez que a situación sanitaria permitise a súa reapertura, da que se viron beneficiados todos os establecementos que, cumprindo cos requisitos da orde de axudas, solicitaron estas. Dado que estes locais levan xa pechados boa parte do 2021, propoñemos que se convoque unha nova liña de subvencións coa finalidade de contribuír a que poidan manter a súa actividade unha vez que a situación sanitaria o permita.

214. Promover que todas as administracións, e non só a Xunta de Galicia, apoien con axudas directas o sector, axustándose ás novas circunstancias. No marco actual é necesario seguir impulsando axudas económicas transversais en forma de inxección de liquidez a autónomos e pemes do sector turístico (mobilización en préstamos, aprazamentos de pago dos préstamos do Igape), así como axudas directas para cubrir os gastos derivados da adopción de medidas de seguridade hixiénico-sanitarias. O efecto da pandemia orixinou a necesidade de axudar o sector en multitude de frontes

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nas que é obrigatoria a adaptación ás novas circunstancias. Adaptarse ás exixencias sanitarias (compra de material sanitario e adaptación de locais e terrazas); necesidade de mantemento do emprego; abordar os gastos fixos da actividade; creación de novos produtos e formas de atención ao cliente; implementación das novas tecnoloxías nos servizos; mellora da calidade da oferta turística; formación do persoal en materia das medidas hixiénico-sanitarias; así como a necesidade da desestacionalización do turismo fan imprescindible crear as ferramentas e liñas de financiamento necesarias para o mantemento das empresas do sector, tanto as de acción directa como indirecta. Esta é unha tarefa de todas as administracións. A colaboración e coordinación debe ser un eixe estratéxico no deseño e execución das axudas, orientadas ás seguintes liñas:

215. As axudas deben ir dirixidas tanto ás empresas do sector como aos consumidores finais, de forma que se cree unha economía circular que permita a continuidade, reactivación e consolidación dos produtos turísticos, e que permitan o cambio necesario no sector para garantir o seu futuro.

216. Ofertar axudas para o mantemento de empresas e do emprego.

217. Ofertar axudas para a modernización do sector, mediante as TIC.

218. Facilitar plans de emprego turístico: ocupación, formación e emprendemento.

219. Potenciar investimentos tractores no sector turístico e renovación da infraestrutura hoteleira.

220. Estender o apoio ao sector receptivo e ás axencias de viaxe con base nos produtos sustentables.

221. Facilitar axudas para a mellora da calidade da oferta turística e promover investimentos que permitan implementar medidas de seguridade hixiénico-sanitarias, permitindo posicionarnos como destino seguro e de calidade.

222. Establecer programas para o incentivo ao consumo.

223. A Comisión considera necesario elaborar un novo programa de reactivación para o turismo e a hostalaría (2021-2023), a través do diálogo co sector, como continuidade aos plans de reactivación e de choque e para seguir paliando os efectos negativos da pandemia e contribuír á reactivación e posta a punto do sector fronte á nova realidade e ás demandas do viaxeiro poscovid nun escenario novo. É necesario reforzar medidas que xa demostraron efectividade, como:

224. O turismo gastronómico (*Galicia Sabe*), turismo MICE, o Plan de mellora de infraestruturas turísticas e embelecemento, xeodestinos, así como novas liñas e plans de sustentabilidade turística, de modernización do sector e mellora da súa resiliencia e sustentabilidade.

225. A reactivación do sector pasa por crear liñas de acción focalizadas en dar solucións de liquidez e mantemento do emprego para o tecido empresarial que permitan seguir coa actividade ao tempo de dotarao sector de ferramentas precisas para adaptarse á nova realidade.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

226. Debe incentivarse o turismo interno en Galicia con paquetes turísticos orientados a colectivos diversos a través do incentivo directo do consumo (dándolles continuidade aos programas *Elixe Galicia* e bono turístico).

227. É importante tamén reforzar a imaxe de calidade turística de Galicia, así como fomentar a mellora da calidade da oferta turística galega, a través da promoción da Q de Calidade nas empresas turísticas galegas, a través da adquisición de equipamento e sistemas tecnolóxicos e de conectividade e a través da mellora da súa resiliencia e sustentabilidade.

228. Reforzar, a través de plans de formación específicos, a mellora das competencias profesionais no sector turístico en Galicia para saír reforzados da crise e tendo en conta o actual decenio Xacobeo.

229. Fomentar a cooperación entre operadores, co obxectivo de incrementar as sinerxías entre eles que permitan a creación de paquetes turísticos atractivos e competitivos.

230. Poñer en marcha unha aceleradora de novos proxectos turísticos innovadores e que acheguen a Galicia un factor de posicionamento e reforzo como destino turístico, así como de proxectos estratéxicos e tractores para o sector.

231. A Comisión considera esencial implicar o Goberno central no apoio ao sector: ampliando as medidas do plan de recuperación, transformación e resiliencia, implementando un plan de rescate para o sector, ampliación das desgravacións fiscais para o Xacobeo ata o 2023, así como o incremento de axudas directas ao Xacobeo 2021-2022. No Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o sector do turismo apenas ten presenza, a pesar do seu efecto transversal social, económica e territorialmente. Do mesmo xeito, o sector da hostalaría está a reclamar un plan de rescate para poñer liñas de axuda suficientes para a supervivencia das empresas do ramo e dos seus traballadores, a redución de impostos, no cal debe estar incluída a rebaixa do IVE. Todas as administracións deben implicarse na posta en marcha de axudas ao sector mentres continúen as restricións pola covid-19, por iso é necesario demandar ao Estado que poña en marcha un plan de axudas directas ao sector que se sumen ás que xa puxo en marcha a Xunta de Galicia. E mención especial ten a escasa ou nula presenza de financiamento para o Xacobeo nos PXE 2021, polo que é imprescindible solicitar un aumento da achega nos orzamentos xerais, en forma de axudas directas para as múltiples accións que ten a programación. O Xacobeo é un proxecto transversal, representativo de Galicia, pero extensivo a todo o territorio de España, e como tal é xerador de riqueza e emprego no conxunto do país, descentralizador dos fluxos turísticos, aproveitando os recursos de cada lugar e impulsando a cohesión territorial. Esta importancia do Xacobeo e do Camiño de Santiago no presente e futuro do sector turístico fai que se teñan que adoptar por parte das diferentes administracións as medidas necesarias para o seu impulso e fortalecemento. Por iso, faise necesario demandar unha maior implicación real do Goberno do Estado, investindo no desenvolvemento pleno do Ano Santo como motor dunha recuperación transversal, implicándose directamente con novas propostas e proxectos, máis agora no contexto en que nos atopamos na actual situación sanitaria.

232. Faise necesario que o Goberno central intensifique a súa actuación en relación á promoción de España como destino de cara ao mercado internacional e, sobre todo,

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

como destino seguro. Ese traballo non pode realizarse unicamente tomando como base unha campaña publicitaria. Ten que ir acompañado da implantación de medidas concretas que reforcen esa imaxe, colaborando coas comunidades autónomas e adoptando medidas que nos posicionen con axilidade no mercado internacional, como é o caso do certificado sanitario.

233. Co fin de garantir unha adecuada planificación da actividade inspectora e a consecución dos obxectivos de calidade e excelencia da actividade turística, a Comisión considera necesario aprobar un plan de inspección turística e de formación, promovendo a creación dunha comisión de traballo dentro do Consello de Turismo de Galicia cara a traballar contra a intrusión profesional e a procura da excelencia turística.

234. No Plan deberíanse manter os obxectivos do anterior Plan de Inspección turística 2020, dando unha continuidade á actuación da inspección turística en Galicia pero, tendo en conta a situación da evolución da pandemia e da crisis económica, adaptándoo ás circunstancias actuais.

235. Os obxectivos da actuación inspectora, que deberán someterse ao trámite de audiencia do Consello do Turismo de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 97.3 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, serán os seguintes:

236. A erradicación da clandestinidade e a intrusión profesional, e da competencia desleal.

237. A procura da calidade e excelencia turística, mediante a colaboración Administración-empresas.

238. Impulsarase a realización de cursos na Academia Galega de Seguridade Pública co obxectivo de formar aos axentes de seguridade en materia de covid19, seguridade e calidade.

239. O traballo da Comisión, a través de reunións periódicas, velará pola axilización dos trámites de denuncias, colaboración coa policía local e autonómica, e todas aquelas funcións imprescindibles para fomentar o turismo de calidade e seguro.

POLÍTICA FINANCEIRA E DE PERSOAL

240. Eliminación da taxa de reposición de efectivos: O mantemento das políticas de contención da contratación, reducindo a posibilidade de repoñer efectivos nas administracións públicas e incrementar o cadro de persoal, que se arrastra desde a anterior crise financeira pese a que xa foi superada hai anos, perdeu a súa razón de ser na actualidade, e máis aínda no contorno dunha pandemia que exixiu a ampliación dalgúns servizos fundamentais, como a sanidade, as políticas sociais e a educación. A Comisión considera necesario promover unha proposta de modificación da Lei do estatuto básico do empregado público para poder incluír nas ofertas de emprego público todas as vacantes ocupadas por persoal interino sen que resulte de aplicación ningunha taxa de reposición, e tamén as prazas estruturais das que conste que quedarán vacantes por xubilación nos vindeiros exercicios, co fin de anticipar a selección de persoal fixo que remude as empregadas e empregados públicos que se xubilan. Esta medida permitiría disipar as taxas de temporalidade nas administracións públicas e acadar a plena estabilidade dos cadros de persoal dos organismos públicos. As taxas de reposición,

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ademais e neste momento, son o elemento que está impedindo adoptar as medidas de estabilización comprometidas.

241. No ámbito do endebedamento das Administracións Públicas: As administración publicas galegas, nos seus diferentes niveis territoriais, atópanse, en xeral, nunha boa situación económica-financeira e de solvencia, e comparativamente mellor que outros territorios de España, para afrontar esta crise económica e, polo tanto, dar unha adecuada resposta económica, financeira e social. Galicia conta con esta fortaleza financeira froito do esforzo de todos os galegos e das galegas e do desenvolvemento dunha política eficiente, responsable e prudente. As facendas públicas, nesta situación de excepcionalidade, deben ser un importante motor económico e social. En consecuencia, a Comisión insta as administracións públicas de Galicia a utilizaren o seu pulo financeiro como panca de reactivación do crecemento económico, e utilizaren o recurso ao endebedamento público como fonte de financiamento de proxectos que acheguen valor nos ámbitos da transición enerxética e dixital, na innovación e nos servizos sociosanitarios.

242. En materia de servizos financeiros: Desde a crise do ano 2008, o intenso proceso de reestruturación do sistema financeiro, co peche de oficinas bancarias, está a afectar a accesibilidade aos servizos bancarios, especialmente nas zonas rurais. Esta situación viuse agravada no último ano cos procesos de integración anunciados e a busca da eficiencia por parte das entidades financeiras co uso das novas tecnoloxías. Esta realidade dificulta o acceso a servizos financeiros aos habitantes dos concellos afectados, o que podería ter consecuencias directas no seu desenvolvemento económico e social e no despoboamento do seu territorio, que se podería ver máis agravada polas medidas adoptadas ante a situación actual de pandemia. A Comisión considera necesario impulsar e incentivar por parte das administración públicas, en colaboración coas entidades financeiras que operan en Galicia, a prestación de servizos financeiros e bancarios nos concellos galegos do medio rural co obxectivo da cohesión territorial.

POLÍTICA FISCAL

243. Na situación actual de pandemia, seguindo a recomendación dos numerosos expertos e organismos que se teñen pronunciando ao respecto, a Comisión considera que non é o momento de subir impostos, máis aínda tendo en conta os incrementos impositivos recollidos nos Orzamentos Xerais do Estado. Por iso, a Comisión recomenda manter e consolidar as rebaixas de impostos aprobadas nos últimos anos (relativas á tarifa autonómica do IRPF, ao imposto de sucesións entre familiares directos e as relativas á estratexia de “impostos 0 no rural”).

244. Para incentivar, facilitar e favorecer a actividade económica en todo o territorio e en particular para as zonas rurais, co obxectivo de lograr a fixación de poboación e de actividade económica evitando o seu despoboamento e abandono. Por iso, dentro das competencias autonómicas, a Comisión considera conveniente manter os beneficios e estímulos fiscais xa establecidos nas transmisións onerosas e actos xurídicos documentados que afecten a adquisición de inmobles vencellados a iniciativas empresariais, así como nos documentos notariais que formalicen a adquisición onerosa, agrupación, segregación, declaración de obra nova e división horizontal de inmobles, que serán maiores de atoparse os inmobles en zonas pouco poboadas ou áreas rurais, co obxectivo de lograr a fixación de poboación e de actividade económica nelas evitando o seu despoboamento e abandono.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

245. A mobilización de terras en desuso ou abandonadas para aumentar a competitividade das explotacións xa existentes e fixar poboación no medio rural, ademais dos seus positivos efectos na cohesión territorial e o medio ambiente, debe ser un instrumento para a reactivación económica e social. A Comisión considera, por iso, necesario seguir impulsando o programa de impostos cero no rural no que se refire aos impostos autonómicos, e presentar ao Goberno central propostas de melloras fiscais nos tributos estatais que faciliten a mobilización da terra produtiva e acaden beneficios fiscais para a actividade agraria, gandeira e forestal e o asentamento de poboación no rural.

246. Nuns momentos en que a caída da actividade se traslada a baixadas na recadación tributaria, o cumprimento das obrigas fiscais é dobremente importante. A sensibilización e concienciación fiscal da cidadanía neste momento de pandemia, no que se disparou o gasto social e se produciu unha caída dos ingresos pola falta de actividade, debe ser un dos instrumentos para fortalecer o gasto público. Por iso, a Comisión insta a seguir reforzando a prevención e loita contra a fraude fiscal e a economía irregular, dando prioridade aos esforzos da Axencia Tributaria de Galicia nos colectivos de non declarantes e nos grandes patrimonios.

247. Complementariamente á anterior, e coa mesma finalidade de fortalecer a capacidade de gasto das administracións durante a pandemia, a Comisión considera necesario potenciar e fomentar o cumprimento voluntario mediante accións de concienciación e sensibilización para lograr que se asimile a responsabilidade fiscal como un valor de conciencia social e a interiorización do respecto polos servizos públicos, que se financian co esforzo de toda a cidadanía; así como a aprobación dun código de boas prácticas para deseñar actuacións que promovan o cumprimento adecuado das obrigacións tributarias, achegar seguridade xurídica e económica ás operacións, e reducir a litixiosidade.

248. A crise de liquidez provocada pola parálise case total da actividade económica, que provocou que miles de familias e empresas galegas perdesen as súas posibilidades de seguir xerando ingresos con normalidade, cos conseguintes problemas de liquidez, fai que a Comisión considere que é o momento de dar as maiores facilidades para o pagamento dos tributos xestionados pola Xunta, polo que se recomenda favorecer os aprazamentos e fraccionamentos de pago dos impostos para facilitar o seu aboamento ás familias e empresas.

249. Polos mesmos motivos, a Comisión considera esencial que a Xunta de Galicia siga desenvolvendo unha aposta firme e decidida por axilizar os prazos de pagamentos aos seus provedores, como medio para evitar os problemas de liquidez das empresas que prestan os seus servizos na Administración galega, e recomenda impulsar os mecanismos necesarios para que a administración autonómica continúe avanzando na axilización dos prazos de pagos aos seus provedores.

ÁREA POLÍTICAS SOCIAIS

250. A pandemia expuxo o sistema galego de benestar a unha situación imprevista, inédita e extrema, á que tivo que dar resposta con carácter xeral e afrontando a asimétrica incidencia da patoloxía nos distintos sectores da poboación: moi superior nas persoas de maior idade e máis intensa, de acordo cos datos que imos coñecendo, entre as familias de menor nivel de renda e nas que requiren do apoio público para evitar a exclusión social.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

251. A resposta xeral dada polo conxunto do sistema galego de benestar foi, en xeral, exemplar (administracións públicas, institucións e asociacións sen fin de lucro, empresas do sector, profesionais do sector, etc.), minimizando na medida do posible os contaxios, as defuncións e a exclusión social. Por isto, a Comisión non permanente especial de estudo para a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19 quere agradecer o traballo, os esforzos e os sacrificios que o persoal público e privado do sistema galego de benestar realizou ao longo dos últimos meses, porque a súa profesionalidade e dedicación contribuíron decisivamente a que o impacto da pandemia fose significativamente inferior ao do conxunto das comunidades autónomas.

252. Porén, a pandemia amosou posibilidades de mellora no sistema, polo que cómpre avanzar en reformas que melloren a súa capacidade de atención ás persoas e de mellora da calidade de vida, así como a capacidade de resposta ante situacións sanitarias semellantes á vivida que se puidesen producir no futuro. Para isto a Comisión propón avanzar nas liñas que a continuación se indican:

NOVO MODELO DE RESIDENCIAS

253. A Comisión considera que a Xunta de Galicia debe avanzar nos traballos conducentes á definición e execución do novo modelo de residencias que os comparecentes en representación da Xunta, así como os demais expertos, consideraron imprescindible.

254. A Comisión considera que o deseño do novo modelo de residencias debe ser amplamente participativo, e contar coas achegas de todos os axentes implicados: persoal médico e de enfermaría, directores e traballadores non sanitarios, académicos e investigadores, arquitectos, familiares de usuarios, etc.

255. O novo modelo de residencias debería sustentarse sobre tres piares fundamentais:

256. Aproveitamento das potencialidades da tecnoloxía, para poñela ao servizo da calidade de vida das persoas usuarias,

257. O deseño e implantación, coa implicación da Administración, de melloras estruturais e arquitectónicas que permitan optimizar a atención en todas as circunstancias,

258. Avanzar na coordinación entre o eido social e o sanitario.

259. Modificación da normativa: A normativa pola que se rexen estes centros é de 1996 e require unha revisión. A modificación do marco normativo deberá realizarse en paralelo e en coordinación coa elaboración do novo modelo de residencias, da man do sector e desde as premisas básicas do realismo e a sustentabilidade. O Comité Asesor Sociosanitario, constituído o pasado 21 de decembro co encargo de deseñar o esquema sociosanitario, debe marcar as liñas mestras polas que transcorrerá o futuro do sector e que permitirá seguir avanzando cara a un maior benestar das persoas maiores usuarias.

260. A Comisión considera imprescindible realizar unha análise completa do comportamento da covid-19 nos centros residenciais: é preciso coñecer polo miúdo os datos do impacto da pandemia nas residencias tendo en conta todos aqueles factores que puideran incidir na atención ás persoas residentes (tamaño, localización,...). Para iso, a Xunta realizará, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (a través da Cátedra de Epidemioloxía), un estudo sobre o comportamento da covid-19 nos centros residenciais

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da Comunidade que permita extraer lecciónns de todo tipo que permitan, a través da súa integración no novo modelo de residencias, mellorar a atención aos usuarios e preparar mellor os centros ante calquera incidencia.

261. A Comisión considera, en todo caso, que o novo modelo debe procurar:

262. Axudar os cidadáns a que poidan seguir vivindo independentemente nos seus fogares e participar o maior tempo posible na sociedade.

263. Avaliar novos dispositivos existentes noutras comunidades e países adecuados a outros perfís de usuarios.

264. Centrar a atención na persoa.

265. Integrar a investigación, o desenvolvemento e a innovación sociosanitaria.

266. Incluír mecanismos de avaliación e mellora continua da calidade do modelo.

267. A Comisión tamén considera que o novo modelo require establecer criterios específicos e avaliación dos servizos para a elaboración dun plan funcional, para o que cómpre:

268. Revisar a tipoloxía de residencias en función do tipo de usuario, establecendo unha carteira de servizos básicos e tamén de servizos complementarios adecuados para centros de características específicas.

269. Establecer criterios de dotación de áreas baseados no número de usuarios e rateos de poboación.

270. Incorporar exixencias de localización das residencias que favorezan a integración dos usuarios, buscando unha localización o máis achegada ao ámbito dos usuarios.

271. Establecer un tamaño óptimo de funcionamento limitando tanto o tamaño mínimo de residentes como o máximo.

272. Establecer un período de tempo para a adecuación dos centros aos novos requisitos.

273. A Comisión considera necesario establecer un plan de espazos nos centros residenciais, para o que é preciso que se proceda:

274. Á incorporación de unidades diferenciais para favorecer a mellor atención das persoas, atendendo á tipoloxía de dependencia, grao desta e intensidade de coidados precisos.

275. Á distribución das residencias en unidades de convivencia que teñan un número máximo de persoas usuarias, así como de unidades especiais, como pode ser o caso de unidades de psicoxeriatría.

276. Unha coordinación cos centros sanitarios que facilite a telemedicina.

277. Á reformulación dos requisitos construtivos de accesibilidade e habitabilidade.

278. Ou á revisión da estrutura organizativa do persoal

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

279. A Comisión considera que toda a reforma do sistema de atención ás persoas maiores debe facerse respectando as preferencias e as necesidades de todas as persoas. Por isto, a Comisión considera necesario:

280. Reforzar os sistemas de teleasistencia avanzada.

281. Reforzar o servizo de axuda no fogar, incrementando os módulos que se aboan aos concellos.

282. Mellorar e revisar as condicións laborais das persoas traballadoras do sector dos coidados, como as persoas traballadoras das residencias ou as do servizo de axuda no fogar. Para tal fin a Comisión propón impulsar no seo da FEGAMP a idoneidade de incluír cláusulas sociais e de igualdade nos pregos de licitación co obxecto de garantir que aquelas empresas sobre as que recaian condenas xudiciais firmes por vulneracións dos dereitos laborais das persoas traballadoras, non poidan concorrer a novos procesos.

283. Elaborar un plan de formación continua dirixido ao persoal sociosanitario, especialmente ao do servizo de axuda no fogar, e ao persoal dos centros de día e residencias.

284. Reclamar que o Goberno central aboe canto antes os fondos adicionais de dependencia comprometidos con Galicia dentro do nivel acordado, como primeiro paso para incrementar a súa participación no sistema de atención ás persoas dependentes.

285. Reforzar as axudas directas ás familias con algunha persoa maior en situación de dependencia.

286. Incrementar o número de Casas do Maior, que demostraron a súa utilidade para mellorar a calidade de vida das persoas maiores nas zonas rurais e contribúen a loitar contra a soidade non desexada. Estes recursos teñen un carácter innovador e facilitan a creación de emprego no rural e contribúen a fixar poboación nestes territorios, así como a evitar a institucionalización das persoas maiores, permitindo que continúen residindo no seu fogar e na súa contorna familiar e social.

287. Por outra banda, a Comisión recoñece o papel esencial que teñen os centros de día para os coidados das persoas maiores dependentes e tamén como un recurso importante de conciliación.

288. Como iniciativa común ao conxunto dos servizos descritos, a Comisión considera que a Xunta debe intensificar as inspeccións sobre os centros residenciais para garantir a calidade dos servizos que prestan aos usuarios.

289. A Comisión insta a Xunta de Galicia á creación dun órgano de participación de persoas maiores en Galicia, establecendo unha canle de comunicación e colaboración periódica co colectivo de persoas maiores, para ter en conta desde a propia Administración as consideracións do colectivo implicado.

DEPENDENCIA E DISCAPACIDADE

290. O mesmo que con relación á loita contra a pobreza e á exclusión social, a pandemia amosou a relevancia dunha boa atención á dependencia en momentos críticos como os

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vividos. Por isto, a Comisión considera necesario volver a reivindicar o cumprimento pola Administración xeral do Estado do previsto na Lei de dependencia: a Comunidade galega segue a soster as tres cuartas partes da factura da atención á dependencia. Na actualidade, Galicia inviste nas persoas dependentes un total de 400 millóns de euros, dos que un 76 % proceden das arcas autonómicas e só un 24 % da Administración xeral do Estado. A Comisión solicita unha maior implicación do Goberno de España, co obxectivo de que o financiamento se reparta dun xeito equitativo entre ambas as administracións e permita ampliar a cobertura prevista na lei.

291. Coa mesma finalidade de atender o máximo número de persoas dependentes, a Comisión tamén insta a Xunta a mellorar as valoracións da dependencia a través do reforzo dos equipos e a simplificación do procedemento.

292. As entidades sociais, os profesionais e as familias son o mellor exemplo e estímulo para que as administracións públicas sigan a traballar por unha Galicia máis inclusiva e xusta. Durante a pandemia, as entidades de atención á discapacidade estiveron sempre á disposición destas e das súas familias. É necesario seguir creando oportunidades adaptadas e novos espazos; seguir especializando os apoios, para que cada persoa reciba o acompañamento que necesita; e continuar traballando cara á accesibilidade universal e a igualdade plena. Por iso, a Comisión, valorando o incremento do 10 % nos orzamentos destinados á discapacidade para 2021 en relación aos do ano 2020, considera que os esforzos económicos deben seguir consolidándose e abordando as necesidades das persoas con discapacidade de maneira transversal entre as Consellerías de Política Social; Emprego e Igualdade; Sanidade; Cultura, Educación e Universidade; e os demais departamentos autonómicos.

293. Do mesmo xeito, a Comisión considera que se deben incrementar o número de unidades de atención temperá.

294. A Comisión insta a Xunta a iniciar o antes posible a aplicación do decreto que desenvolve o concerto social para flexibilizar e axilizar a creación de prazas públicas. Con este novo procedemento, facilitarase unha bolsa de entidades en condicións de ofrecer prazas a partir duns criterios preestablecidos, o que permitirá ofertar servizos alí onde as persoas destinatarias os precisan.

295. A Comisión insta a Xunta a que, nun prazo máximo de 18 meses tras a entrada en vigor do decreto, realice as primeiras convocatorias de servizos en réxime de concerto social. Este procedemento normativo aplicarase de xeito prioritario no ámbito da atención á discapacidade, pero sen esquecer aqueles outros campos nos que as entidades de iniciativa social son predominantes, como a atención a menores ou a inclusión social.

296. A Comisión tamén insta a aprobación do decreto que desenvolva a Lei de accesibilidade de 2014 para garantir a igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade no acceso aos distintos servizos, sen ningún tipo de barreira.

297. En materia de vivenda, e no marco do desenvolvemento do Pacto Social pola Vivenda 2021-2025, a Comisión considera necesario incluír medidas específicas para facilitar o acceso á vivenda en réxime de alugueiro a persoas/familias con dificultades económicas, a vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas, así como ás vítimas de trata e explotación sexual.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL

298. A experiencia da pandemia demostrou a importancia dos apoios monetarios directos ás familias e persoas con menos recursos. A Comisión valora e aplaude os esforzos feitos pola Administración xeral do Estado para a posta en marcha dun ingreso mínimo vital estatal que, malia as dificultades para a súa posta en marcha, contribuíu notablemente a axudar a moitas persoas e familias nuns momentos especialmente críticos. Do mesmo xeito, a rápida resposta dada desde a Xunta de Galicia para ampliar e axilizar o mecanismo da Risga tamén contribuíu a que moitas persoas puidesen afrontar a crise pandémica en mellor situación.

299. Coa finalidade de mellorar a resposta das institucións diante da crise social que a pandemia está a xerar, a Comisión considera que é necesario avanzar na renovación da Axenda social única, para fixar os obxectivos en materia de inclusión para os vindeiros catro anos. Do mesmo xeito que a Axenda Social Única 2016-2020 logrou materializar o 96 % das súas iniciativas (cun investimento de 162 millóns de euros), cómpre agora darlle continuidade ao tratado na reunión do 22 de xaneiro de 2021, na que a Consellería de Política Social e a Fegamp deron o primeiro paso para a renovación da Axenda. É necesario contar canto antes cunha folla de ruta que axude a dar unha resposta áxil e inmediata ás necesidades sociais e económicas derivadas da covid-19.

300. A Comisión insta a Xunta a incluír no marco da renovación da Axenda Social Única de Galicia o compromiso de incrementar a dotación do Plan concertado e o persoal de servizos sociais mellorando a ratio de traballadores nas estruturas básicas deste servizo, achegándonos á media estatal.

301. A Comisión considera necesario estender a Tarxeta Básica mentres dure a situación de excepcionalidade a nivel social. A Tarxeta Básica é un exemplo da aposta pola dignidade das persoas e a non estigmatización. Xa se emitiron máis de 17.000 Tarxetas Básicas, beneficiando a máis de 32.000 galegos, mais cómpre estendela ata que os efectos económicos e sociais da pandemia podan darse por superados.

302. A Comisión entende que hai que:

303. Garantir o orzamento preciso para a Risga,

304. Reorientar parte destes fondos a complementar o ingreso mínimo vital (IMV)

305. Reclamar que o IMV este sexa xestionado desde a Comunidade Autónoma. A experiencia da Comunidade Autónoma de Galicia na xestión da Risga pode contribuír a facer máis áxil e eficaz esta nova prestación.

306. Para isto, e unha vez que se aprobe o decreto que regula o IMV, cómpre unha modificación lexislativa da Lei de inclusión social de Galicia, cunha metodoloxía na que participen todos os axentes clave: entidades do terceiro sector de acción social, colexios profesionais, Fegamp, axentes sociais, Consello Galego de Benestar Social, etc.

307. Crear unha lei autonómica para o terceiro sector que regule o papel das entidades sociais e a súa participación nos procesos de inclusión social.

308. A Comisión é consciente de que as entidades de iniciativa social que traballan pola inclusión e a loita contra a pobreza tiveron que multiplicar os seus esforzos durante a

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pandemia para atender a persoas sen fogar e en risco de exclusión social. O apoio dado pola Xunta (destinou ao tecido social dedicado á loita contra a exclusión máis de 23,1 millóns de euros, ademais dos fondos postos á disposición de entidades e concellos durante o primeiro estado de alarma) debe continuar impulsándose, procurando optimizalo, reordenándoo e racionalizándoo, coa finalidade de evitar duplicidades.

309. A Comisión valora positivamente os esforzos feitos ao inicio da pandemia pola Xunta, cando decidiu adiantar unha semana a data de pago da Risga para aliviar a economía doméstica de preto de 10.000 persoas; así como as melloras introducidas na tramitación da Risga, das pensións non contributivas e das axudas de inclusión social (AIS), para que estas chegasen aos seus beneficiarios coa maior axilidade posible. Nesa mesma liña, a Comisión considera que a Xunta debe avanzar na mellora da tramitación da Risga e das axudas de inclusión social para axilizar a súa recepción polos demandantes.

310. Galicia puxo en marcha o Tícket Eléctrico en 2014 e as axudas convocadas para evitar os cortes de subministración en 2016. Ademais, desde 2018 compleméntase o bono social do Estado, mediante o Bono Eléctrico Galego. Grazas a estas liñas de axudas, nas que a Comunidade galega foi pioneira, lévanse concedido máis de 25.000 apoios por valor de máis de 5,5 millóns de euros e sitúase por debaixo da media estatal no número de fogares que non poden manter a vivenda cunha temperatura axeitada (pobreza enerxética), segundo os últimos datos publicados da Enquisa de Condicións de Vida. Por este motivo, a Comisión considera imprescindible o mantemento do apoio ás familias máis vulnerables, garantindo o acceso á enerxía eléctrica a través do Bono Social Eléctrico de Galicia, segundo o previsto na Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas da eficiencia enerxética e garantía de accesibilidade. Tamén é necesario que o Goberno de España adopte as medidas necesarias dirixidas a reducir o impacto negativo da nova tarifa eléctrica na economía das familias, nun contexto económico e social de especial vulnerabilidade pola pandemia.

311. Elaborar campañas de sensibilización específicas para a loita contra a aporofobia, especialmente dirixidas á infancia.

ÁREA SANITARIA.

312. A Comisión parlamentaria non permanente especial de estudo para a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19 valora moi positivamente a exemplar actuación dos profesionais do Servizo Galego de Saúde durante toda a pandemia, e moi particularmente durante os picos pandémicos, onde atenderon a todos e todas as galegas que o precisaron con dedicación, proximidade e profesionalidade, pese aos múltiples problemas que o descoñecemento da enfermidade e a carencia de materiais e tratamentos lles provocou. O noso sistema sanitario e os seus profesionais demostraron estar á altura das exixencias dunha pandemia inédita, o que tivo como resultado que Galicia sexa das comunidades autónomas cunha menor incidencia e mortalidade.

313. O conxunto de información achegada á Comisión polas persoas comparecentes, pola documentación entregada e polos datos oficiais sobre o impacto da pandemia no Sistema Nacional de Saúde permiten concluír que a Xunta de Galicia actuou con anticipación e eficacia na fase máis aguda da pandemia, tanto no reforzo de recursos humanos como na xestión das subministracións e na elaboración de protocolos de actuación clínica. Do

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mesmo xeito, adaptáronse as solucións tecnolóxicas do SERGAS para dirixilas ao diagnóstico e seguimento desta nova patoloxía e creouse un Comité Clínico formado por profesionais de recoñecido prestixio, ao que se dotou de información constante desde os servizos asistenciais e de saúde pública para permitirlle formular as recomendacións máis axeitadas á realidade epidemiolóxica de cada momento. A Comisión avalía moi positivamente o traballo desenvolvido por este Comité Clínico, e que as decisións sanitarias adoptadas fosen sempre seguindo o criterio experto dos seus integrantes. Porén, os testemuños e informacións achegadas tamén permiten detectar retos pendentes na ordenación sanitaria galega e oportunidades de avance e innovación nos procesos asistenciais e na xestión dos recursos do SERGAS, polo que a Comisión formula as seguintes propostas de actuación no eido sanitario.

314. A Comisión insta a Xunta a manter o modelo de gobernanza e toma de decisións sobre a evolución da pandemia baseado no asesoramento ao Goberno galego polo Comité de Expertos, formado por profesionais de recoñecido prestixio e ao que se lle continúe proporcionando información de calidade e detallada sobre a evolución epidemiolóxica desde os servizos de saúde pública da Xunta de Galicia. En particular:

315. Mantendo actualizados os diversos protocolos asistenciais e de rastrexo elaborados polo persoal da Consellería de Sanidade e enriquecidos coas achegas do Comité de Expertos, adaptándoos á evolución da situación asistencial e epidemiolóxica.

316. Creando un Sistema público de alertas epidemiolóxicas e emerxencias sanitarias, co obxecto de crear unha rede de alerta e un sistema integrado de prevención e resposta rápida diante de crises de saúde pública. Para iso, deberá incrementarse a capacidade diagnóstica do sistema sanitario público galego mediante a dotación de novos medios ao Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, que lle permitan o proceso de probas PCR e complementar así a capacidade dos laboratorios de microbioloxía dos complexos hospitalarios, así como con dotación de persoal, recursos, e tecnoloxía como unha rede de sensores ou puntos sentinela que permitan a monitorización a análise de augas residuais e doutros indicadores, tanto ambientais como sanitarios.

317. Mantendo o stock estratéxico deseñado polo SERGAS no relativo a aprovisionamento de material sanitario e a continuar coa política de máxima transparencia na identificación dos provedores dos contratos de emerxencia que caracterizou á Xunta durante todo o proceso.

318. A Comisión considera necesario tomar medidas normativas, organizativas e económicas para reformular e impulsar o papel da Atención Primaria no Servizo Galego de Saúde. En particular:

319. Renovando a normativa reguladora da ordenación de atención primaria e da súa provisión de prazas para adaptalo aos retos formulados no documento *Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde*

320. Regulando figuras directivas, como os xefes de servizo e coordinadores dos servizos de primaria, promovendo a súa elección mediante a presentación de plans de saúde locais que reforcen o papel comunitario dos servizos de atención primaria,

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

liberándoos de parte da súa carga asistencial e permitíndoos centrarse nas súas tarefas de xestión e coordinación.

321. Concluíndo os traballos do Consello Técnico de Atención Primaria sobre propostas de redefinición das carteiras de servizos das diferentes categorías profesionais que participan nos servizos de atención primaria, avanzando cara a unha reorganización de tarefas que contribúa á necesidade de liberar de traballo burocrático o persoal médico, así como a implantación dun novo modelo de axendas de calidade, creando axendas "tipo" homoxéneas para o Servizo Galego de Saúde que teñan en conta o tamaño das cotas, as características socio-demográficas, etarias e a cronicidade.

322. Completando as medidas pendentes de cumprimento do Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021 e elaborando unha nova folla de ruta para o desenvolvemento da Atención Primaria nos vindeiros anos, ben sexa a través doutro plan específico ou dentro dunha estratexia global.

323. Estudando as posibilidades de integración asistencial entre os servizos de atención primaria e os servizos dos Puntos de Atención Continuada (PAC), avaliando a posibilidade de mobilidade e complementariedade de ambos para a extensión da cobertura horaria dos servizos de primaria.

324. Potenciando a figura da enfermaría especialista en atención familiar e comunitaria nos equipos de atención primaria, avanzando cara á súa xeneralización nos centros de saúde galegos.

325. Avanzando cara á recuperación da atención presencial na Atención Primaria, facilitando os recursos necesarios para que os criterios desta sexan determinados polo que establezan profesionais e pacientes. Os avances en novas tecnoloxías deben axeitarse á súa utilidade para o funcionamento do sistema e ás necesidades asistencias, tomando as TIC como instrumento e ferramenta pero non como un fin en si.

326. A Comisión considera necesario desenvolver novos mecanismos que faciliten a integración entre os servizos de atención primaria e atención hospitalaria. Concretamente:

327. Afondando no papel da categoría de médico de admisión, como enlace entre os distintos niveis asistenciais.

328. Renovando os procesos asistenciais integrados das principais doenzas crónicas, para integrar o uso da plataforma TELEA e actualizar o programa Conecta 72 de seguimento desde primaria tras a alta hospitalaria.

329. Definindo un marco homoxéneo de coordinación clínica e administrativa para os pacientes que pasan dun a outro nivel asistencial.

330. Aprobando un protocolo de conciliación farmacéutica que implique o persoal farmacéutico de atención primaria no seguimento da medicación dos pacientes que reciben alta hospitalaria.

331. A experiencia da pandemia reforza, en opinión da Comisión, a importancia de avanzar cara á potenciación da atención sanitaria do paciente no domicilio, tanto no eido da atención primaria como no da hospitalaria. Nomeadamente, ínstase a Xunta a:

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

332. Desenvolver a Estratexia Galega de Cronicidade, coa potenciación da atención domiciliaria destes pacientes, tanto presencial como telemática, liderada por equipos multidisciplinares desde a atención primaria.

333. Culminar a Estratexia HADO para estender o servizo de hospitalización a domicilio ao 100 % do territorio galego e crear a categoría de médico especialista en HADO.

334. Tramitar de xeito inmediato o desenvolvemento regulamentario da Lei de ordenación farmacéutica de Galicia, que regule os requisitos para a prestación de atención farmacéutica domiciliaria por parte das oficinas de farmacia e dos servizos de farmacia hospitalaria, incluíndo a nutrición enteral.

335. Introducir o sistema de teleconsulta tamén nas consultas de especialistas da atención hospitalaria.

336. Desenvolver o sistema TELEA para integrar nel a información que xeran os dispositivos cos que contan os pacientes crónicos no seu domicilio (equipos de diálise, respiradores, desfibriladores, cardioimplantables, bombas de insulina, dispositivos de medición de glicosa intersticial ou outros dispositivos médicos) e, a través de TELEA, estes datos se incorporen á historia clínica electrónica.

337. Potenciar a interacción da cidadanía co sistema de saúde desde o seu domicilio a través de aplicacións e sistemas informáticos que lles permitan comunicar os seus propios datos de saúde ao sistema sanitario ou recibir información deste a través dun asistente virtual.

338. A Comisión insta a avanzar no reforzo dos recursos humanos do Servizo Galego de Saúde a través de medidas de mellora organizativa e retributiva. Particularmente:

Demandando do Goberno de España:

339. A eliminación da limitación ás taxas de reposición que imposibilita a convocatoria de miles de prazas que se atopan en situación de interinidade e que poderían pasar a estar adxudicadas en propiedade.

340. A realización dunha convocatoria extraordinaria de proba de acceso MIR destinada a cubrir o patente déficit de médicos especialistas en atención familiar e comunitaria que sofre o Sistema Nacional de Saúde e a habilitación, de xeito extraordinario, dos centros de saúde necesarios para que teñan a consideración de centros acreditados para a formación, así como dos profesionais especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria precisos para que poidan actuar como titores na formación de residentes.

341. Cumprimento do seu compromiso e do acordo unánime acadado polo Parlamento de Galicia para a creación dunha nova especialidade de Medicina de Urxencias e Emerxencias, cunha tramitación preferente e independente á que corresponda a un novo decreto de troncalidade, co obxectivo de potenciar o recoñecemento e a formación destes profesionais e evitar a derivación cara a estes servizos dos especialistas existentes en Medicina Familiar e Comunitaria.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

342. Mantendo a política de convocatoria continuada de ofertas públicas de emprego cada ano no eido sanitario que vén desenvolvendo o SERGAS e incrementando as prazas ofertadas no caso de eliminación dos límites ás taxas de reposición.

343. Elaborando un novo Plan de ordenación dos recursos humanos do SERGAS que axuste os cadros de persoal ás necesidades asistenciais.

344. Mellorando as condicións retributivas do persoal fixo a través do desenvolvemento da carreira profesional.

345. Mellorando as condicións laborais do persoal eventual, a través da oferta de nomeamentos de continuidade que proporcionen unha maior estabilidade e a través da renovación da normativa reguladora dos seus vínculos e da actualización do Pacto de contratación coas organizacións sindicais.

346. A Comisión considera necesario continuar impulsando a mellora da formación e da capacidade de investigación do persoal do sistema público de saúde de Galicia. En particular:

347. Potenciando o papel do persoal que se implica na formación e titorización dos estudantes residentes, a través dun maior recoñecemento e incentivo á figura dos titores acreditados.

348. Aumentando a capacidade formativa do sistema público de saúde de Galicia, mantendo ou incrementando as prazas da última oferta formativa, a maior da historia do SERGAS.

349. Desenvolvendo unha estratexia de introdución da simulación clínica na sanidade pública galega, que incorpore os sistemas de simulación e realidade aumentada na formación do persoal sanitario e tamén na súa práctica clínica. Para isto, crearase unha rede de centros de simulación en Galicia que garantan esta capacidade formativa.

350. Creando unha plataforma de xestión do coñecemento en saúde que permita aos profesionais de toda Galicia compartir as súas experiencias e facilite programas formativos específicos.

351. Desenvolvendo un proxecto de infraestrutura *big data* que permita a explotación dos datos de saúde en poder do SERGAS, a través dun acceso seguro e anonimizado ou seudoanonimizado, por parte de equipos de investigación e clínicos no eido da medicina personalizada, que avance cara ao deseño de patróns preditivos para detectar determinadas patoloxías.

352. A pandemia evidenciou, tamén, a importancia de utilizar as tecnoloxías da información para achegar solucións innovadoras que melloren as capacidades diagnósticas do sistema público de saúde galego. A Comisión considera que cómpre impulsalas. En concreto:

353. Involucrando o SERGAS nun proxecto de impresión 3D que defina o modelo de xestión destas técnicas para xerar recursos individualizados que permitan aos cirurxiáns, radiólogos, intervencionistas ou hemodinamistas dispoñer nun breve período de tempo dun modelo 3D como apoio ás intervencións cirúrxicas.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

354. Dixitalizando completamente a imaxe de anatomía patolóxica e integrándoa nunha central de imaxe médica que permita acceder ás imaxes e realizar diagnósticos desde outros centros sanitarios ou desde o propio domicilio do profesional.

355. Integrando a intelixencia artificial nos sistemas de diagnóstico por imaxe, xerando solucións de axuda ao diagnóstico ou de alertas automatizadas a través de algoritmos preditivos.

356. Creando un sistema de información integrado de probas de laboratorio para o conxunto do SERGAS e integrando as probas de diagnóstico por xenómica dentro do sistema de historia clínica electrónica.

357. Desenvolvendo un proceso de renovación da infraestrutura tecnolóxica do SERGAS para dotarse de hardware, servidores e capacidade de almacenamento e conectividade para garantir o funcionamento axeitado das novas solucións tecnolóxicas que se implanten. Incluír os profesionais como partícipes do deseño da dotación tecnolóxica de cara á optimización dos recursos e garantindo unha formación axeitada para o emprego dos novos equipos.

358. A colaboración entre o sector innovador privado e o sector público sanitario foi esencial para avanzar na superación da crise sanitaria da covid-19, pero tamén para reforzar o sector TIC autonómico. A Comisión considera que cómpre aproveitar as necesidades de solucións innovadoras do sistema sanitario público de Galicia para dinamizar o tecido de empresas TIC e innovadoras de Galicia, propiciando o desenvolvemento de produtos innovadores aínda non dispoñibles no mercado. Concretamente, a Comisión insta a Xunta a avanzar neste campo:

359. Desenvolvendo novos procesos de compra pública innovadora, como foron Hospital 2050, InnovaSaúde ou Código 100, que promovan licitacións nas que participen empresas e especialmente pemes do sector TIC galego.

360. Avanzando nos proxectos InnovaTrial e InnovaMicroLab, desenvolvidos en colaboración co Goberno de España, e na rede galega de Living Labs desenvolvida polo SERGAS.

361. Establecendo un sistema de constitución de spin-offs por parte do persoal investigador do sistema público de saúde.

362. A covid-19 está a deixar secuelas en moitos dos pacientes afectados. A Comisión considera esencial desenvolver os programas e estratexias precisos para paliar os efectos da pandemia sobre a saúde das persoas, tanto as que padeceron a enfermidade como do resto de usuarios do servizo galego de saúde. Por iso, ínstase a Xunta a:

363. Desenvolver o Plan Galego de Saúde Mental, xa reorientado e ampliado para atender as consecuencias da pandemia no eido da saúde mental, coa creación de máis de 200 novas prazas de persoal sanitario e de novas prazas en centros residenciais, pisos protexidos, centros de rehabilitación ou vivendas de transición para os pacientes agudos.

364. Darlles continuidade aos programas de atención psicolóxica aos profesionais sanitarios iniciados durante a fase aguda da pandemia.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

365. Consolidar as unidades covid-19 creadas nos distintos hospitais galegos para o seguimento da evolución dos pacientes hospitalizados tras a súa alta e reforzándoas para que desenvolvan un traballo de estudo da evolución e das posibles secuelas cardíacas, pulmonares, neurolóxicas ou psiquiátricas dos pacientes que superaron a enfermidade no seu domicilio.

366. Desenvolver un plan de recuperación da actividade sanitaria adiada pola pandemia, utilizando o fondo covid-19 dos Orzamentos 2021 e o Plan de Continxencia de recursos humanos acordado sindicalmente para facer contratos de reforzo, de xeito que permita recuperar a actividade cirúrxica e diagnóstica pendente.

367. É unánime a conclusión, a partir da incidencia da pandemia nas persoas usuarias dos servizos sociais, sobre a necesidade de potenciar a coordinación dos servizos sanitarios cos servizos sociais, coa finalidade de mellorar a atención sanitaria das persoas usuarias de residencias sociosanitarias. Por isto, a Comisión insta a Xunta a:

368. Instalar o sistema de historia clínica electrónica HCPRO nas residencias sociosanitarias e elaborar un protocolo de relación entre o persoal sanitario e o persoal destas residencias para definir a información a compartir a través deste sistema.

369. Definir un novo modelo de atención sanitaria á poboación residente nestes centros que pivote sobre a necesidade do establecemento dun profesional de referencia para o seu seguimento sanitario e sobre a implantación de sistemas de telemonitorización nas residencias que facilite o seguimento das constantes médicas destes pacientes.

370. Establecer programas específicos de saúde mental para as persoas residentes en centros sociosanitarios.

371. Desenvolver instrumentos de coordinación da atención sociosanitaria comunitaria nas distintas áreas, nos que participen tamén os servizos sociais municipais.

372. A Comisión constatou a importancia que tiveron os investimentos dos últimos anos nas infraestruturas sanitarias públicas para afrontar o reto enorme que supuxo a pandemia da covid-19. Por isto, considera necesario continuar cos programas de investimentos en infraestruturas sanitarias que permitiron nos últimos anos a posta en marcha de procesos de construción ou ampliación hospitalaria na totalidade das áreas e distritos sanitarios, así como o investimento de máis de 100 millóns de euros en infraestruturas de atención primaria. Nomeadamente, a Comisión insta a Xunta a:

373. Desenvolver as melloras previstas nas infraestruturas sanitarias a través de procedementos de licitación nos que prime a responsabilidade ambiental e a eficiencia enerxética, a reciclaxe de residuos e o uso de materiais autóctonos.

374. Utilizar o fondo covid-19 previsto nos orzamentos para 2021 para executar obras de diferenciación de circuítos nos centros de atención primaria e de dobres circuítos nos servizos de urxencias.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

375. Durante as primeiras semanas de pandemia, fíxose evidente a importancia de contar cunha boa plataforma loxística que achegase o material necesario aos centros sanitarios. A resposta dada desde Galicia, coa eficacia comprobada na fase aguda da pandemia, fai que a Comisión considere necesario continuar co desenvolvemento da Plataforma Loxística do SERGAS, a través da mellora das súas aplicacións informáticas e do aumento do seu ámbito de actuación a máis unidades sanitarias

EDUCACIÓN

376. A Comisión parlamentaria non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19 valora moi positivamente o comportamento da comunidade educativa galega durante toda a pandemia. A responsabilidade exercida por todas as persoas pertencentes aos corpos docentes, ao persoal de administración e servizos, aos empregados públicos da administración educativa, e todos e todas as estudantes de todos os niveis educativos, permitiron minimizar o impacto negativo que se tería producido de terse suspendido a docencia presencial e a actividade docente durante máis tempo do imprescindible desde o punto de vista sanitario. Porén, a pandemia amosou que o sistema educativo público pode mellorar simultaneamente a súa xa elevada calidade e a súa resiliencia fronte a episodios epidémicos como os que estamos a vivir. A Comisión insta a facelo seguindo as propostas que a continuación se presentan.

377. A xuízo da Comisión, a evolución da educación pública en Galicia no futuro inmediato debe orientarse cara á súa modernización, dixitalización e innovación educativa, co obxectivo de ofrecer aos galegos unha educación integral e de calidade. Por isto, a Xunta debe impulsar:

378. Unha nova concepción respecto dos centros educativos, desde a perspectiva de que son moito máis que un mero edificio. Faise necesaria a adopción de melloras construtivas e enerxéticas nas infraestruturas educativas para converter os centros en espazos modernos, sustentables, seguros e creativos. Unha nova arquitectura máis pedagóxica pode contribuír a reforzar o proceso de aprendizaxe. O esforzo da Administración educativa galega debe encamiñarse a crear colexios e institutos que sexan espazos máis saudables, máis ordenados, máis seguros e máis creativos. Para os vindeiros anos, hai que dotar Galicia de novas edificacións educativas que conten con novos estándares de confort con boa ventilación, maior amplitude e espazos máis inclusivos e máis accesibles. O traballo debe incluír unha maior integración dos centros educativos coa contorna e coa paisaxe. Tras un esforzo de transformación a iniciar nestes anos, os centros educativos galegos deberían converterse en exemplo de modernidade por contar con espazos que doten de maior benestar a actividade lectiva en interiores, zonas cubertas de ocio e multideporte, e zonas para a creatividade e a tecnoloxía.

379. O aproveitamento dos centros educativos para formación do talento do alumnado e do profesorado do sistema educativo. Reforzar o ensino dixital, a innovación e a investigación educativa para dar un salto de calidade en ámbitos como a formación do profesorado, o deseño de estratexias docentes ou a introdución de novas técnicas pedagóxicas.

380. En cursos escolares baixo influencia de situacións excepcionais como unha pandemia hai unha maior exixencia para todos os axentes educativos, xa que se viven momentos e

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

experiencias que repercuten na aprendizaxe. Para compensar os posibles efectos, faise preciso, primeiro, identificar aqueles puntos débiles na formación do alumnado e, despois, a posta en marcha de accións e estratexias educativas para axudar á recuperación dos efectos derivados da situación covid entre o alumnado galego, a fin de que o ensino non se resinta.

381. A actualización da normativa e das medidas a prol da integración, da inclusión e da atención á diversidade, de xeito que se actualice o concepto referido ao alumnado que precisa unha atención específica en función das súas necesidades educativas, con melloras na avaliación para a atención temperá desde unha perspectiva preventiva e a concreción e ampliación tanto de medidas ordinarias como extraordinarias á hora de afrontar a atención da diversidade do alumnado. Relacionado co anterior, precísase dun traballo que permita a potenciación dun enfoque integral para o fomento da convivencia e da igualdade no proceso educativo, con accións dirixidas a combater o acoso e o ciberacoso escolar.

382. O fomento da adquisición de competencias chave entre o alumnado galego, con especial atención ás competencias en linguas estranxeiras e competencias lectoras. Os centros educativos galegos contan desde hai anos con espazos e programas dedicados aos libros, a investigación e ao tratamento da información, como ferramenta para a mellora das competencias do alumnado e, neste contexto, parece de interese para a comunidade educativa seguir a consolidar a Rede de Bibliotecas Escolares de Galicia, coa previsión de incentivar e apoiar estes espazos nos centros educativos do rural. Neste contexto, logo do I Plan LÍA 2016-2020 e a súa contribución aos avances na comprensión lectora do alumnado galego, ten sentido actualizar esta planificación das bibliotecas escolares para o período 2021-2025.

383. A potenciación das ensinanzas artísticas, propiciando unha maior relación entre ensino e cultura, ao tempo que se promoven artistas e proxectos creativos en zonas rurais e urbanas. En concreto, hai que atender o crecente interese que ten amosado o alumnado galego nestas ensinanzas ao longo do tempo e aproveitar para afondar nas oportunidades e sinerxías que poden abrir de cara ao futuro entre os ámbitos educativos e culturais. A proposta pasa por mellorar os currículos e o funcionamento dos centros que imparten música, danza, artes plásticas e deseño e conservación e restauración de bens culturais.

384. A implantación de experiencias sobre intelixencia artificial, robótica, vocacións STEAM e tecnoloxías intensivas no ensino galego, cun enfoque que integre equipamentos, contidos e adquisición de competencias. Trátase de dar continuidade e ampliar experiencias previas como Edixgal e a Estratexia Galega de Educación Dixital-Edudixital 2020 para dar un salto de calidade e innovación a través dun novo Edudixital 2030, deseñado como un novo programa de transformación educativa dixital e tecnolóxica nos centros educativos.

385. Desenvolver e impulsar medidas para que todas as familias dispoñan do equipamento tecnolóxico necesario (dispositivo e conectividade), como vía para a superación da fenda dixital, cun programa específico que protexa as familias e o alumnado en situacións de vulnerabilidade.

386. A afondar na especialización do ensino dixital e da innovación educativa, para o que será fundamental prestar atención ás infraestruturas, aos equipamentos, aos contidos e ás metodoloxías pedagóxicas. Impulsar, en colaboración co Goberno do Estado, un plan de

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

impulso da educación online mediante a xeneralización da posibilidade de uso de plataformas educativas por todos os centros educativos e o acceso á teledocencia.

387. A implementación dun proceso de avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais dixitais, no que se teña en conta a formación inicial e ao longo do tempo das persoas. E, en relación con este ámbito, desenvolver un plan formativo específico para adquisición e mellora da competencia dixital do profesorado, cara a un emprego óptimo desde o punto de vista pedagóxico das ferramentas tecnolóxicas dispoñibles.

388. A Comisión valora positivamente os logros acadados nos últimos anos no ámbito da Formación Profesional en Galicia, co incremento de ciclos formativos adaptados ás necesidades das contornas económicas e sociais, e cunha alta empregabilidade dos titulados. A Formación Profesional é un instrumento esencial para a xeración de oportunidades e de emprego de calidade. Por estes motivos, debe afondarse no impulso da Formación Profesional, para o que a Comisión propón as seguintes medidas:

389. Análise das necesidades de orientación profesional e dos niveis de inserción laboral como paso previo á revisión e actualización da oferta formativa de ciclos de FP e das titulacións das ensinanzas de réxime especial. Debe afrontarse un traballo de definición dunha atractiva oferta formativa de FP, tendo en conta a adaptación dos currículos e as posibilidades que ofrece a rede de centros educativos, en especial, a conformada polos centros integrados de FP.

390. Posta en marcha dun proceso de avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais, adaptado á normativa e relacionado coa evolución dos perfís profesionais que existen ou poidan existir no futuro e que ten que estar en relación coa a mellora das titulacións e cualificacións profesionais, así como das competencias emprendedoras.

391. Potenciación da Formación Profesional Dual, atendendo a demanda de modelos de aprendizaxe e prácticas, xunto ao recoñecemento do papel da empresa no proceso formativo. Desenvolverase de xeito coordinado coa Formación Profesional en Centros de Traballo (FCT), xa que esta acción tamén contribúe de xeito útil no proceso de aprendizaxe que recibe o alumnado nos propios centros.

392. Apostar pola innovación tecnolóxica e pedagóxica nas ensinanzas de FP de Galicia, onde ten que xogar un papel relevante o futuro Centro Galego de Innovación da FP, sito en Ourense. Os centros de FP están chamados a avanzar no desenvolvemento de proxectos de innovación de distintos ámbitos, a través do uso de equipamento singular e de experiencias en I+D+i impulsadas desde o tecido empresarial galego.

393. A Comisión considera esencial impulsar o Sistema Universitario de Galicia (SUG) para contribuír á transformación económica da comunidade galega desde o coñecemento e a investigación. Para isto insta a Xunta á adopción das seguintes medidas:

394. Abordar a negociación dun novo Plan de Financiamento do SUG 2022-2026, que permita a planificación e a eficiencia das actividades das universidades públicas galegas. A definición deste Plan de Financiamento para as universidades públicas do SUG no período 2022-2026 está xa en marcha. Ao longo deste ano 2021, Xunta e universidades deben ser capaces de aproximar posicións e chegar a acordos

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

orientados a: concretar un modelo que volva permitir unha blindaxe das achegas ás financeiras ao SUG; facilitar a planificación a medio prazo das universidades; dotar de melloras na eficiencia interna do sistema e no rendemento de contas á sociedade galega; e formar nas mellores condicións os profesionais que necesita Galicia na vindeira década.

395. Mellorar o Mapa de titulacións de grao e de máster do SUG, en consonancia coa aparición de novos perfís profesionais relacionados coa carreiras STEAM (ciencia e humanidades). Xunta e universidades sumarán esforzos para dotar Galicia de titulacións modernas, atractivas e en constante evolución para que os galegos e galegas poidan desenvolver na nosa comunidade a súa formación universitaria e a súa posterior inserción laboral. Ademais da adaptación e coordinación de títulos ofertados no SUG, haberá unha aposta polo deseño e implantación de títulos interuniversitarios de grao e máster, dando continuidade a iniciativas como a xa iniciada no ámbito da intelixencia artificial. Temos o reto de mellorar a actual oferta de titulacións a través de catro accións como a revisión da normativa autonómica ao respecto; a mellora dos títulos duplicados sen demanda e outros con baixa acollida; a implantación de quince másteres acordes con roles profesionais de futuro e con dez graos que pechen o catálogo galego cos títulos que aínda non poden estudarse na nosa comunidade autónoma.

396. Definir unha nova carreira científica no SUG, que potencie e dea estabilidade aos investigadores universitarios ao introducir melloras no proceso formativo das etapas predoutoral e posdoutoral, ao tempo que se reforza a captación de talento investigador. Un reforzo da investigación universitaria orientada cara ás áreas estratéxicas para Galicia e aproveitar a potencialidade e capacidade tractora da Rede de Centros de Investigación do Sistema Universitario Galego-CIGUS.

CULTURA

397. A crise económica derivada da Pandemia exixe utilizar todos os recursos ao noso dispor. A nosa cultura e o noso patrimonio cultural son recursos únicos e piares para a proxección económica de Galicia, para a súa cohesión territorial e como axentes de desenvolvemento. Por iso, a Comisión considera necesario impulsar medidas para revalorizar a nosa cultura e potenciar o patrimonio cultural de Galicia, para o que se insta a Xunta a:

398. Continuar avanzando no desenvolvemento da Estratexia da Cultura Galega como base para afrontar con éxito os retos aos que se enfronta a cultura galega. Trátase de utilizar esta ferramenta para dar forma e coordinar a política cultural de Galicia da próxima década e afrontar importantes retos como poden ser a consolidación das industrias culturais e creativas, o fortalecemento da función social das institucións e entidades da cultura, a posta en valor do patrimonio cultural e acadar avances no ámbito internacional para os produtos e creadores galegos.

399. Implantar novas fórmulas e espazos que estimulen a implicación do conxunto das administracións e do tecido cultural na definición e execución de políticas culturais. Para acadar este obxectivo cómpre adoptar fórmulas de mecenado e intensificación da relación público-privada nas actividades culturais.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Terase que abordar a apertura e potenciación de espazos de interlocución, encontro e toma de decisións multinivel, tendo en conta que as administracións locais e provinciais teñen plenas competencias para o desenvolvemento de propostas culturais.

400. Reactivar os sectores culturais de Galicia a través de plans e programas específicos que afronten a necesaria aposta pola dixitalización, a innovación, a dinamización da lectura, a proxección exterior, o apoio á creación ou o reforzo da presenza da cultura no medio rural.

401. Potenciar o sector cultural profesional, apostando por novas propostas e formatos que, á vez, afonden na dinamización da lingua.

402. Impulsar en diálogo co sector unha nova lei galega do audiovisual que responda á realidade actual.

403. Crear liñas de apoio específicas para os sectores culturais máis afectados pola crise sanitaria, entre eles os cines comerciais como parte do apoio á industria audiovisual galega.

404. Elaborar protocolos unificados que establezan criterios claros e inequívocos en canto a cabidas e medidas de seguridade sanitaria para o desenvolvemento e organización de actividades culturais no interior, á imaxe das que xa existen nas actividades culturais previstas no exterior.

405. Poñer en marcha o *hub* audiovisual-industria cultural, baixo o que se poderán desenvolver todo un conxunto de iniciativas dirixidas a mellorar a competitividade das empresas e profesionais dos sectores culturais galegos. Elaborar programas e dispoñer de incentivos deseñados conxuntamente co sector, planificados para afrontar con máis garantías os retos dun contorno cada vez máis globalizado, establecendo sinerxías, avanzando na transformación dixital, na xestión empresarial e no coñecemento, e reforzando a aposta polo sector cultural como un dos piares do crecemento futuro da economía galega.

406. Elaborar e poñer en marcha un Plan de Danza para dar resposta aos principais retos do sector nos ámbitos de formación, produción e distribución, tanto interior como exterior.

407. Apoiar o sector do videoxogo mediante novas iniciativas e programas destinados a este ámbito co reto de aproveitar para Galicia as posibilidades de impacto económico e establecer sinerxías entre os creadores galegos e os profesionais implicados no desenvolvemento tecnolóxico. Nesta mesma liña, posta en marcha dun programa de ocio interactivo e cultura dixital con liñas de apoio para este sector emerxente.

408. Impulsar a Lei galega de artes escénicas e mais un plan director que desenvolva medidas concretas para a creación, a produción, a programación e a distribución, que inclúan apoio especializado para unha maior profesionalización, fortalecemento económico e difusión social, co obxectivo de mellorar as condicións laborais e combater a precariedade.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

409. Continuar aproveitando a oportunidade dos vínculos coa lusofonía para que os produtos culturais de Galicia se introduzan nun mercado máis amplo.

410. Reforzar a presenza da lingua galega no ámbito das familias e nos contornos sociais, afrontando a potenciación do galego nos espazos tecnolóxicos de vangarda, apostando pola potenciación da tecnoloxía lingüística e da intelixencia artificial, e asegurando os futuros usos da lingua. Neste ámbito, deberá apostarse polo desenvolvemento de programas innovadores, entre eles, a iniciativa denominada "NÓS: Intelixencia artificial ao servizo da lingua galega", tecnoloxías en asistentes de voz, tradución automática e axentes conversacionais en galego, que permitan a calquera empresa ou desenvolvedor de solucións tecnolóxicas empregar de xeito gratuíto o galego.

411. Impulsar a conservación, restauración e difusión dos bens patrimoniais no conxunto do territorio galego e, de xeito especial, aqueles relacionados co Camiño de Santiago.

412. Promover e divulgar os bens galegos xa declarados como Patrimonio Mundial e darlle un novo impulso para acadar este recoñecemento para elementos patrimoniais e naturais adicionais.

413. Poñer en valor os monumentos xacobeos máis senlleiros, como as catedrais, aproveitando o contexto dunha "década xacobea" que funciona como elemento transversal e tractor da economía.

414. Desenvolver o proxecto "Memoria dixital de Galicia", que forma parte da Estratexia da Cultura Galega e da Estratexia Galicia Dixital, e que servirá de pulo para o coñecemento, conservación, divulgación e dixitalización do patrimonio oral e inmaterial galego.

415. O deporte, entendido no amplo senso co que o Consello de Europa o inclúe entre as manifestacións culturais aos que os cidadáns teñen dereito, tense afianzado nas últimas décadas como unha actividade esencial pola súa achega ao benestar da poboación, a todos os niveis e en todas as franxas de idade. A súa incidencia na saúde pública como factor preventivo é indubidable. Adicionalmente, a actividade económica asociada ao deporte (deporte profesional e de alto nivel; deportistas afeccionados; adestradores; árbitros; profesorado de educación física; persoas autónomas e pequenas empresas especializadas en roupa e material deportivo, etc.) e en todos os seus niveis (desde o profesional ao afeccionado) fan que o sector teña un impacto no crecemento económico cada vez maior, calculándose que representa xa, no conxunto de España, o 1,44 % do PIB e o 1,5 % do emprego. En Galicia só o número de licenzas deportivas (deporte federado) ascende a 280.000; e hai rexistrados máis de 2.000 clubs e asociacións deportivas. O sector do deporte foi un dos máis afectados pola pandemia. As restricións á mobilidade; o peche de todo tipo de instalacións deportivas; e as demais limitacións derivadas das decisións sanitarias paralizaron a actividade do sector. Porén, e no caso do deporte federado, en moitas disciplinas o desenvolvemento das competicións continuou, co apoio da Secretaría Xeral para o Deporte, que aprobou protocolos e adaptou as subvencións transferidas ás federacións á nova realidade de competicións suspendidas. Todo isto, con ríxidas limitacións de acceso de público, coa conseguinte redución de ingresos por venda de entradas e os negativos efectos económicos derivados da actividade social que isto

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

comporta. Dadas as dificultades coas que, en xeral, se atopa o mundo do deporte para superar as restricións derivadas da pandemia; a importancia do seu impacto tanto na saúde pública, como na economía e as relacións sociais; e a ausencia de medidas especificamente dirixidas a propiciar a recuperación do sector, a Comisión recomenda contemplar o Deporte como un dos ámbitos que cómpre potenciar a través das medidas de recuperación da actividade.

416. En coherencia co exposto, baseándonos na consideración do deporte como unha actividade de interese xeral e xeradora de benestar social, a Comisión recomenda impulsar medidas de apoio ao sector, e en particular dirixidas a:

417. Compensar as perdas pola caída dos ingresos derivados da redución de abonados e público, achegas coas que moitos clubs e asociacións fan fronte aos gastos derivados da continuidade das competicións.

418. Axudar a adquirir material deportivo.

419. Axudar a afrontar o pago das cotas federativas.

ÁREA INSTITUCIONAL

420. A crise da pandemia puxo a proba as nosas estruturas de gobernanza multinivel. Ao longo do último ano, a urxencia e celeridade coa que houbo que adoptar decisións diante dunha crise global someteu a un exixente test as diferentes administracións, desde as comunitarias europeas ata as locais, pasando polo ámbito estatal e autonómico. Porén, mentres que as primeiras decisións fronte á pandemia a nivel europeo se tomaron á marxe das propias institucións comunitarias (peche total de fronteiras, protagonismo das autoridades estatais), axiña a Comisión Europea e o Consello Europeo reverteron a situación, impulsando decisións conxuntas moi eficaces tanto no ámbito sanitario (impulso da investigación e adquisición centralizada e suficiente de vacinas) como económico (provisión de liquidez do Banco Central Europeo, e o histórico paquete de axudas NGUE financiado en parte, por vez primeira, con débeda subscrita pola propia Unión Europea). Tales decisións fan que, por unha banda, os países membros da UE estean na vangarda mundial do proceso de inmunización a través da vacinación masiva da súa poboación; e que as perspectivas de recuperación económica sexan, no conxunto da UE, máis favorables do que a caída inicial da produción parecía augurar. A Comisión considera, adicionalmente, que a resposta dada pola Unión Europea tivo unha dimensión social e redistributiva digna de eloxio: por unha banda, garantiu unha distribución proporcional á poboación das vacinas, evitando, como ao inicio da pandemia, pugnas entre os estados membros pola adquisición do escaso material sanitario dispoñible; e, pola outra, porque os fondos se distribuíron beneficiando fundamentalmente os países en peor situación financeira e nos que a pandemia golpeou con maior intensidade. A resposta solidaria da Unión Europea incrementa a confianza no proxecto europeo e é merecedora do recoñecemento desta Comisión.

421. Desde a perspectiva institucional do Estado das Autonomías, a crise puxo en evidencia, pola contra, algunha das eivas dun sistema que ten avanzado moito na descentralización política, pero pouco na capacidade de coordinación entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas. De feito, mentres que na primeira vaga da pandemia o Goberno de España centralizou totalmente as decisións (mesmo as compras de material sanitario, nas que a experiencia da administracións autonómicas é moi

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

superior á da Administración xeral do Estado), na segunda e subseguintes vagas o Goberno central descentralizou completamente nas comunidades autónomas a capacidade de decidir, baixo o paraugas dun prolongado Estado de Alarma en todo o territorio español. E máis aló da retórica da "cogobernanza", a Comisión considera que á luz da experiencia destes meses se deberían retomar os traballos, longamente demandados desde o Parlamento de Galicia, para reforzar os instrumentos de cooperación institucional entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, nomeadamente o funcionamento da Conferencia de Presidentes, das Conferencias Sectoriais e, en particular, a do Consello de Política Fiscal e Financeira, que non foi convocado pese á aprobación de numerosos fondos de apoio ás comunidades autónomas á marxe do sistema de repartición de recursos previsto na Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas.

422. Neste contexto, a Comisión recoñece o esforzo realizado polas institucións autonómicas de Galicia. Tanto o Parlamento como a Xunta, pese a coincidir a pandemia e as súas limitacións co período de disolución da Cámara e, por tanto, cun Goberno en funcións, mantiveron, dentro do posible, o seu normal funcionamento, mesmo presencial e con maior intensidade nalgúns aspectos que noutras institucións parlamentarias en período ordinario. Así mesmo, o conxunto de institucións autonómicas, tanto as estatutarias (Consello de Contas, Consello da Cultura, Valedor do Pobo) como as constituídas en virtude da capacidade de autoorganización que o noso Estatuto recolle (Consello Económico e Social, Consello de Relacións Laborais, Consello Consultivo, Consello de Administración da CRTVG), exerceron as súas funcións con normalidade, atendendo, a maiores, as urxentes demandas derivadas da pandemia que incrementaron o traballo na maioría deles. A Comisión expresa o seu agradecemento a todos os seus titulares e traballadores, e o seu compromiso de continuar impulsando e facilitando o funcionamento ordinario destas institucións, nas que o Parlamento xoga, ademais, un papel determinante para a súa renovación e financiamento.

423. Desde a perspectiva das relacións entre a Comunidade Autónoma e a Administración local de Galicia, a pandemia tamén contribuíu a evidenciar a importancia que ten clarexar a distribución de competencias e o seu financiamento, entre ambos os niveis da Administración. Na actualidade, seguen a existir supostos en que a distribución das competencias no plano administrativo entre a Administración autonómica e os concellos non está ben definida. Tanto aquela coma estes teñen a percepción de que están a exercer algunhas competencias que poderían non corresponderlles, coa conseguinte distorsión do marco competencial e do sistema de financiamento do exercicio de tales competencias, en prexuízo do correcto funcionamento do sistema de organización territorial no seu conxunto. Esta situación viuse agravada polas consecuencias que está a producir sobre as diferentes administracións públicas a xestión da crise sanitaria e económica provocada pola pandemia da covid-19. Esta crise fai xurdir novas necesidades sociais ás que deben atender as administracións públicas, sen que en ocasións estea claro a quen corresponde a competencia, e incrementa o custo da prestación de moitos servizos públicos. Todo isto exixe tamén unha análise específica do cadro de distribución das competencias máis vinculadas á reacción fronte á pandemia. Por este motivo, e sobre todo no momento actual, a Comisión considera fundamental que a Xunta de Galicia e o municipalismo galego afonden na clarificación da distribución competencial entre administracións territoriais, identificando as posibles duplicidades funcionais e, sobre

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

todo, identificando as competencias impropias que está asumindo cada Administración, así como os custos económicos respectivos, con especial atención ao marco competencial relacionado coa xestión da pandemia provocada pola covid-19

424. Como complemento á proposta anterior, e tendo en conta que é á Administración xeral do Estado a quen lle corresponde fixar as bases do réxime xurídico local e, de ser o caso, ampliar o ámbito de intervención local aumentando o protagonismo das entidades locais en áreas tan importantes como os servizos sociais, a actividade de fomento ou a prestación de novos servizos públicos, revisando á alza o modelo competencial e, desde logo, establecendo un novo modelo de financiamento para as administracións autonómica e local, a Comisión insta a Xunta a solicitar ao Goberno de España a definición dun novo modelo de financiamento local que dea certeza dos recursos cos que pode contar esta administración e que teña en conta as particularidades dos concellos galegos, que se ven negativamente afectados polos actuais criterios de repartición. Tanto o modelo de financiamento como os distintos instrumentos ou liñas de financiamento deben respectar as competencias últimas de cada administración e deseñarse de forma coordinada coas comunidades autónomas e entidades locais.

425. No ano 2020, por mor da crise sanitaria, todas as administracións tiveron que asumir gastos extraordinarios para facer fronte ás devastadoras consecuencias da crise ocasionada pola covid-19. Neste contexto, a Xunta colaborou coas entidades locais a través de numerosas actuacións (entrega de material de protección aos 313 concellos galegos; realización de tests de detección da covid-19 aos membros das policías locais; tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra a covid-19). Adicionalmente, este ano 2021, e pese á inevitable redución do Fondo adicional do Fondo Galego de Cooperación Local como consecuencia da caída dos ingresos da Administración autonómica, a Xunta incrementou o importe das transferencias destinadas ás entidades locais, compensando sobradamente a caída do Fondo de Cooperación Local co incremento do importe do resto das transferencias ás entidades locais (15 millóns de euros respecto do ano anterior). Así mesmo, as entidades locais contarán no ano 2021 con importantes ingresos adicionais procedentes do Fondo Europeo de Recuperación e a supresión das regras fiscais permitirá o uso dos remanentes de tesouraría acumulados nos exercicios anteriores sen incumprir a regra de gasto e a estabilidade orzamentaria. Polo tanto, a Comisión apela á corresponsabilidade de todas as administracións públicas do territorio galego como elemento estratéxico para dar unha resposta global fronte á pandemia.

426. A crise da covid-19 tamén puxo de manifesto a necesidade de que a FEGAMP teña un papel máis activo e representativo á hora de participar na coordinación e na adopción de decisións coordinadas coa Administración autonómica. Por iso, a Comisión solicita á FEGAMP que asuma un papel máis activo na coordinación dos concellos de cara á xestión da pandemia, tanto no relativo á aplicación de medidas fiscais como bonificacións ou exencións de taxas e prezos públicos naqueles sectores máis prexudicados, como a través da unificación de liñas de axudas estratéxicas en todos os concellos para dar así unha resposta eficaz por parte dos gobernos locais ante as necesidades dos veciños minimizando así as diferencias que se dan entre os distintos territorios; así como na

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

futura análise da distribución de competencias e gastos das administracións locais galegas e a Xunta.

427. A necesidade de aumentar a seguridade nos espazos públicos e velar polo cumprimento das restricións e das medidas sanitarias impostas durante a pandemia obriga a aumentar os servizos policiais e o número de dispositivos de seguridade prestados polos concellos nos seus respectivos termos municipais, polo que é necesario completar e incrementar os cadros de policía local dos concellos galegos. Por iso e para poder axudar e colaborar cos concellos nesta materia, a Comisión insta a Xunta a implementar as convocatorias necesarias para a realización de probas selectivas para policías locais e auxiliares de policías locais, así como os cursos formativos correspondentes, a través da Academia Galega de Seguridade de Galicia, para permitir aos concellos interesados a cobertura áxil e rápida das súas vacantes.

428. O axeitado funcionamento das administracións públicas require que as infraestruturas utilizadas por elas sexan acordes coas necesidades que require a prestación dos servizos á cidadanía. Para isto, os edificios deben ser mantidos de forma continua e mellorados periodicamente, adaptándose á evolución tecnolóxica e aos cambios organizativos, co obxectivo de dispoñer de infraestruturas eficientes e que dean un óptimo servizo á cidadanía. Así mesmo, as administracións deben encabezar os esforzos pola mellora enerxética co dobre obxectivo de converter as infraestruturas administrativas en infraestruturas saudables e eficientes, reducindo así de forma significativa as emisións de CO_2, de acordo co previsto na Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050. Xa está case rematado o Plan de Infraestruturas Xudiciais, mais, de cara a continuar executando accións que permitan mellorar os servizos á cidadanía, nos vindeiros anos a Comisión recomenda seguir impulsando a reforma dos seus edificios administrativos, para acadar os seguintes obxectivos:

429. Adaptación das infraestruturas ás novas necesidades de espazos pola situación derivada da covid-19.

430. Mellora das condicións de seguridade sanitaria e confort de todo o persoal ao servizo da Administración autonómica e dos cidadáns que acoden a estes edificios para realizaren algún tipo de xestión

431. Mellora da accesibilidade e da funcionalidade.

432. Mellora da eficiencia da Administración en xeral, adaptando as infraestruturas á estrutura administrativa e ás necesidades da súa relación coa cidadanía.

433. Conservación, protección e defensa do patrimonio da Comunidade galega, optimizando a utilización de edificios administrativos.

434. Redución do consumo enerxético asociado á utilización destes edificios.

435. Mellora ambiental, coa redución da emisión de gases contaminantes á atmosfera, e polo tanto da pegada ecolóxica dos servizos prestados.

436. O escenario sen precedentes da crise xerada pola covid-19 supón tamén unha importante repercusión nos órganos xudiciais. Co obxectivo de afrontar o incremento da litixiosidade por causa da pandemia en determinados ámbitos xudiciais, como o laboral e

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mercantil (despedimentos, expedientes de regulación de emprego, concursos de acredores, etc.), a disposición adicional décimo novena do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á covid-19, preveu a aprobación polo Goberno do España dun Plan de actuación para axilizar a actividade xudicial dos órganos das xurisdicións social, contencioso-administrativa e xulgados mercantís, que foi aprobado o 7 de xullo de 2020. O Plan de actuación recolle o despregamento en dúas fases: unha primeira (setembro-decembro de 2020), centrada nos xulgados do social e mercantís que con anterioridade á crise xa presentaban maior carga de traballo; e unha segunda (a partir de 2021), coa previsión de estenderse a máis órganos, logo de contar con datos máis completos do impacto da crise. Aínda que a aprobación do plan corresponde ao Goberno de España, a maior parte da súa execución correspóndelle á Xunta de Galicia, como administración instrumental da Administración de Xustiza, asumindo o custo do 90 % da medida (retribución do persoal auxiliar, dotación de mobiliario e equipamento informático e mais a habilitación de espazos para os órganos reforzados, etc.). Para acometer o despregamento da seguinte fase do plan ao longo de 2021, a Comisión insta a Xunta a adoptar, no eido das competencias que lle son propias, as medidas oportunas cara á seguinte fase do plan de actuación para axilizar a actividade xudicial que se despregará ao longo do ano 2021 ao abeiro da disposición adicional décimo novena do Real decreto lei 11/2020, e unha vez que sexa facilitada a información referente aos datos actualizados de carga de traballo e ás concretas medidas aplicables correspondentes aos órganos xudiciais do noso territorio, de cara a aliviar a acumulación de litixios derivada da crise sanitaria.

437. A Comisión tamén insta a Xunta a potenciar os sistemas alternativos á vía xudicial para resolución de conflitos, nomeadamente a conciliación e mediación; o que puideran facilitar un acordo en procedementos xudiciais xa iniciados.

438. Así mesmo, a Comisión insta a Xunta de Galicia a dotar a Administración de xustiza de equipos e programas debidamente actualizados que permitan facer efectiva a tramitación electrónica dos procedementos e a celebración telemática de dilixencias xudiciais no idioma propio de Galicia. O anterior será sen prexuízo da preferencia da celebración presencial das vistas e xuízos.

439. Nesta mesma área, instar a regulación, con todas as garantías, das actuacións xudiciais por vía telemática, así como facilitar a opción do teletraballo ao persoal ao servizo da Administración de xustiza, para o que haberá de avanzar na dixitalización documental, creando un servizo común a tal fin.

440. Desde o ano 2005, as comunidades autónomas participan en determinadas formacións do Consello da UE. A participación das comunidades autónomas establécese por semestres conforme un cadro de rotacións acordado na CARUE. Se ben a participación das comunidades autónomas na delegación española se efectúa con carácter presencial, o certo é que, debido ás restricións impostas por mor da pandemia ocasionada pola covid- 19, na maioría das formacións os grupos de traballo e os consellos estanse a desenvolver de maneira virtual. Así, a asistencia ás videoconferencias, tanto de grupos de traballo como de consellos, está a ser fluída. Porén, existen outras formacións, como a de AGRIPESCA, nas que as reunións seguen a ser presenciais, cunha limitación de 4 postos por estado membro. Desafortunadamente, nestas reunións presenciais estanse a

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

conculcar os dereitos das comunidades autónomas ao dificultarse ou impedirse o lexítimo acceso directo e presencial aos debates nas reunións. Cómpre indicar que a Galicia, igual que ocorreu no semestre anterior, lle corresponde a representación das comunidades autónomas na formación de AGRIPESCA no primeiro semestre de 2021. É por iso que, dada a actual limitación a 4 postos por estado membro para asistir ás reunións presenciais do Consello UE, a Comisión insta a Xunta a demandar da Administración do Estado que, durante o tempo que dure a pandemia da covid-19, os devanditos postos se repartan entre o Estado e as comunidades autónomas, de forma que un dos postos sexa ocupado polo representante autonómico con cargo de conselleiro.

441. A Axuda á Recuperación para a Cohesión e os Territorios de Europa (REACT-EU) é unha iniciativa que prosegue e amplía as medidas de resposta á crise da covid-19 e de reparación da crise propostas nas Iniciativas de Investimento en Resposta ao Coronavirus (IIRC) e Plus (IIRC+).Con base nesta iniciativa, a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT) coordinou un Plan de Reactivación da Cooperación de Proximidade na fronteira de Galicia e Portugal, en resposta aos efectos da covid-19, cuns proxectos concretos susceptibles de ser incluídos nos Fondos de Recuperación da UE, que a Xunta incluíu na súa proposta enviada ao Goberno central. Este Plan contribuíu ao deseño da Estratexia Común para o Desenvolvemento Transfronteirizo (ECDT) entre España e Portugal, aprobada no Cumio Hispano-Luso da Garda do pasado 10 de outubro. A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal considera urxente que se implementen as diferentes actuacións e accións recollidas na Estratexia Común para o Desenvolvemento Transfronteirizo (ECDT) e no Plan de Reactivación da Cooperación de Proximidade susceptibles de financiamento europeo, en particular accións de dixitalización, fomento da actividade empresarial, emprego, cultura, educación, mobilidade, saúde, desenvolvemento territorial ou turismo. Por estes motivos, a Comisión insta a Xunta á reactivación da cooperación de proximidade na fronteira de Galicia co Norte de Portugal.

ÁREA DE IGUALDADE

442. O impacto de xénero da covid-19, ou como a crise ocasionada pola pandemia afecta de xeito diferente a mulleres e a homes, ten sido analizado por distintos organismos internacionais, nacionais e tamén autonómicos, así como por persoas expertas comparecentes. Deste xeito, a Comisión constata que a tripla dimensión desta crise, sanitaria, social e económica, ten unha repercusión diferente entre homes e mulleres, e que a resposta á crise debe incorporar o enfoque de xénero para que non se incrementen as desigualdades xa existentes. Esta incidencia asimétrica en materia de xénero xerada pola covid-19 orixínase porque as mulleres se atopan “sobrerrepresentadas” nos sectores laborais máis afectados (sanitario, limpeza, coidados, etc.), polo que a súa carga de traballo total aumentou durante a pandemia, provocando o risco de que se volva reforzar o papel de coidadora única da muller. Por iso, a Comisión considera fundamental, igual que as expertas comparecentes, acompañar os sectores feminizados e impulsar medidas a favor da corresponsabilidade, e insta a Xunta a reforzar o apoio aos programas de conciliación e corresponsabilidade a fin de rematar coa discriminación, e así facilitar a igualdade no acceso ao emprego e no desenvolvemento da carreira profesional das mulleres galegas.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

443. En concreto, e ante un escenario de incerteza como o actual, no que se descoñece o que vai pasar a curto prazo con moitos fondos públicos, a Comisión considera necesario fixar a prioridade no mantemento das liñas a favor da presenza das mulleres no mercado laboral, como o programa EMEGA, xa que comprende un conxunto de axudas dirixidas a apoiar a posta en marcha, a mellora e a reactivación de iniciativas empresariais constituídas por mulleres, xunto con medidas complementarias para favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Así mesmo, resulta imprescindible impulsar o acceso a servizos específicos de información, asesoramento e orientación empresarial co obxectivo de facilitar a implantación e consolidación dos proxectos empresariais promovidos por mulleres. A Comisión insta o Goberno galego a promover iniciativas empresariais lideradas por mulleres beneficiarias do Programa Emega e que se visen afectadas pola covid-19, cuxo obxectivo sexa a reactivación do negocio, ademais de facilitarlles formación en dixitalización e comercio *online*.

444. A Comisión constatou que a pandemia agravou a situación das mulleres que sofren violencia de xénero. Sendo certo que, de acordo cos resultados da macroenquisa presentada pola Xunta o pasado mes de novembro sobre a percepción da sociedade galega respecto da violencia de xénero (realizada en xullo de 2020 de forma telefónica a 3.874 persoas residentes en Galicia de 18 ou máis anos de idade), o 80 % das persoas consultadas considérao un problema social que compromete a todo o mundo, o que supón que Galicia está cada vez máis concienciada con esta lacra, a Comisión considera necesario reforzar as actuacións contra a violencia de xénero no marco dos resultados da mencionada macroenquisa, sendo imprescindible seguir artellando actuacións dirixidas á erradicación da violencia de xénero e a consolidar as actuacións postas xa en marcha, así como novas medidas que incidan nos eidos que se amosan como máis necesarios e que se revelan no antedito estudo.

445. Desde a declaración do primeiro estado de alarma o Goberno galego adoptou medidas para garantir a integridade das vítimas de violencia de xénero, destacando entre todas elas o Plan de reforzo da atención das vítimas da violencia machista, coa finalidade de garantir a súa seguridade durante a vixencia do estado de alarma. Este instrumento contou con 17 medidas básicas, abranguendo áreas como o reforzo da atención psicolóxica ás vítimas ou de reforzo na xestión administrativa. A Comisión considera necesario que a Xunta, tomando como referencia o Plan de reforzo da atención das vítimas da violencia machista ante a covid-19, continúe desenvolvendo as actuacións postas en marcha, e ao mesmo tempo estudar a adopción de novas medidas que garantan a atención integral das vítimas, da súa familia e das persoas achegadas.

446. O *Informe sobre o impacto de xénero da covid-19 e medidas a adoptar para paliar e corrixir as desigualdades entre mulleres e homes*, elaborado pola Consellería de Emprego e Igualdade para a Comisión de reactivación deste Parlamento, pon de manifesto que, coa irrupción da covid-19, as mulleres, nenos e nenas viron incrementados os riscos de sufrir violencia cibernética (*sexting*, *grooming*, ciber acoso, etc.), debido á maior utilización de medios virtuais como alternativa ante as restricións de movemento. Por iso, e en paralelo á tramitación que se está a realizar na Parlamento galego da reforma do artigo 3 da Lei galega 11/2007, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, para incluír esta nova modalidade de violencia de xénero na normativa vixente, a Comisión insta o Goberno galego a poñer en marcha o antes posible campañas de sensibilización,

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

especialmente dirixidas ás persoas menores de idade e ás mulleres, que alerten sobre o perigo do uso de medios virtuais a fin de evitar a violencia cibernética (*sexting*, *grooming*, ciber acoso, etc.).

447. No mesmo *Informe sobre o impacto de xénero da covid-19 e medidas a adoptar para paliar e corrixir as desigualdades entre mulleres e homes*, constátase que a crise da covid-19 está a relegar o tratamento informativo das cuestións relativas á igualdade e á violencia de xénero. Por este motivo, a Comisión insta o Goberno galego a incrementar, reforzar e mellorar, en colaboración coas asociacións de xornalistas e medios de comunicación, a cobertura mediática das cuestións relativas á igualdade e a violencia de xénero.

448. Unha adecuada atención das vítimas require que estas mulleres coñezan de primeira man os recursos cos que contan para poderen romper co círculo de violencia que as mantén unidas ao agresor, máis aínda ante situacións extraordinarias coma a que orixinou a covid-19. Por iso, a Comisión considera necesario reforzar a promoción dos mecanismos de difusión e acceso á información dos recursos dispoñibles para as vítimas de violencia de xénero e mulleres sen recursos, e insta o Goberno galego a que garanta que os ditos mecanismos de difusión e acceso á información sobre os dereitos e recursos estean dispoñibles para as vítimas de violencia de xénero, mulleres sen ingresos ou mulleres prostituídas.

449. A crise da covid-19 revelou que a sociedade en xeral, e a galega en particular, a pesar do avanzado, segue a perpetuar a diferenza de roles no desenvolvemento das tarefas do fogar, recaendo a maior parte delas nas mulleres, tal e como puxeron de manifesto organismos internacionais e nacionais como a OIT, a ONU, a OCDE, a UE ou o IMIO. A pesar de que estas diferenzas son negativas, a luz deitada sobre esta problemática a raíz da pandemia pode volverse nunha oportunidade para igualar o traballo, tanto dentro coma fóra do fogar, entre os homes e as mulleres. A Comisión considera que, aproveitando a oportunidade xerada pola crise da covid-19, se debería impulsar un repartición máis igualitaria da carga dos coidados domésticos entre mulleres e homes, coa aprobación de novas medidas que incentiven a corresponsabilidade.

450. Neste sentido, a Comisión propón á Xunta demandar novamente ao Goberno do Estado a modificación e actualización da Lei de conciliación e corresponsabilidade de 1999, onde se teña en conta a nova realidade demográfica e a racionalización horaria, e se favoreza a compatibilidade do traballo coa vida persoal e familiar.

451. Entre as medidas públicas adoptadas para favorecer a conciliación salientan os avances dirixidos cara á universalización da educación infantil. En Galicia deuse un primeiro paso cara a ela e 2021 será o primeiro ano completo eoque ningún fogar galego se verá condicionado pola súa capacidade económica para ofrecer aos seus fillos de ata 3 anos unha educación infantil de primeiro nivel, grazas a un investimento de preto de 14 millóns de euros. Pero agora é necesario contar co compromiso do Goberno central para que esta universalización sexa plena, e que os primeiros fillos poidan dispoñer dos mesmos beneficios ca os seus irmáns pequenos.

452. Así mesmo, a ampliación da rede de casas niño no rural galego contribuirá a facilitar a conciliación neste ámbito. A Comisión insta a ampliar a rede de casas niño, fixándose como obxectivo poder chegar a final deste ano con 100 casas niño en funcionamento, a partir das 78 instalacións destas características xa en funcionamento en Galicia.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

453. Simplificación da Tarxeta Benvida: Nos Orzamentos de 2021 prevese tamén a simplificación das axudas directas ás familias con nenos pequenos, que se artellan en torno á Tarxeta Benvida (cun investimento de 33,5 millóns de euros, un 5 % máis que en 2020). Dado o éxito da Tarxeta Benvida, que chegou a preto de 67.000 galegas e galegos durante os últimos 5 anos (achegando un total de 91 millóns de euros), a Comisión recomenda axilizar a prevista simplificación na tramitación destas axudas.

454. A crise da covid-19 tamén revelou que as mulleres pertencentes a colectivos como a discapacidade, LGTBI+, anciáns, etc. están a sufrir as consecuencias da pandemia dun modo máis intenso que outros grupos sociais. Por ese motivo, faise necesario ter en conta esta realidade no deseño e posta en marcha de políticas públicas. Por iso, a Comisión insta o Goberno galego a ter en conta na elaboración das medidas a aplicar a denominada "interseccionalidade", en virtude da cal algúns sectores da sociedade, como as mulleres anciás, as mulleres con diversidade funcional, as mulleres pertencentes ao colectivo LGTBI+ e as minorías étnicas, así como as mulleres refuxiadas e inmigrantes, son particularmente vulnerables ao virus e ás súas consecuencias.

455. A Comisión valora positivamente o labor de xestión e coordinación dos recursos destinados ás vítimas de violencia de xénero postos en marcha pola Xunta xa no estado de alarma, coa posta en marcha do Plan de reforzo da atención das vítimas da violencia de xénero que garanta a súa seguridade durante o estado de alarma por covid-19, coa finalidade de aliviar a situación e estar ao carón de moitas mulleres da nosa comunidade naqueles difíciles momentos. O plan incluíu desde a atención psicolóxica ao reforzo das accións levadas a cabo en coordinación coas forzas e corpos de seguridade e xulgados. De cara ao futuro, a Comisión considera necesario reforzar e continuar garantindo o funcionamento de xeito efectivo de todos os recursos asistenciais para as vítimas de violencia de xénero, en coordinación con todas as institucións competentes na materia na Comunidade Autónoma de Galicia.

456. Durante o primeiro estado de alarma, o labor dos Centros de Información ás Mulleres (CIM) volveuse imprescindible para moitas mulleres vítimas de violencia de xénero, polo que a Xunta de Galicia estableceu diversas modalidades de contacto con estes centros, como por exemplo as videoconferencias, que destacaron como un medio clave para seguir de primeira man o traballo realizado polos expertos e como plataforma de intercambio de opinións e inquedanzas entre a Administración e os profesionais destes centros e as entidades locais. A Comisión, á vista do bo resultado desta experiencia, considera necesario cara ao futuro reforzar o contacto permanente e bidireccional coas profesionais dos CIM, a fin de proporcionar unha atención de calidade ás traballadoras, que son as que directamente tratan de forma continuada e especializada coas mulleres receptoras dos seus servizos.

457. Para conseguir unha verdadeira sociedade de todos e para todos, onde a igualdade sexa real e efectiva, é fundamental que os colectivos sobre os que se toman decisións formen parte dos organismos reitores encargados da xestión delas. Por ese motivo, é fundamental garantir a presenza de mulleres en consellos directivos que adopten medidas de xestión relativas a covid-19, polo que a Comisión insta o Goberno galego a promover accións con entidades dos sectores público e privado que garantan a presenza, de xeito real e efectivo, das mulleres na toma de decisións sobre a xestión da pandemia e a resposta á crise e a súa recuperación.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

458. Tamén a Comisión propón ao Goberno galego a realización das necesarias campañas de sensibilización dirixidas ás empresas para que procedan ao cumprimento gradual das obrigas en materia de igualdade das persoas traballadoras, e deste xeito promovan, entre outras medidas, a redución da fenda salarial e o acceso en condicións de igualdade das mulleres aos postos de responsabilidade, de modo que tamén se avance na redución da fenda das pensións entre mulleres e homes.

459. Todos os estudos analizados, e en particular o *Informe sobre o impacto de xénero da covid-19 e medidas a adoptar para paliar e corrixir as desigualdade entre mulleres e homes*, conclúen que descoñecer o impacto de xénero da crise ocasionada pola covid-19 pode incrementar as súas consecuencias negativas a todos os niveis. Pola contra, ter en conta a perspectiva de xénero nas medidas de recuperación pode supor unha excelente oportunidade para promover importantes avances no eido da igualdade entre mulleres e homes, especialmente no ámbito socioeconómico e na promoción da conciliación corresponsable. Por este motivo, a Comisión considera necesario incorporar a perspectiva de xénero na actividade estatística relativa á covid-19 e a súa resposta, de xeito que se recompilen datos desagregados por sexo e idade relativos ao virus e ao seu impacto socioeconómico.

460. A Comisión, diante da problemática xurdida en relación coas consecuencias que os períodos de baixa obrigatoria (entre outros, por uso de teratoxénicos durante o embarazo) teñen na formación e no desenvolvemento da carreira investigadora das mulleres, e dado que o Parlamento tramita unha Proposición de Lei de modificación do Decreto lexislativo 2/2015, en materia de igualdade real entre homes e mulleres, insta a propia Cámara a culminar esta modificación legal para promover a igualdade real nos ámbitos universitario e da investigación; tamén en relación coas medidas de conciliación horarias destas tarefas coa maternidade, así como para efectos de baremar o tempo de inactividade para que compute de maneira equiparable ao tempo traballado nos casos de maternidade e paternidade, garda con fins de adopción ou acollemento, risco durante o embarazo e/ou lactación e incapacidade temporal asociada ao embarazo ou por razóns de violencia de xénero ou calquera tipo de acoso.

461. Seguimento urxente do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021. Tendo en conta que a nosa realidade mudou en tempos de pandemia, é posible que algunha acción teña que modificarse ou ampliarse.

462. Desenvolver campañas efectivas de concienciación e sensibilización da corresponsabilidade e a xestión comparada dos coidados, tanto no ámbito social como no empresarial.

463. A Comisión insta a Xunta de Galicia a promover e impulsar, dentro do ámbito das súas competencias, a racionalización e axuste dos horarios laborais que deseñe fórmulas que non penalicen á carreira profesional das mulleres.

C) FONDO DE CONSENSO

464. A Comisión non permanente especial para o estudo sobre a reactivación social, económica e cultural de Galicia pola crise da COVID-19 valora positivamente a inclusión nos Orzamentos de Galicia para 2021 de recursos a través dun “Fondo de Consenso” para que tanto a propia Cámara, a través da Comisión, os axentes sociais, a través do Diálogo Social, e os expertos económicos do Comité constituído pola propia Xunta para o seu

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

asesoramento na adopción de medidas pola crise, poidan achegar propostas e consensuar actuacións que colaboren á recuperación dos efectos económicos e sociais da crise, e que o faga nunha contía (115 millóns de euros) con masa crítica suficiente para que a súa concreción permita subliñar e apoiar con recursos as liñas de actuación que a propia Comisión considera relevantes a curto e medio prazo nas súas recomendacións; ao tempo que ten un impacto visible no conxunto do orzamento.

465. De acordo cos Orzamentos da Comunidade Autónoma para 2021 o financiamento deste fondo é mixto, e confórmase por 77 millóns de euros de fondos propios da Comunidade Autónoma, e 38 millóns de fondos REACT-UE. Por tanto, parte das actuacións propostas deberán encaixar nos criterios de programación do Regulamento (UE) 202/2020 polo que se aproba o REACT-UE, que en liñas xerais gardan coherencia co destino do fondo ao abeiro do sinalado na disposición transitoria terceira da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para 2021. É dicir, e en síntese: na axuda aos sectores máis impactados pola crise e recuperación inclusiva.

466. En consecuencia, e en coherencia coas liñas de actuación propostas ao longo deste ditame, a Comisión considera que o Fondo de Consenso debe complementar as asignacións orzamentarias dos programas operativos REACT e dos proxectos propostos ao abeiro do Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR), potenciando as actuacións reactivas fronte aos efectos da pandemia, por una banda; e por outra, potenciando e acelerando o crecemento económico baseado na innovación e nas transicións ecolóxica e dixital. Nomeadamente, a través das seguintes actuacións:

467. Actuacións reactivas fronte aos efectos da pandemia:

468. Apoio aos sectores que viron reducirse os seus ingresos por causa da pandemia;

469. Reforzo dos elementos que favorecen unha recuperación inclusiva, potenciando as políticas sociais.

470. Actuacións dirixidas a acelerar os factores en que se baseará o crecemento económico no futuro:

471. Apoio á innovación.

472. Reforzo da transición ecolóxica e dixital.

473. -Para isto, a Comisión propón asignar os recursos do Fondo de Consenso en catro “subfondos”, de xeito que cada unha das liñas de actuacións anteriores se encadrarían nun deles, tal e como figura no anexo:

474. Subfondo de Apoio Sectorial.

475. Subfondo de Recuperación Inclusiva.

476. Subfondo de Apoio á transición ecolóxica e dixital.

477. Subfondo de Apoio á Innovación.

478. -SUBFONDO DE APOIO SECTORIAL (42,7 M€), que recolle as liñas de actuación que complementan as axudas xa convocadas para apoiar os sectores máis impactados pola crise:

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

479. Axudas á cultura, promovendo bonos e circuítos culturais que colaboren a reactivar o sector.

480. Axudas ao turismo, para a promoción de campañas e márketing de destinos turísticos galegos, para investimentos en pemes turísticas, e o apoio aos concellos de menos de 10.000 habitantes.

481. Axudas ao deporte: para reactivar o sector no actual marco de aumento progresivo da mobilidade; e aos clubs e entidades deportivas para paliar a caída de ingresos por un ano sen público nos eventos deportivos.

482. Investimentos estratéxicos de pemes: A Comisión considera que a recente creación pola Xunta da Sociedade de Impulso vai permitir ter acceso a proxectos tractores e estratéxicos para o noso tecido produtivo. Porén, a devandita sociedade non ten carácter investidor, sendo a súa función acelerar proxectos sen achegarlles fondos. Nese contexto, a Comisión considera que sería conveniente dotar a Xunta dun instrumento con capacidade de investimento directo neses proxectos, co que se permitiría pechar desde o ámbito público o ciclo completo de ferramentas para impulsar a captación de fondos europeos para o sector privado. Para iso, a Comisión propón a asignación de 20 M€ para crear un fondo de investimento colectivo de tipo pechado, xestionado por Xesgalicia, co que se investiría en proxectos ligados a NGEU con tíckets elevados (investimentos a partir de 5M€ e ata 20M€). Valorarase a capacidade das iniciativas de dinamizar o tecido empresarial galego, composto maioritariamente por pequenas e medianas empresas, xerando deste modo un impacto nas cadeas de valor de sectores estratéxicos maior que o da propia iniciativa apoiada, provocando un efecto multiplicador no emprego de Galicia. A duración do fondo sería indefinida, podendo os fondos xerados como resultado da devolución dos investimentos ser, pola súa vez, reinvestidos no tecido empresarial. O obxectivo é que actúen de panca de investimento en forma de capital no tecido produtivo galego. Esta asignación pecharía o paquete de financiamento recomendado polo grupo de expertos, e xa recollido nos Orzamentos da Comunidade Autónoma nos dous novos fondos financeiros por importe de 60M€, coordenados por Xesgalicia, para apoiar grandes proxectos, especialmente aqueles que teñan un efecto tractor sobre pemes e autónomos.

483. Rescate de autónomos e microempresas.

484. -SUBFONDO PARA UNHA RECUPERACIÓN INCLUSIVA (31 M€): Co obxectivo de reforzar unha saída cohesionada socialmente da crise e os investimentos en política social, a Comisión propón dedicar recursos a:

485. Potenciar o programa de reforzo dos equipos de valoración da discapacidade.

486. Apoiar de forma extraordinaria as entidades no eido da inclusión social.

487. Reforzar o programa de emprendemento feminino (EMEGA) ata máis que duplicar a dotación dun ano normal.

488. Reforzar o sistema de axuda no fogar (SAF), aumentando as transferencias ás CCLL, o que minimizará a contía que achegan os concellos e facilitará o aumento do número de horas de asistencia efectivamente prestadas.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

489. -SUBFONDO DE APOIO Á INNOVACIÓN (14,8 M€): Con el, a Comisión reforza a aposta pola innovación prevista nos Orzamentos da Xunta, a través de tres actuacións:

490. Impulso á innovación no sector aeronáutico no Polo de Rozas, impulsando un laboratorio 5G e a ciberseguridade das telecomunicacións.

491. Impulso ao sector biotecnolóxico, con axudas para o apoio a proxectos de investimento baseados na I+D+i de carácter individual dirixido a pemes (micro, pequena e mediana empresa; ao abeiro do regulamento 651/2014) con domicilio social ou centro de traballo en Galicia, no marco da estratexia de consolidación do sector biotecnolóxico, financiando o desenvolvemento de:

492. A biotecnoloxía vermella: aplicable ao uso en procesos sanitarios en campos como antibióticos, desenvolvemento de fármacos, terapias rexenerativas ou xenética médica.

493. A biotecnoloxía branca: empregada en procesos industriais, con aplicacións na xeración de químicos ou inhibidores enzimáticos industriais. Tamén se aplica aos usos da biotecnoloxía na industria téxtil, na creación de novos materiais, como plásticos biodegradables ou a produción de biocombustibles.

494. A biotecnoloxía verde: aplicable a procesos agrícolas con aplicacións como a valorización de residuos ou selección de especies.

495. A biotecnoloxía azul. Utilización en ambientes mariños e acuáticos.

496. Axudas para a posta en marcha de centros de investigación en Galicia: Dirixidas a captar a actividade de I+D de empresas que actualmente non fan I+D intensiva e a inicien en Galicia; de entidades que actualmente producen en Galicia e queiran instalar os seus centros de I+D desde outras localizacións; ou de entidades que, aínda non estando en Galicia, comecen a súa actividade económica a través dun centro de I+D. O obxectivo é xerar novas oportunidades para que as empresas desenvolvan, coordinen e executen o seu I+D en Galicia. O obxectivo é xerar investimentos en I+D por valor de máis de 20 millóns de euros por cada unha das iniciativas, e financiar con fondos públicos ata o 50 % do investimento. Un indicador clave sería a xeración de emprego en I+D con, polo menos, 30 empregos directos por cada iniciativa.

497. -SUBFONDO DE APOIO Á TRANSICIÓN ECOLÓXICA E DIXITAL (26,5 M€), dirixido a adiantar e avanzar nos investimentos previstos na estratexia Next Generation Galicia, reforzando e complementando as actuacións en materia de transición ecolóxica e dixital complementarias dos fondos europeos. A Comisión propón:

498. No ámbito do tratamento dos residuos orgánicos: Complementar o investimento REACT previsto para a creación de tres plantas de biorresiduos e a transformación de 6 microplantas en plantas de transferencias convencionais, coa finalidade de acelerar o tratamento sustentable dos residuos orgánicos.

499. Apoiar a eficiencia enerxética e a rehabilitación de edificios públicos da comunidade autónoma e do Sistema Universitario de Galicia.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

500. Apoiar os concellos con recursos para a dixitalización do ciclo da auga e a mellora da eficiencia das súas redes de abastecemento.

501. Impulsar o proxecto GAIA para crear unha ferramenta dixital para o control efectivo do pastoreo.

502. Reforzar a dixitalización da mobilidade e as sendas verdes

503. -Con esta proposta a Comisión aplica os 115 M€ do Fondo de Consenso priorizando:

504. Un conxunto estruturado e ben ponderado de investimentos, con efecto multiplicador na economía e no emprego, apoiando os investimentos produtivos.

505. Un reforzo das liñas de apoio aos sectores máis afectados pola crise COVID e a súa reactivación inmediata.

506. Un reforzo da cohesión social e territorial, dedicando o 27 % a unha recuperación inclusiva, e 24 % do gasto asignado ás corporacións locais.

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ANEXO

Cadro resumo das propostas de investimento do FONDO DE CONSENSO

SUBFONDO/MEDIDAS	DESCRICIÓN	LIÑAS DE ACTUACIÓN	INVESTIMENTO M€	FINANCIAMENTO
SUBFONDO DE APOIO SECTORIAL			**42,7**	**37,1%**
	Actuacións que complementan as axudas a os sectores máis impactados pola crise	Axudas deportes e cultura	8,7	PGCA
		Axudas turismo	8,5	PGCA/REACT
		Fondo Investimentos estratéxicos de Galicia	20,0	PGCA
		Rescate autónomos e microempresas	5,5	REACT
SUBFONDO APOIO Á TRANSICION ECOLÓXICA e DIXITAL			**26,5**	**23,0%**
	Actuacións encamiñadas a adiantar e reforzar investimentos en materia de transición ecolóxica e dixital que non financian os fondos europeos	Tratamento de residuos orgánicos	6,0	PGCA
		Eficiencia enerxética e rehabilitación edificios públicos	7,0	PGCA
		Eficiencia e dixitalización ciclo da auga	12,0	PGCA
		Ferramenta dixitalización control efectivo pastoreo -proxecto GAIA	1,0	PGCA
		Reforzo dixitalización mobilidade e sendas verdes	0,5	REACT
SUBFONDO APOIOA Á INNOVACIÓN			**14,8**	**12,9%**
	Apoio oportunidades innovación e transferencia detectadas durante a crise	Impulso INNOVACION sector biotecnoloxía	3,0	REACT
		Impulso i+d sector aeronautico-polo ROZAS	1,8	REACT
		Axudas posta en marcha centros de investigación en Galicia	10,0	PGCA
SUBFONDO RECUPERACIÓN INCLUSIVA			**31,0**	**27,0%**
	Actuacións encamiñadas a garantir unha recuperación cohesionada socialmente	Programa reforzo valoracións discapacidade	2,5	REACT
		Apoio extraordinario inclusion social	12,5	REACT
		Reforzo Servicio Axuda no Fogar	12,0	PGCA
		Reforzo programa emprendemento femenino	4,0	REACT
		TOTAL	**115,0**	**100,0%**

CCLL	
27,5	24%

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2021

Corina Porro Martínez
Secretaria

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGLA9tPOqQE4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/